



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 125

Sesión plenaria
10 de maio de 2023

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 4. Proposicións non de lei

4.3 42014 (11/PNP-003558)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Plan director da Rede Natura 2000 e os espazos protexidos de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 390, do 05.10.2022

4.5 52079 (11/PNP-004316)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co recurso ante o Tribunal Constitucional sobre a Lei 38/2022, do 27 de decembro, pola que se crea o imposto temporal de solidariedade das grandes fortunas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 478, do 05.04.2023

4.6 52953 (11/PNP-004382)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e seis deputados/as máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que arranxe o firme das autoestradas A-6 e A-52 e para que estableza un plan de conservación das estradas da súa competencia en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 486, do 26.04.2023

Punto 5. Interpelacións

5.1 41335 (11/INT-002014)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e dous deputados/as máis

Sobre o desenvolvemento dun plan para favorecer o uso da lingua galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 386, do 27.09.2022

5.3 52572 (11/INT-002528)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a vivenda pública e protexida

Publicación da iniciativa, BOPG nº 483, do 19.04.2023



Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

6.1 53289 (11/POPX-000105)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as previsións de mellora da colaboración da Xunta de Galicia cos concellos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 489, do 03.05.2023

6.2 53290 (11/POPX-000106)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para impulsar unha rexeneración democrática

Publicación da iniciativa, BOPG nº 489, do 03.05.2023

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 52962 (11/POP-008159)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da situación do termalismo na cidade de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 486, do 26.04.2023

7.2 53261 (11/PUP-000332)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a conduta do presidente da Deputación de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 489, do 03.05.2023

7.3 53277 (11/PUP-000334)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre o presunto delito contra a seguridade viaria cometido polo presidente da Deputación de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 489, do 03.05.2023

7.4 52830 (11/POP-008152)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Freire Vázquez, María Begoña e seis deputados/as máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa futura lei estatal de vivenda, despois do desbloqueo da súa tramitación anunciado por ERC e Bildu

Publicación da iniciativa, BOPG nº 483, do 19.04.2023



7.5 48933 (11/POP-007541)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e dous deputados/as máis**

Sobre a licitación da construción do novo centro de saúde de Noia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 450, do 08.02.2023

7.6 50710 (11/POP-007881)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Suárez Sarmiento, María Elena e seis deputados/as máis**

Sobre as iniciativas impulsadas polo Goberno galego co obxecto de mellorar a atención primaria en Vilagarcía de Arousa e sobre a valoración que fai da implantación desas medidas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 465, do 08.03.2023

7.7 52069 (11/POP-008045)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e dous deputados/as máis**

Sobre as previsións do Goberno galego para cubrir as ausencias do persoal sanitario nos centros de saúde da comarca da Barbanza

Publicación da iniciativa, BOPG nº 478, do 05.04.2023

7.8 52583 (11/POP-008109)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e seis deputados/as máis**

Sobre os investimentos en reformas e en equipamentos efectuados por parte da Xunta de Galicia nos últimos anos, para incrementar a capacidade asistencial e diagnóstica dos centros de atención primaria de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 483, do 19.04.2023

7.9 52826 (11/POP-008140)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Castro García, Daniel e dous deputados/as máis**

Sobre a falta de persoal facultativo que afecta o Hospital da Mariña, en Burela

Publicación da iniciativa, BOPG nº 486, do 26.04.2023



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións de mellora da colaboración da Xunta de Galicia cos concellos. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 10.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 11.)

Réplica do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 13.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 15.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para impulsar unha rexeneración democrática. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 16.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 17.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 19.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 20.)

Declaración institucional

O señor presidente le unha declaración institucional, que é aprobada por asentimento, en relación co Día Mundial do Lupus. (Páx. 21.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Pablo Arangüena Fernández e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Plan director da Rede Natura 2000 e os espazos protexidos de Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 22.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Arangüena Fernández (S).* (Páx. 23.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 27.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sra. Freire Vázquez (P).* (Páx. 30.)

O señor Arangüena Fernández (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 33.)



Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Be-goña Rodríguez Rumbo e D. Gonzalo Caballero Miguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co recurso ante o Tribunal Constitucional sobre a Lei 38/2022, do 27 de decembro, pola que se crea o imposto temporal de solidariedade das grandes fortunas. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta (Candía López) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 35.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Rodríguez Rumbo (S). (Páx. 36.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 39.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 42.)

A señora Rodríguez Rumbo (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 46.)

A señora Presas Bergantiños (BNG) pide a palabra e intervén con base no artigo 76.1 para deixar constancia de determinadas inexactitudes do discurso do señor Puy Fraga (P). (Páx. 47.)

O señor Puy Fraga (P) pide a palabra con base no artigo 76.1 e intervén para deixar constancia de determinadas imprecisións do discurso da señora Presas Bergantiños (BNG). Así mesmo, entende que non se aplicou correctamente o Regulamento da Cámara. (Páx. 48.) *A señora presidenta (Prado Cores) non está de acordo con esta afirmación e considera que os dous grupos puideron manifestar as súas consideracións.* (Páx. 49.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e seis deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que arranxe o firme das autoestradas A-6 e A-52 e para que estableza un plan de conservación das estradas da súa competencia en Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta (Prado Cores) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 49.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Balseiro Orol (P). (Páx. 50.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Otero Rodríguez (S) (Páx. 52.) e Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 55.)

O señor Balseiro Orol (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 58.)

Votación das proposicións non de lei

O señor Ferro Iglesias (P) pide a palabra e intervén para comunicar que non chegaron a acordo de transacción. (Páx. 60.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Sandra Vázquez Domínguez e seis deputados/as máis, sobre o posicionamento do Parlamento de



Galicia en relación co modelo lingüístico de Galicia: *aprobada por 38 votos a favor, 32 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 60.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e dous deputados/as máis, sobre as xestións que debe realizar a Xunta de Galicia para a reversión ao sistema público da prestación do servizo de transporte sanitario terrestre: *rexeitada por 32 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 60.)

Votación do texto autoemendado e transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Pablo Arangüena Fernández e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Plan director da Rede Natura 2000 e os espazos protexidos de Galicia: *rexeitado por 32 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 61.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Rodríguez Rumbo e D. Gonzalo Caballero Miguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co recurso ante o Tribunal Constitucional sobre a Lei 38/2022, do 27 de decembro, pola que se crea o imposto temporal de solidariedade das grandes fortunas: *rexeitada por 14 votos a favor, 38 votos en contra e 18 abstencións.* (Páx. 61.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e seis deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que arranxe o firme das autoestradas A-6 e A-52 e para que estableza un plan de conservación das estradas da súa competencia en Galicia: *aprobado por 70 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 61.)

Interpelación de D^a Mercedes Queixas Zas e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o desenvolvemento dun plan para favorecer o uso da lingua galega. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Queixas Zas (BNG).* (Páx. 62.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González).* (Páx. 65.)

Réplica da autora: *Sra. Queixas Zas (BNG).* (Páx. 69.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González).* (Páx. 71.)

Alteración da orde do día

O señor presidente anuncia a decisión de acumular as preguntas ao Goberno que figuran na orde do día como puntos 6.1 e 6.2 para a súa formulación conxunta. (Páx. 74.)



Pregunta de D^a Noa Presas Bergantiños, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a postura da Xunta de Galicia ante a conduta do presidente da Deputación de Ourense. (Punto sexto da orde do día.)

Pregunta de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o presunto delito contra a seguridade viaria cometido polo presidente da Deputación de Ourense. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención das autoras: *Sr. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 74.) e Sra. Rodríguez Dacosta (S) (Páx. 75.)*

Contestación da Xunta: vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (*Calvo Pouso*). (Páx. 76.)

Réplica das autoras: *Sr. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 77.) e Sra. Rodríguez Dacosta (S) (Páx. 78.)*.

Réplica da Xunta: vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (*Calvo Pouso*). (Páx. 79.)

Suspéndese a sesión á unha e cincuenta e oito minutos da tarde e retómase ás catro.

Interpelación de D^a Alexandra Fernández Gómez e D. Xosé Luís Bará Torres, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a vivenda pública e protexida. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Fernández Gómez (BNG). (Páx. 81.)*

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto). (Páx. 84.)*

Réplica da autora: *Sra. Fernández Gómez (BNG). (Páx. 87.)*

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto). (Páx. 89.)*

Pregunta de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego da situación do termalismo na cidade de Ourense. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez Dacosta (S). (Páx. 92.)*

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación (Conde López). (Páx. 93.)*

Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Dacosta (S). (Páx. 94.)*

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación (Conde López). (Páx. 94.)*

Pregunta de D^a María Begoña Freire Vázquez e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego en relación coa futura Lei estatal de vivenda, despois do desbloqueo da súa tramitación anunciado por ERC e Bildu. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Freire Vázquez (P). (Páx. 96.)*

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto). (Páx. 97.)*

Réplica da autora: *Sra. Freire Vázquez (P). (Páx. 98.)*

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto). (Páx. 99.)*



Pregunta de D^a Noa Susana Díaz Varela e dous deputados/as máis, do G. P. dos socialista de Galicia, sobre a licitación da construción do novo centro de saúde de Noia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Díaz Varela (S)*. (Páx. 100.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 101.)

Réplica da autora: *Sra. Díaz Varela (S)*. (Páx. 102.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 103.)

Pregunta de D^a María Elena Suárez Sarmiento e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as iniciativas impulsadas polo Goberno galego co obxecto de mellorar a atención primaria en Vilagarcía de Arousa e sobre a valoración que fai da implantación desas medidas. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Suárez Sarmiento (P)*. (Páx. 104.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 105.)

Réplica da autora: *Sra. Suárez Sarmiento (P)*. (Páx. 106.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 107.)

Pregunta D^a Rosana Pérez Fernández e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego para cubrir as ausencias do persoal sanitario nos centros de saúde da comarca da Barbanza. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pérez Fernández (BNG)*. (Páx. 108.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 109.)

Réplica da autora: *Sra. Pérez Fernández (BNG)*. (Páx. 110.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 111.)

Pregunta de D^a María Encarnación Amigo Díaz e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os investimentos en reformas e en equipamentos efectuados por parte da Xunta de Galicia nos últimos anos para incrementar a capacidade asistencial e diagnóstica dos centros de atención primaria de Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Amigo Díaz (P)*. (Páx. 112.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 113.)

Réplica da autora: *Sra. Amigo Díaz (P)*. (Páx. 114.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 114.)

Pregunta de D. Daniel Castro García e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a falta de persoal facultativo que afecta o Hospital da Mariña, en Burela. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Castro García (BNG)*. (Páx. 116.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 117.)

Réplica do autor: *Sr. Castro García (BNG)*. (Páx. 118.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 119.)

Remata a sesión ás seis e dous minutos da tarde



Retómase a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Reiniciamos a sesión co punto sexto da orde do día, preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia.

Comezamos coa pregunta de don Luis Manuel Álvarez Martínez, portavoz do Grupo Parlamentario Socialista.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións de mellora da colaboración da Xunta de Galicia cos concellos

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señor Álvarez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Señor Rueda, hoxe imos preguntarlle sobre a relación da Xunta de Galicia, do Partido Popular, coa Administración local, Administración local que, como todos sabemos, non só son os concellos senón tamén as deputacións provinciais. O modelo do Partido Popular, que é un xeito de entender a política local, que se resume en todo polo poder sen importar nada unha mínima exemplaridade pública.

E o exemplo paradigmático desta situación dáse desgraciadamente, para vergoña de Galicia, na provincia de Ourense, por un lado cun alcalde que vostedes mesmos dicían que sería letal para Ourense e que a realidade amosa que así o é; e, por outro lado, un presidente da Deputación de Ourense que é un auténtico *sprinter* motorizado, pendente a día de hoxe dun xuízo penal. Poderíamos resumir a situación de Ourense co título do filme «Dous homes e un destino», amparados antes polo señor Núñez Feijóo e agora por vostede, señor Rueda. Tome medidas xa, (*Aplausos.*) tome medidas xa, non vaia ser que se converta vostede no «terceiro home». (*Aplausos.*)

Señor Rueda, onte o noso grupo parlamentario defendeu unha moción na que se instaba a Xunta de Galicia a regularizar a participación dos concellos nos ingresos da Comunidade Autónoma, moción á que vostedes votaron «non», como fixeron sempre. E hoxe temos que volver traer esta cuestión debido á insuficiente e deficitaria colaboración da Xunta de Galicia cos concellos.

Señor Rueda, o ano pasado o déficit de financiamento dos concellos de Galicia foi de máis de 620 millóns de euros, un déficit que se podería ter abordado dunha forma moi sinxela. ¿Como? Cumprindo simplemente o Pacto local; un Pacto local, impulsado no ano 2006 polo daquela presidente Emilio Pérez Touriño, que supuxo a posta en marcha dese Pacto local, porque o Partido Socialista de Galicia pensaba, pensa e pensará nos concellos, sempre.



Sabe que lle pedimos en reiteradas ocasións actualizar e cumprir ese Pacto local, no cal se recollían solucións á problemática do crecente déficit de financiamento e de competencias dos concellos galegos, e onte, por última ocasión, votaron que «non» a cumprilo. E eses problemas de financiamento non se reverteron, ao contrario; hoxe os concellos galegos asumen máis competencias, teñen que ofertar novos servizos polo abandono da Xunta de Galicia, afrontar gastos extraordinarios como consecuencia da inflación e do incremento de custos asociado, e, por suposto, por non falar dos que tiveron que afrontar durante a pandemia. E, mentres tanto, ¿que fai a Xunta de Galicia? Pois presenta estudos, dota de máis competencias os concellos sen ir acompañadas dun orzamento que se adecúe á realidade.

Manteñen vostedes en 113 millóns de euros —en realidade, 112.900.000— para repartir aos concellos desde hai doce anos. Non aplican o Pacto local nin o actualizan, nin tan sequera cumpren o que xa hai acordado. E non queren, unha vez máis —digo—, legislar a participación dos ingresos da Comunidade Autónoma.

E esa colaboración cos concellos, da que tanto lle gusta presumir, como, por exemplo, encher a boca falando da gratuidade das escolas de educación infantil, sen recoñecer o custo que asumen os concellos nesa prestación de servizos; é dicir, eles pagan e vostedes venden a moto. (*Aplausos.*) E ese é o *modus operandi* do Partido Popular: levar os méritos doutras administracións.

E cos concellos fan o mesmo, señor Rueda: vota en contra dun financiamento adecuado. ¿Onde están neses concellos as melloras do Goberno da Xunta de Galicia en sanidade, en educación, en política social e en infraestruturas que merece a veciñanza? Señor Rueda, vostede non cumpre, porque di «non» á participación dos concellos nos ingresos da Comunidade, «non» a asumir as súas competencias, «non» a respectar o Pacto local, «non» aos servizos para a cidadanía galega. E agora van ter vostedes —imos dicir dunha forma cordial e respectuosa— o atrevemento de pediralles aos veciños que os voten nas eleccións locais do próximo 28 de maio porque son a mellor opción.

Señor Rueda, hoxe aquí en Galicia...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...para Galicia, dígalles que melloras cabe esperar das súas políticas para os concellos.

(*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.



Señor Álvarez, veña vostede a calquera acto electoral, agora que empeza a campaña, e verá as melloras que lles ofrecemos aos veciños para que teñan —como vostede di— o atrevemento de votar o Partido Popular e que sexamos o partido que máis gobernos municipais ten en Galicia. Polo tanto, non fai falta máis que que vostede veña a un acto electoral, que lles conviría tamén probablemente vir e aprender algo.

Mire, respecto de Ourense, vostedes —rapidamente— tiveron a oportunidade a principios da lexislatura de aceptar a proposta que lles facía o Partido Popular; eran a lista máis votada, estarían gobernando Ourense. Non quixeron. Tiveron agora oportunidade, unha moción de censura ofrecida polo Partido Popular, non quixeron tampouco. Polo tanto, non nos veña contar historias do que queren e non queren vostedes en Ourense, señor Álvarez. *(Aplausos.)*

En todo caso, mire, hoxe veu vostede —porque é o último pleno antes das eleccións municipais— falar —¿acórdase?— dos concellos e da relación da Xunta cos concellos, para crítica-la, por suposto, como fai sempre. Pero non hai problema. Hai dúas semanas, na última pregunta de control, tamén me preguntou sobre a política de vivenda da Xunta, criticouna e á semana seguinte estábaa copiando —¡oh, casualidade!— o señor Sánchez. *(Murmurios.)* Polo tanto, gustaríame que pasara exactamente o mesmo aquí, a ver se copia o Goberno central a relación que hai que ter coas outras administracións e a ver se así mellora a relación do Goberno central con Galicia. *(Aplausos.)*

Tanto mellor, eu celebro que copien, señor Álvarez, ¡canto mellor lle iría a Galicia e canto mellor lle iría a España se o Goberno central se parecera un pouquiño máis ao Goberno da Xunta de Galicia, tamén na relación cos concellos! Xa digo: está ben, vostede sempre ten que ter un motivo para acordarse dos temas importantes; xa digo: último pleno antes das municipais e vostede acórdase de que hai concellos e de que hai que relacionarse con eles. Pero non é unha cuestión dunha única semana, esta é unha cuestión de toda unha lexislatura e de moitas lexislaturas.

Mire, imos falar de cifras. Vostede di en que mellorou na relación e en que mellorou na vida dos veciños a actitude da Xunta respecto aos seus concellos. Pois mire, nada máis e nada menos, 5.307 millóns destinados á colaboración directa cos concellos nos últimos anos, 1.944 en transferencias directas do Fondo de Cooperación Local, que, señor Álvarez —infórmese ben—, está blindados xa por lei; hai unha lei que di que ten que haber uns criterios obxectivos de repartición, xa hai tempo; debería sabelo. Supoño que non o sabe ou, se o sabe e aínda así fai a pregunta, pois non entendo moi ben. É todo terxiversar. Iso si que é Pacto local ben cumprido. E aumentalo e blindalo na súa contía fixa e mínima dende o ano 2010, por certo, xa gobernando o Partido Popular. Vostedes, que tanto falaron do Pacto local, non foron capaces de facelo nos catro anos. 564 millóns de euros este ano, un 15 por cento máis; 145 no Fondo de Cooperación Local, un 19 por cento máis.

¿Quere máis? Seguimos. Asignacións directas en política social, 2023, orzamento histórico en política social e tamén orzamento histórico en transferencias sociais aos concellos. 35 millóns para 3.400 novas prazas en escolas infantís municipais, 8 millóns para contribuír a que os concellos nas súas garderías municipais poidan diminuír o prezo e se queren facelas



gratis pois deberían, igual que o fai a Xunta de Galicia; non sei se sabe que hai esa axuda suplementaria, a maiores das que había xa, de 8 millóns de euros.

¿Quere máis? 12 millóns de euros para crear e manter unidades municipais de atención temperá; 19 millóns de euros para construír e reformar centros municipais de atención ás persoas maiores; 113 millóns de euros para asumir a meirande parte do servizo de axuda no fogar, 10 por cento de aumento este ano —por certo, competencia municipal—.

¿Máis competencias municipais? Os servizos de emerxencias. Vostedes na Lei do ano 2007 dixeron que era cousa dos concellos e das deputacións. ¿Sabe que pasa? Que se a Xunta non chega a poñer 40 millóns de euros nestes últimos anos, todo o equipamento de emerxencias municipal non se tería renovado. *(Aplausos.)*

Transporte urbano —remato xa, señor presidente—... *(Aplausos.)* Transporte urbano nas cidades galegas, competencia —indiscutible— exclusivamente municipal. Mire, se a Xunta de Galicia non estivera atendendo o transporte urbano das cidades de Pontevedra e Ferrol, os seus veciños, gobernados non polo Partido Popular, non terían ese servizo.

Hai moitísimos máis exemplos, señor Álvarez. Claro que hai que delimitar competencias, claro que hai que facer axustes, claro que estaría moi ben que vostedes, despois de acordar que había que facer un estudo conxunto, o boicotearon, a parte socialista da Fegamp. Menos mal que agora viñeron —e espero que non entorpezan dende o Partido Socialista— a darse conta de que hai que dialogar. Se seguimos así, chegaremos a acordos; se seguimos así, poderemos seguir facendo máis transferencias e máis aportes.

Hai que falar en serio de municipalismo, señor Álvarez, con datos, con menos declaracións ocas, e así si que seguiremos avanzando, agora e cando non hai eleccións municipais.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor Álvarez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Señor Rueda, desculpe se non o enfoco ben, pero despois de iluminarme coa súa resposta teño as pupilas dilatadas e, *(Risos.)* polo tanto, non acabo de ver como é debido. *(Aplausos.)*

Mire, xa vexo que no tema de Ourense a estratexia é silencio radiofónico, a diferenza da rolda de prensa que parece ser que está prevista hoxe en Ourense. Calar e agocharse ata que pasen os momentos críticos, é dicir, estratexia de control de danos. Pero vostede, señor Rueda, co seu silencio, é cómplice da situación de Ourense, cidade e provincia. Ampara e mantén persoas que nos avergoñan a todos, en primeiro lugar a cidadanía en xeral, que



asiste a un auténtico esperpento, e, en segundo lugar, os que nos dedicamos a responsabilidades públicas. ¡Alá vostede!

Mire, dime que, con respecto á pregunta de vivenda da anterior sesión de control e a de hoxe de Pacto local, é electoralista e que nos acordamos destes problemas. Non teño o reconto aquí. Pode vostede, a través do seu extenso gabinete, controlar o número de veces que este grupo parlamentario trouxo a este pleno ou á comisión iniciativas relacionadas co financiamento dos concellos. Non me veña vostede dicindo que é a primeira vez que nós nos preocupamos disto, porque iso é un problema de falla de información pola súa parte. O mesmo lle digo co tema de vivenda.

Pero o certo é que o Partido Popular non escoita as necesidades dos concellos, tamén dos do Partido Popular. E os concellos investiron no último ano 279 millóns de euros en servizos sociais, 115 millóns de euros en educación, 93 millóns de euros en fomento de emprego, e non deixan de manifestar que precisan máis recursos. ¿E que fai mentres tanto o Partido Popular? Pois nin escoita nin atende. Nada novo.

Señor Rueda, dígalles iso ás persoas que viven neses concellos, cóntelles que asisten a centros de saúde en mal estado porque a Xunta de Galicia se nega a financiar adecuadamente, ou a escolas de educación infantil. Cóntelles —por exemplo, en materia de infraestruturas— que, logo de ter unha previsión de recadación de 57 millóns de euros no ano 2023, hai decenas de concellos de Galicia que, pese a ter unha previsión de que eses fondos se destinan a infraestruturas hidráulicas, reciben exactamente cero euros da Xunta de Galicia, porque non son do Partido Popular. *(Aplausos.)*

E non me fale, señor presidente, de electoralismo con este tipo de iniciativas e de preguntas. Desde o ano 2006 non se reformou a relación cos concellos desta comunidade autónoma. Xa llo dixen antes: manteñen conxeladas as cifras desde o ano 2012. Iso si, o 80 por cento do apoio que lles dá a Xunta de Galicia aos concellos a través dese famoso Fondo de Cooperación Adicional é a Xunta de Galicia a que determina cando, onde e en que se gastan eses fondos. Quédanos claro, señor Rueda, que o Partido Popular non trata todos os concellos por igual. Ten vostede pouca querenza pola equidade e pola transparencia na xestión de fondos con respecto aos concellos.

E, evidentemente, agora ten vostede unha oportunidade de ouro para dicir como vai modificar e respostarme á pregunta que lle fixen con moi pouco éxito e acerto...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...na miña primeira intervención.

Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.



Peche da pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Álvarez, vostede tivo que dedicar a metade da súa resposta a defenderse para xustificar que non fai electoralismo nin oportunismo coas súas preguntas; por algo será, será porque o fai.

Mire, é que non me pregunta..., a actividade parlamentaria é unha cousa, as preguntas que me fai vostede —que é do que lle estou falando— a min vostede non me pregunta de vivenda ata que o señor Sánchez se acorda da vivenda, cinco anos despois de estar gobernando. (*Murmurios.*) Vostede non me pregunta pola relación directa cos concellos ata que faltan dúas semanas para as eleccións municipais. Esta é unha realidade.

E dígolle unha cousa (*Murmurios.*): se me pregunta, pregúnteme ben. ¿Como pode dicir que o Fondo de Cooperación Local non aumentou se aumentou un 19 por cento este ano? Pero se hai un Fondo Adicional que se pacta coa Fegamp na Comisión Galega de Cooperación Local, onde se determinou que tiña que ir a eficiencia enerxética, a abastecemento, a maquinaria, a emerxencia. ¿Que pasa? ¿Non está de acordo con iso? ¿Cre vostede que ten unhas ideas diferentes e mellores que as dos propios alcaldes socialistas que pactan con nós? Se é así, deberían aclararse entre vostedes, debería aclararse bastante o Partido Socialista.

Mire, é que eu non sei ou xa non sei con que Partido Socialista estou falando a veces. Non sei se é o que critica a política de vivenda da Xunta e despois a copia; non sei se é o que nos di por un lado que hai que apoiar a Lei de ordenación do litoral e, por outro lado, di que é unha declaración de independencia e hai que impugnala; non sei se é o Partido Socialista que se acorda de repente —sinto insistir, porque é a verdade— de moitas cousas antes das eleccións ou é o Partido Socialista que se vai esquecer de todo iso outra vez ata que chegan as seguintes eleccións; non sei con que Partido Socialista estou falando. Debería sabelo, de verdade, sería moi recomendable.

E tamén deberían sabelo incluso os seus alcaldes socialistas, señor Álvarez. E algúns poden pensar que o problema é que vostedes non se sabe se teñen un líder, dous, tres, non teñen ningún. (*Murmurios.*) Non, non, o problema é que non teñen criterio, probablemente derivado diso. O único criterio que teñen é o criterio que lles marca a Moncloa, que lles marca tamén as preguntas que me fai vostede. (*Aplausos.*) Iso é así.

Mire, eu non renuncio a que no diálogo que temos nas preguntas de control saia algo positivo; creo que é así, a pesar do seu oportunismo. Polo tanto, falando da relación cos concellos e a piques de que empece a campaña electoral, creo que hai cousas nas que, se vostedes se aclarasen entre vostedes mesmos para empezar, poderíamos avanzar. Dígolle tres.

A ver se pode, xa que ten esa relación tan fluída con Moncloa, polo menos o que eles fan para vostede reflectilo, a ver se é ao revés e dilles que hai que empezar a falar dunha vez de financiamento local. Claro, como non abren nunca o melón do financiamento autonómico,



pois o financiamento local sempre ten que esperar. Pero necesitamos que se cambien os criterios: dispersión, envellecemento, custo do servizo. ¿Por que non manda o recado de que hai que empezar a falar diso? ¿Por que non manda recado de que ese famoso estatuto básico dos municipios de menor poboación, que anunciaron a bombo e platillo, segue conxelado non se sabe onde, non sabemos nada? O 64 por cento dos concellos galegos beneficiaríanse, menos de 5.000 habitantes, non sabemos absolutamente nada. Mande un recordatorio. Iso si que é relación útil entre as administracións máis grandes e os concellos.

Lei do litoral —perdoe que lle insista—. Vostedes non poden, por un lado, un día anunciar nun titular que apoian para inmediatamente recuar e dicir que non apoian para quedar ben cos da Moncloa e dicir que apoian para quedar ben, non coa Xunta de Galicia, senón cos seus concellos socialistas do litoral, que están dicindo que é unha boa lei e que ten que ser aprobada. E, ao final, ¿sabe que lle digo, señor Álvarez? Non quedan ben nin con uns nin con outros; iso si, retrátanse de que é un partido sen criterio, probablemente porque non ten líder, señor Álvarez. Isto é o que pasa. *(Aplausos.)*

E mire, dígolle unha terceira proposta —e remato xa—. A autoestrada do Atlántico vertebra Galicia, pasa por moitísimos concellos de todas as cores políticas. Tense que debater agora o que se acordou, por certo, por unanimidade aquí neste parlamento, que queremos unha transferencia con todas as da lei, titularidade con financiamento, se é ou non é. Levan vostedes, o seu grupo do Congreso dos Deputados, boicoteando esta transferencia sistemáticamente. Xa non queren a titularidade, xa é simplemente a xestión; de financiamento non hai nin que falar. Atrévanse vostedes a mandar o recado e dicir que non é outra cousa que dicir que aquí acordamos por unanimidade algo. Manden ese recado e faranlle un gran favor tamén aos seus concellos.

Mire, todas estas propostas que lle fago necesitan unha aclaración —non a min, que xa sei que non ma vai dar—, primeiro con vostede mesmo, con vostedes mesmos, e despois cos seus alcaldes, e despois con todos os galegos.

Se son capaces de aclararse, falaremos en serio de municipalismo; se non, señor Álvarez, cando haxa eleccións ou cando non as haxa, con vostedes é francamente difícil.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para impulsar unha rexeneración democrática

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, presidente.

Señorías.



Señor Rueda, cinco anos, 259 «venres negros» levan os traballadores e traballadoras da CRTVG manifestándose para defender uns medios públicos libres do control do Partido Popular. Señor Rueda, usar a TVG, pola que pagamos todos e todas 113 millóns de euros, como se fose o seu gabinete particular non é democrático, é unha vergoña. *(Aplausos.)*

O Goberno ten a obriga legal e estatutaria de responder ante este parlamento. Non obstante, temos 221 solicitudes de documentación sen contestar, por exemplo os contratos coa empresa Eulen, esa na que está traballando a irmá do señor Feijóo. Señor Rueda, boicotear a función de control da oposición non é democrático, é unha vergoña. *(Aplausos.)*

Todos os concellos deben ser tratados por igual, pero fíxense: dos 58 convenios asinados co Plan Hurbe, ¡casualidade!, 57 son municipios gobernados polo Partido Popular. Señor Rueda, utilizar os recursos públicos de maneira clientelar non é democrático, é unha vergoña. *(Aplausos.)*

Vir a este parlamento, á sesión de control, e non responder nunca ao que se lle pregunta non é democrático, é unha vergoña. *(Aplausos.)*

E, señor Rueda, desculpar que Baltar sexa cachado un domingo en coche oficial a 215 quilómetros por hora, convertido nun perigo para a seguridade das persoas, tampouco é democrático, é unha vergoña. *(Aplausos.)*

Permitir *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* que o tándem Jácome-Baltar arrastre pola lama a imaxe de Ourense e de Galiza non é democrático, é unha vergoña. *(Aplausos.)*

E teño que dicirlle que o esperpento que estamos vivindo en Ourense é literalmente unha dexeneración da democracia, unha dexeneración que ten un responsable moi claro, o Partido Popular. Galiza non pode ter un presidente sen autoridade, que xustifica feitos delituosos como os de Baltar, porque, cando cala, vostede convértese en cómplice dun comportamento que é inadmisibile nun cargo público. E iso non é democrático, señor Rueda, é unha vergoña. *(Aplausos.)* Unha vergoña que desacredita e dana a imaxe de Galiza, imponéndonos, ademais, unha democracia de baixa calidade, caciquismo 2.0.

Por iso o que lle pregunto, señor Rueda, é se vai seguir calado, demostrándonos que é un presidente sen autoridade, ou vai tomar algunha medida pola rexeneración democrática, empezando por pedir a dimisión de Baltar.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, a min non me vai facer falta ler ningún papel para dicirlle o que é unha vergoña.



Mire, é unha vergoña, como a vostede lle digo sempre —supoño que non pode facer outra cousa para intentar argumentar as súas preguntas—, como manexa vostede os datos.

Fala de solicitudes de información. Mire, vostedes presentaron o triplo, nesta lexislatura, 618 solicitudes, que son xa —e aínda non rematou— o triplo das que presentaron na anterior lexislatura, e está no seu dereito. Pero mire, ¿sabe que, con moitísimas máis solicitudes de información que respostar, estamos no 72,5 por cento, e vostedes, no Bipartito, con moitas menos que respostar, non chegaban ao 63 por cento? Iso si que é unha vergoña, señora Pontón. (*Aplausos.*)

¿Quere outra vergoña? Mire, o 87,4 por cento. Vostede falou de convenios municipais, dos fondos que vostedes asinaron aos concellos na época bipartita; o 87,4 por cento foron, ¡oh, casualidade!, para gobernos municipais da coalición PSOE-BNG, normalmente; é dicir, 8,7 euros de cada 10. Case o 90 por cento dos fondos que vostedes asignaron en convenios aos concellos na época bipartita foi para apenas o 40 por cento dos concellos que gobernaban. O outro 90 por cento que non tiñan tiña a fortuna para —digo— ter convenios a dedo e ser gobernados polo BNG ou polo Partido Socialista tivéronse que conformar co 10 por cento restante. Esa é outra vergoña, señora Pontón. (*Aplausos.*)

Polo tanto, ¿de que me está falando? E podíamos seguir. Se quere, seguimos con exemplos despois. Hainos así.

Pero mire, vostede aquí non vén facer ningunha pregunta, non quere saber a miña opinión, nin a do meu Goberno, nin a do meu partido, sobre as cuestións que plantexa. Vostede vén con esa superioridade moral, que, sinceramente —dígollo con toda honestidade— cada vez me custa máis saber de onde a saca, a facer o que fai sempre: os seus prexuízos, os seus xuízos paralelos, ditar as súas sentenzas. Eu preguntome, señora Pontón: ¿para que precisamos leis se xa están as fontes do dereito do nacionalismo galego? ¿Ou para que precisamos Xustiza se xa temos os tribunais do BNG? ¿Ou para que precisamos xuízos se xa poñen vostedes sentenzas aquí no Parlamento, nas redes sociais, nos seus actos electorais? En definitiva, señora Pontón, ¿para que precisamos xuíces se xa a temos a vostede ditando sentenzas todos os días? Iso si que é unha auténtica vergonza, señora Pontón. (*Aplausos.*)

Vostedes —isto é o de sempre— sempre son implacables cos seus rivais, cos seus adversarios, e sempre tan condescendentes e tan comprensivos e tan mansos cando se trata de axuizar actitudes dos seus amigos ou de vostedes mesmos.

Mire, imos poñer exemplos. Hai moitos, ¡eh!, pero falando de vergoñas, esa palabra que a vostede lle gustou tanto utilizar na súa primeira intervención, mire, eu sentínme avergoñado —e seguro que toda esta cámara, e espero que algúns dos que están na bancada de enfronte—, cando, sen ir máis lonxe, en Madrid, o seu representante, non foi capaz de aplaudir —falamos de rexeneración democrática— a un representante democrático que viña pedir axuda a outra democracia; non foron capaces de aplaudilo. Non foron capaces de consensuar aquí neste parlamento unha declaración institucional para condenar esa agresión a un país democrático. E non foron capaces —diso si, si que foron capaces— de facer un comunicado,



pero non contra ese país invasor, senón contra a organización que nos protexe a todos e protexe as nosas democracias.

Vostede pon esa cara de dicir ¿que me está dicindo? Pois mire, mentres poña esa cara, estame demostrando que non é capaz de recoñecer a rexeneración democrática aínda que a teña a dez centímetros desa cara que está poñendo, señora Pontón. *(Aplausos.)*

E, polo tanto, señora Pontón, mentres entendan así a rexeneración democrática, mentres se crean xuíces e fontes do dereito e sentenciadores para todo, leccións a este parlamento, dende logo a este grupo, ao meu goberno e a min como presidente, nin a primeira.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Rueda, coa que está caendo en Ourense e vén vostede aquí criticar a portavoz nacional do BNG, poñer o ventilador con non sei que cousas, porque, efectivamente, é o que fan cando están acurralados: vén aquí despotricar contra o BNG, vén aquí despotricar contra o Bipartito.

Pero iamos ao asunto: ¿da rexeneración democrática en Ourense, que? ¿De Baltar, que, señor Rueda?, ¿de Baltar, que? *(Aplausos.)*

Véxoo moi bravo co BNG, pero moi manso con Baltar. *(Aplausos.)* Parece que lle temblan as pernas, señor Rueda. Si, é que tanto lle temblan as pernas que, cando o seu presidente do Partido Popular en Ourense ten que ir a un xulgado por cometer un delito contra a seguridade viaria, vostede mira para outro lado e mesmo o xustifica. Porque estamos falando duns feitos moi graves: un señor que un domingo colle o coche oficial da Deputación —non sabemos para que— e vai a 215 quilómetros por hora, utilizando e pagado todo iso con fondos públicos, e o señor Rueda calado e xustificando. *(Aplausos.)* ¿Por que, señor Rueda?

E Ourense, efectivamente, é un lugar onde é fundamental falar de rexeneración democrática, empezando polo que pasa na cidade. Porque mire, ¿teño que recordarlle por que é alcalde o señor Jácome? Non porque o votaran os veciños e as veciñas, porque vostedes o votaron para ser alcalde. *(Aplausos.)* Teño que recordarlle, si, si, que quen gobernou co señor Jácome foi o Partido Popular. E teño que recordarlle que quen impediu que se firmara unha moción de censura foi o Partido Popular, simplemente para manter a poltrona de Baltar. Iso é o que está pasando. *(Aplausos.)*

Señor Rueda, se vostede non é capaz de dirixir o Partido Popular nin de poñer orde, é evidente que non está capacitado para dirixir Galiza. Este país necesita deixar atrás a baixa calidade democrática que vostedes nos impoñen e tamén as súas prácticas caciquís. E eu e a miña organización política, o BNG, temos un compromiso moi claro coa rexeneración democrática. Imos poñer en marcha unha Galiza cunha calidade democrática de primeira e



deixar atrás as súas prácticas caciquís, porque os galegos e galegas merecen unha democracia de primeira, e ese é o compromiso do BNG, señor Rueda, por moito que se esconda.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Peche da pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Señora Pontón, non se enfade tanto cando se din as verdades, de verdade. Mire, xa se lle olvidou a Televisión de Galicia, xa se lle olvidaron os convenios cos concellos, *(Murmurios.)* xa se lle olvidaron as iniciativas no Parlamento. Vostede vén ao que lle dixen dende o principio aquí: sentenciar, ser xuíza e parte e fonte do dereito, o que lle gusta ser ao BNG e ao nacionalismo. E dime: coa que está caendo en Ourense, ¿vostede vén falar-me de Rusia? Pero ¿vostede dáse conta das cousas que di?, ¿vostede dáse conta? *(Murmurios.)* De verdade, é que é para abrairse. Di: non me fale vostede, ¿de que me está falando? Mire, vólvollo dicir: foi unha absoluta vergonza.

Eu dixen que me parecía unha conduta inaxeitada a do señor Baltar. Vostede non será capaz de dicir nunca, para non molestar os que mandan de verdade no BNG, que son os xenerais da UPG, o mesmo sobre esa situación. *(Aplausos.)* É así, é así, é así. Esta é a auténtica verdade. E isto, señora Pontón, por moito que lle doa, é o que había, é o que hai e é o que haberá no BNG. E así lles vai.

Mire, aquí hai un problema de raíz e non nos imos poñer nunca de acordo. É que a min me parece que a Xustiza ten que ser igual para todo o mundo, gústenos ou non nos guste, e hai que acatar as sentenzas xudiciais e o que digan os xuíces. Vostedes non: cando non lles gusta o que di un xuíz, táchano de facha, descualifícanos, apoian o Partido Socialista para que cambie as normas... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): ...á súa conveniencia e que iso non volva pasar. Esa é unha verdade como unha casa, señora Pontón, e vostede sábeo de sobra. *(Murmurios.)*

Mire, vostede fala de vergonza e resulta que está apoiando que se indulte os delinquentes condenados, condenados por xuíces, non por vostedes, señora Pontón, condenados pola Xustiza; por iso non lles gusta. Entón, cambiemos: primeiro, indultámolos e, despois, cambiamos as normas, para que non se lles volva condenar. *(Murmurios.)*

Vostedes estiveron en contra de que se corrixa unha lei que deixou estar na rúa máis de cen violadores. Iso si que é unha vergonza, señora Pontón. Vostedes están a favor de que se elimine o delito de sedición, de que se baixen as penas por corrupción. Están a favor de todo iso. Iso si que é unha vergonza e iso si que é estar en contra da rexeneración democrática, señora Pontón. *(Aplausos.)* Isto é así.



Mire, para non ir ao exemplo do apoio ou máis ben da falta de apoio no tema de Ucraína, que lle molesta tanto, vou ir moito máis cerca —e molesta tanto porque é verdade, evidentemente—. Mire, vostedes aquí, no Parlamento, votaron en contra de reforzar as competencias fiscalizadoras do Consello de Contas; iso casa mal coa rexeneración democrática. Votaron en contra de facilitar a presentación de iniciativas lexislativas populares neste parlamento; iso casa mal coa rexeneración democrática. Votaron en contra de mellorar a transparencia e o control dos fondos que usamos os partidos políticos; iso casa mal coa rexeneración democrática. Votaron en contra de facer máis participativa esta cámara. Votaron, en definitiva, cada vez que teñen que retratarse, en contra da rexeneración democrática. De verdade, señora Pontón, isto é o que hai, e fastídalles moito que recordemos eses exemplos.

Polo tanto, mire, esta rexeneración democrática que consiste simplemente en que é bo aquilo que lle parece ben ao nacionalismo; esta rexeneración democrática que para vostede é sentenciar sen ser xuíz, dicir quen cometeu ou quen non cometeu un delito na súa opinión política, que perigoso é mesturar a política coa Xustiza, vostedes fano todos os días. Esa non é a rexeneración democrática, dende logo, que quere este partido, que quero eu, que quere o meu Goberno, nin que me temo quere a inmensa maioría dos galegos, señora Pontón.

Mire, a min e creo que á maioría de Galicia nos importa moitísimo máis o que diga a Xustiza cando ten que falar que o que digan os sentenciadores, as fontes do dereito interesadas politicamente e os que sempre teñen prexuízos do seu lado, que van en contra da rexeneración democrática. Iso non o queremos para Galicia.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Declaración institucional

O señor PRESIDENTE: Vou dar lectura a unha declaración institucional con motivo do Día Mundial do Lupus. Acompañannos na tribuna persoas da asociación desta patoloxía.

E a declaración di así:

«O lupus é unha enfermidade autoinmune crónica que afecta cinco millóns de persoas en todo o mundo e a súa prevalencia ascende a 210 casos por cada cen mil habitantes en España. Sabemos que hai un descoñecemento xeneralizado do lupus, unha enfermidade que afecta especialmente as mulleres, xa que representa o 90 por cento dos casos de lupus, desenvolvendo a enfermidade entre os 15 e os 55 anos. Hoxe en día non existe un tratamento efectivo para previr o dano orgánico, que, de non tratarse, pode aumentar a discapacidade e incapacidade da persoa afectada e ser potencialmente mortal.

Considerando que o lupus é un problema de saúde global que afecta millóns de persoas, a Federación Española de Lupus reúne forza presentando as persoas con lupus e as 21 asociacións repartidas por todo o territorio nacional para dar a coñecer esta enfermidade.



Baixo o lema «Non deixes que o Lupus gañe», é o momento de actuar, alenta os pacientes a que non deben renderse fronte ao lupus e insta as administracións a actuar xuntos e atender ás necesidades médicas e socioeconómicas, que se concretan en: a garantía dunha detección temperá e maior formación da atención primaria, fundamentalmente para o diagnóstico precoz; o impulso para unha atención coordinada e multidisciplinar que permita prestar unha atención e apoio psicosocial especializado aos pacientes con lupus, independentemente do seu lugar de residencia; o fomento para unha maior investigación, similar á doutras enfermidades; a garantía dun maior acceso a novas terapias, sen estar condicionado polo lugar de residencia ou o hospital asignado; a garantía dunha correcta revisión de valoración en discapacidade e formación especializada a todo o persoal valorador acorde cos criterios obxectivos do novo baremo; o financiamento público dos fotoprotectores solares —os raios ultravioleta considéranse un axente desencadeante do brote da enfermidade—; a ampliación de laboratorios do automóbil autorizados para legalizar a instalación de filtros ultravioleta nos vidros laterais e dianteiros de vehículos de persoas con lupus».

En consecuencia, o Parlamento de Galicia expresa o apoio e o recoñecemento ás persoas con lupus, ás súas familias e ás asociacións de doentes que diariamente traballan para a creación dunha clara conciencia social da enfermidade, dirixindo as súas actuacións cara ao diagnóstico precoz e ao tratamento deste enfoque terapéutico e multidisciplinar.

O Parlamento de Galicia comprométese a levar a cabo as accións pertinentes e a destinar os recursos necesarios para paliar a situación de especial vulnerabilidade, así como a garantir con equidade os dereitos das persoas con lupus e as súas familias, sendo plenamente conscientes de que, nunha enfermidade crónica para a que non existe cura como esta e moitas outras, a investigación é vital. *(Apróbase por asentimento.)*

Moitas grazas pola atención.

(Aplausos.)

Continuamos coa orde do día, co punto cuarto.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Pablo Arangüena Fernández e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Plan director da Rede Natura 2000 e os espazos protexidos de Galicia

O señor PRESIDENTE: Hai unha autoemenda do Grupo Parlamentario Socialista e hai unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Pablo Arangüena Fernández, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.



Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir in fine no punto 1º) a seguinte frase: «... e, en consecuencia, proceder sen máis demora á dita ampliación».

Emenda de adición.

Na parte resolutiva da iniciativa débense engadir dous novos puntos que terán o seguinte contido:

«4º) Incluír inmediatamente no inventario de zonas húmidas de Galicia regulado no Decreto 127/2008 non só as 400 incorporadas recentemente senón a totalidade das máis de 1.100 zonas húmidas catalogadas polo IBADER, sen prexuízo da progresiva incorporación doutras zonas aínda non catalogadas.

5º) Elaborar e poñer en práctica un plan de protección das zonas húmidas de Galicia incluíndo a progresiva restauración das degradadas».)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Luís Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Substituír o texto do punto 1 da parte resolutiva polo seguinte:

«1º) Elaborar e someter a información pública unha proposta de ampliación da Rede Natura 2000 (ampliación de LIC existentes e novos LIC) que, a partir da actualización das propostas formuladas pola Xunta en 2008 e 2012, permita achegarse ao obxectivo do 20% da superficie terrestre e o 10% da superficie mariña protexida, para avanzar cara aos obxectivos establecidos pola UE (Estratexia da UE sobre biodiversidade para 2030) e da Conferencia da ONU sobre Diversidade Biolóxica (COP 15).»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición, ten a palabra o señor Arangüena, (Murmurios.) pero espere a que isto estea un pouco máis tranquilo.

Cando queira.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Pois teño que dicir, como o señor presidente da Xunta está aínda por aquí, que quedei francamente abraiado cando lle escoitei cualificar de inaxeitado ou inaxeitada a conduta do señor Baltar. Señor presidente da Xunta, cando un vai a 150 por hora pola autopista pode ser inaxeitado e cando un vai a 215 quilómetros por hora en coche oficial chámase delito contra a seguridade viaria, e non é inaxeitado, é un delito cometido por un cargo público, e, se non o fai dimitir vostede, o que terá que plantearse talvez será se ten vostede que dimitir por non ser capaz de facer dimitir un responsable do seu partido que comete un delito a 215 quilómetros/hora en coche oficial. (Aplausos.)

Dito isto e indo ao tema, estamos en maio de 2023. O 18 de maio de 2021, hai dous anos, a Comisión 2ª deste parlamento aprobou, co voto favorable do Partido Popular, unha proposta



socialista instando a Xunta de Galicia a rematar os traballos para a ampliación e revisión da Rede Natura 2000. Pasaron dous anos desde ese acordo que obriga o Goberno galego a ampliar a Rede Natura, pero non hai indicios de que vaia cumprirse nin por asomo, a pesar de que a Xunta xa anunciara a ampliación que deixara ultimada o Goberno de Emilio Pérez Touriño no ano 2011, paralizando desde entón esa ampliación por intereses que desde logo non son o interese público.

E parece que vostedes se negan a cumprir o acordo desta cámara para ampliar a Rede Natura, que vostedes votaron favorablemente a pesar de que Galicia ten a Rede Natura máis pequena do Estado, con enorme diferenza, entre as dezasete comunidades autónomas, co 12 por cento da súa superficie protexida sobre o papel, unicamente sobre o papel, fronte ao 20 por cento da seguinte comunidade, que é o País Vasco, e ao 27 por cento de media estatal.

Así que temos menos da metade da Rede Natura, de espazo protexido pola Rede Natura, da media estatal. E onte mesmo a señora Freire afirmaba que Galicia é a oitava comunidade en superficie protexida pola Rede Natura. Pero iso é mentir, é facer trampas descaradamente, porque a Rede Natura hai que medila por porcentaxe de territorio, igual que fai o acordo de Montreal, recentemente subscrito por España e polo resto dos países do mundo, que obriga a protexer unha porcentaxe do 30 por cento do territorio do Estado en 2030, pero Galicia non ten protexida hoxe nin a metade.

E, ademais de mentir e confundir falando de número de hectáreas e non de porcentaxe de superficie, acto seguido rebátense vostedes a si mesmos dicindo que o 42 por cento de Galicia está protexida. Iso é unha evidente mentira tamén, porque están vostedes sumando á Rede Natura as reservas da biosfera, que, como saben, non son unha figura de protección ambiental nin teñen un réxime específico de protección ambiental. Nunha reserva da biosfera pódese facer exactamente o mesmo tipo de actividades e usos que fóra da reserva da biosfera.

Así que aproveito para preguntarlles ás súas señorías do Partido Popular, se é que a señora Freire quere responderme: ¿en que norma se di que non se poden facer determinadas cousas nas reservas da biosfera? Unha única pregunta, moi faciliña, que non vai ser capaz de respostarme, non porque sexa incapaz de facelo senón porque é imposible facer.

Por outra banda, en resposta a unha pregunta do eurodeputado do PSdeG Nicolás González Casares do mes de agosto de 2022, a Comisión Europea respostou, literalmente, o seguinte —abro comiñas—: «A Comisión considera que o Plan director elaborado por Galicia para a xestión dos espazos Natura 2000 non cumpre os requisitos da Directiva Hábitat con respecto ás 65 zonas especiais de conservación de Galicia». Vouno repetir por se non o entenderon: «A Comisión considera que o Plan director elaborado por Galicia para a xestión dos espazos Natura 2000 non cumpre os requisitos da Directiva Hábitat». Por iso propoñemos pois que se modifique o Plan director da Rede Natura máis pequena do Estado, porque a Unión Europea di que non serve, que non cumpre a función que deba cumprir, que é a de protexer e conservar o noso patrimonio natural e a nosa biodiversidade. Non o di só a Unión Europea, porque, segundo a organización ecoloxista internacional WWF, que analizou en 2016 os plans directores de todas as comunidades autónomas, a nosa Rede Natura ten o peor plan director



en todo o Estado, non o segundo peor, senón o peor, segundo esa organización ecoloxista internacional.

Ademais —e isto xa o digo eu e non esa organización—, Galicia carece de mecanismos para compensar as restricións de uso da propiedade, por non falar de que sería obviamente recomendable dinamizar os recursos e o patrimonio natural e ambiental dos territorios que sexan xa ou sexan declarados no futuro Rede Natura. Polo que, á vez que se procede a ampliar a Rede Natura, propoñemos —porque entendemos que sería recomendable— crear un fondo de compensación aos propietarios afectados destinado a compensar as restricións de uso e unha economía verde neses territorios, fondo que podería nutrirse de recursos europeos, estatais, autonómicos ou incluso, no seu caso, procedentes de empresas que queiran voluntariamente contribuír dentro da súa responsabilidade social corporativa. E iso porque consideramos positivo compaxinar e compatibilizar e facilitar usos do medio compatibles coa protección da natureza, é dicir, compatibilizar a conservación coa economía local.

De feito, no ano 2019 publicouse polo Miteco o informe *Beneficios económicos de la Red Natura 2000 en España*, no cal considera que os beneficios económicos multiplican por 7,5 os custos da Rede. Así que, ademais de positiva desde o punto de vista ambiental, a Rede Natura pode ser netamente positiva desde o punto de vista económico; ou máis ben debería selo, pero sempre baixo a condición de que se faga unha axeitada xestión da mesma, cousa que non ocorre nin por asomo en Galicia, como estou explicando. Levamos once anos de atraso na súa ampliación; once anos, porque o 20 de decembro de 2011 a Xunta emitía unha nota de prensa segundo a cal Galicia completará antes do verán a súa rede Natura 2000, que pasará do 12 por cento ao 15 por cento do territorio —ben, unha ampliación rácana pero en todo caso era una ampliación—, chegando a publicarse no *Diario Oficial de Galicia* o anuncio do 21 de decembro de 2011, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, polo que se acordaba someter á participación pública a proposta de ampliación da Rede Natura 2000 de Galicia.

Nese anuncio dicíase, literalmente, que —abro comiñas outra vez— «é urxente iniciar os trámites para completar a Rede Natura 2000 galega e dar así cumprimento ao mandato da Comisión». É dicir, no ano 2011 o propio Goberno do señor Feijóo recoñecía —un— que a Rede Natura galega fora considerada insuficiente e incompleta pola Unión Europea, como efectivamente fora; e —dous— que, en consecuencia, era urxente en 2011 iniciar os trámites para completar a Rede Natura 2000 de Galicia.

Por tanto, a súa incoherencia chega ao punto máximo, extremo, de recoñecer no *Diario Oficial de Galicia* que era urxente a ampliación da Rede Natura máis pequena do Estado en 2011, pero, doce anos despois de todos eses recoñecementos e dese anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, non se fixo absolutamente nada para ampliála, a pesar de existir ademais un acordo da Comisión 2ª desta cámara, a instancia do Grupo Socialista, do 18 de maio de 2021, para facer esa ampliación.

Tamén propoñemos, por vía de autoemenda, que a Xunta incorpore a totalidade dos humidais catalogados en Galicia ao inventario de humidais que se debería ter feito xa no ano 2008,



ou desde o ano 2008—, e comezou a facer este ano, con quince anos de atraso, nada máis e nada menos. Porque resulta que hai un Decreto 127/2008, sobre réxime xurídico dos humidais protexidos, unha norma de obrigado cumprimento, que di que hai que facer un inventario de humidais. Pero ese inventario non existía ata febreiro deste ano 2023, cando foi creado pola Xunta, é dicir, quince anos despois. E resulta que as declaracións de impacto ambiental dos parques eólicos, que están feitas a finais do ano 2022, se remiten a un inventario que non existía como tal no momento de facelas, para dicir que nos sitios onde se implantan os parques eólicos non existen turbeiras ou zonas húmidas, ou brañas, ou lagoas; porque ese inventario, que debería ter sido creado hai quince anos, non foi creado ata o 2023, é dicir, posteriormente ás declaracións de impacto ambiental dos 75 parques eólicos autorizados recentemente.

¿Saben que implica iso a nivel xurídico con bastante probabilidade? Pois que moitos deses 75 parques eólicos que vostedes autorizaron recentemente poden rematar anulados, porque se remiten a un listado de humidais que non existía como tal no momento de facer as súas declaracións de impacto ambiental. E unicamente fan ese inventario despois de iniciativas, reiteradas pola nosa banda, pedindo que se fixera e chamándolles —lamento outra vez ter que lembralo— «delincuentes ambientais» na Comisión 2ª. Pero, cando o fan, unicamente inclúen 400 humidais, a pesar de que o Instituto para a Biodiversidade Agraria e o Desenvolvemento Rural de Galicia di que hai 1.136. Así que lles quedaron a vostedes no tinteiro 736 humidais que existen pero que non están inventariados, a pesar de que tiveron quince para facelo.

Por iso pedimos que se inclúan, porque destruír un centímetro cadrado de humidais, de lagoa, de turbeira ou de calquera zona húmida é un crime ecolóxico contra a humanidade que se comete cada día en Galicia, dentro do ecocidio que se comete con carácter xeral no noso territorio.

E, por tanto —para rematar—, cumbran o acordo deste parlamento. Amplíen vostedes a Rede Natura máis pequena de España, que en 2011 dicían no *Diario Oficial de Galicia* que era urxente ampliar, e pasaron doce anos e seguen sen ampliar. Modifiquen vostedes o Plan director da Rede Natura, porque a Unión Europea di que non cumpre a normativa europea e unha das organizacións medioambientais e internacionais máis importantes do mundo di que é a peor do Estado. Inclúan vostedes a totalidade das zonas húmidas de Galicia no inventario, tal como están obrigados por unha norma do ano 2008, porque pasaron quince anos e as zonas húmidas de Galicia deberían estar integramente protexidas e non o están, nin sequera nunha mínima parte. Aproben vostedes esta proposta, fágano polo futuro do planeta e deses rapaces que están escoitándonos desde aí enriba e contribúan a rematar co ecocidio que se está producindo en Galicia.

Nada máis e grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Saudamos os alumnos de 1º de bacharelato do Instituto Terra de So-neira, de Vimianzo. Benvidos ao Parlamento; tamén aos seus profesores.



E agora continuamos co debate. Correspóndelle agora ao señor Bará, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor BARÁ TORRES: Moi bo día.

A nosa benvida tamén desde o BNG ao alumnado do Instituto de Vimianzo Terra de Soneira, precisamente unha terra tamén ameazada pola invasión eólica do Partido Popular, concretamente os penedos de Pasarela e Traba, que están sendo defendidos por terra, mar e aire por unha veciñanza comprometida pola defensa dos valores naturais e da paisaxe.

Onte, no debate da moción do BNG, centrabamos a atención na importancia dun debate integral sobre a biodiversidade, porque a biodiversidade é absolutamente central para loitar contra a emerxencia ambiental e contra o cambio climático; como sabemos, é un dos principais problemas que ten a humanidade. Normalmente, céntrase moito a atención na descarbonización e déixase de lado a importancia que ten a defensa e a preservación do patrimonio natural e a biodiversidade.

E por iso nós insistimos moito na necesidade dunha nova, dunha auténtica política pública ambiciosa e audaz en materia de patrimonio natural, fronte ao maltrato do Partido Popular á biodiversidade. Porque nin é unha preocupación nin é unha prioridade; e, de feito, está na irrelevancia, na irrelevancia política e na irrelevancia orzamentaria, como todas as políticas ambientais dun Partido Popular que é un partido negacionista, é un partido terraplanista en materia ambiental.

Porque, ademais, xa sabemos que sacrifica estas cuestións por outros intereses, polos intereses dos *lobbys*, que son os que lle dan ordes ao Goberno da Xunta para desenvolver as súas políticas en contra do medio natural e da biodiversidade. E por iso tamén crearon a dirección xeral que antes era de Enerxía e Minas e agora chámanlle de Recursos Naturais, precisamente para deixar claro que os recursos naturais non é o patrimonio natural e a biodiversidade senón eses recursos que están ao servizo dos *lobbys* mineiros, forestais e eólicos.

Tamén nos parece importante destacar, fronte a esa visión que dá o Partido Popular de que o patrimonio natural, que a natureza é un problema, que protexer é malo porque impide outro tipo de actividades, a idea de que o patrimonio natural non pode estar fosilizado, non pode estar musealizado; ten que ser unha entidade viva, activa, dinámica, onde convivan distintos tipos de usos e onde haxa sobre todo actividade humana, xente, porque sen xente non hai posibilidade de ningún futuro para o territorio.

Por iso insistimos moito tamén na necesidade de que esa política ambiental teña tres piares fundamentais: a conservación do patrimonio natural, a rexeneración dos espazos degradados e agredidos e tamén a dinamización con recursos para poñer en marcha todo o potencial e todas as posibilidades que teñen eses territorios.

E os espazos naturais protexidos —pero protexidos como os pazos vivos, non como os pazos musealizados— son un dos elementos centrais da política ambiental e da política da biodiversidade. E dentro desa política están os espazos da Rede Natura 2000, con todas as súas



eivas, con todas as súas limitacións. Hai que recoñecer que Europa é o único continente do mundo onde hai unha rede pública de espazos naturais protexidos con esta marca, a Rede Natura 2000, con todas as posibilidades que iso abre. E tamén é certo que hai moita máis natura máis alá da Rede Natura; hai moitos hábitats prioritarios e de interese comunitario —por exemplo, as breixeiros, as turbeiras, hai moitas especies que deben ser protexidas, hai os humidais, hai os montes, os bosques maduros, os bosques autóctonos, os bosques atlánticos, os bosques da ribeira— e tamén nos espazos urbanos hai espazos que merecen ser coidados e atendidos.

E a realidade é que Galiza ten unha Rede Natura 2000 insuficiente e mal xestionada, como dixemos onte. E a pesar dese negacionismo recalcitrante, dese terraplanismo militante do Partido Popular, a realidade é que Galiza está á cola do Estado e de Europa en materia de protección da Rede Natura, en porcentaxe de territorio, que, efectivamente, é como se mide esta cuestión.

E claro, o Partido Popular intenta escapar desta realidade intentando convencernos de que non é certa, pero a realidade é esa: temos menos do 12 por cento do territorio protexido; a media do Estado é do 27 por cento; os nosos territorios veciños, como Asturias, por exemplo, ten o 29 por cento, Portugal ten o 21 por cento, Castela-León ten o 26 por cento. Entón, ¿que nos están contando? Estamos á cola do Estado e de Europa en materia de protección mediante a Rede Natura, que ademais está mal xestionada, como lles dixo tamén a Comisión Europea, porque temos un plan director da Rede Natura que non vale, que hai que modificar.

E claro, a Comisión Europea xa nos dixo no ano 2004, e reiterouno no ano 2006, que había que ampliar a Rede Natura, e desde aquela estamos agardando. E ¿por que estamos agardando? Porque o Partido Popular sistematicamente vetou e paralizou todos os intentos que houbo de ampliación da Rede Natura. (*Aplausos.*) Fíxoo coa proposta do ano 2008, feita polo Ibader, por un organismo científico da Universidade de Santiago, que fixo unha proposta de ampliación de ata o 18 por cento, e cando chegou o Partido Popular no ano 2009 paralizouna. Pero é que despois veu aquí, a esta mesma tribuna onde estou eu, o conselleiro do Medio Rural un 20 de decembro do ano 2011 —pasaron xa doce anos, doce anos— e anunciou que se ía ampliar a Rede Natura en 147.000 hectáreas, a partir dunha proposta tamén do Ibader que supoñía a protección do 15 por cento. ¿E sabe o que fixeron vostedes? Cando se publicou esa proposta no DOG, o 2 de xaneiro do ano 2012, dicindo, efectivamente, que era urxente porque había un mandato da Unión Europea para facelo, o que fixeron foi paralizala, o que fixeron foi cesar de maneira fulminante no DOG ao día seguinte ese conselleiro do Medio Rural que viñera aquí anunciar esa ampliación da Rede Natura.

E ¿saben por que paralizaron vostedes iso? Está claro. Paralizárona porque eses *lobbys* forestal, eólico e mineiro dixéronlles que non se podía sacar adiante esa ampliación da Rede Natura, porque ía en contra dos seus intereses, e porque vostedes están aquí para obedecer (*Aplausos.*) eses *lobbys*.

E, por se non quedase claro, voulle ler a nota de prensa da Cámara Mineira do mesmo 2 de xaneiro de 2012, en que se publicaba no DOG a ampliación da Rede Natura. Dicía: «A Cámara



Mineira critica a prohibición da minería a ceo aberto na Rede Natura 2000». 2 de xaneiro de 2012. A Cámara Oficial mineira advirte que a ampliación da Rede Natura 2000 pon en risco 4.000 empregos —non sei de que me soa isto dos 4.000, 5.000, 80.000 empregos—. Pon en risco 61 explotacións, 500 dereitos mineiros non poderán ser explotados. Esta é a verdadeira causa, xunto co que non publicaron, claro, non se atreveron a publicar os outros *lobbys* —estes foron así de evidentes e directos, dixérono claramente, branco e en botella—, e por iso vostedes meteron nun caixón, e leva alí metida doce anos, esa ampliación da Rede Natura, para impedir que se protexesen espazos como a serra da Cova da Serpe, como as brañas do Deo, como os montes do Barbanza, como os montes do Xallas, como a ampliación do Monte Pindo, como a serra do Suído, como a serra da Groba, onde vostedes paralizaron a protección deses espazos para permitir a tramitación de ducias de parques eólicos que foron aprobados polo Goberno da Xunta do Partido Popular. Así é como respectan vostedes o patrimonio natural e a biodiversidade, plantificándolles parques eólicos para atender aos intereses deses *lobbys*.

E, claro, vostedes, cando lles propuxemos aquí no ano 2014 a ampliación da Rede Natura, dixéronnos, por boca do seu portavoz, que *no por mucho madrugar amanece más temprano*. Pero claro, desde aquela, levan nove anos amecendo e seguimos esperando pola ampliación da Rede Natura. Pero é que, ademais, vostedes tiveron a desfachatez de vir aquí no ano 2017, na Comisión 2ª, aprobar unha proposta, por iniciativa do Partido Popular, para iniciar os traballos para a ampliación da Rede Natura. E ¿saben o que pasou? Que pasaron seis anos e seguimos agardando pola ampliación da Rede Natura, porque vostedes serven a eses *lobbys*, que lles dixeron que non se podía ampliar a Rede Natura, a pesar de que hai un mandato, un expediente de sanción da Unión Europea por non facelo.

E agora no ano 2021 volveron aprobar unha iniciativa do PSOE no mesmo sentido e levamos dous anos agardando, como levamos dous anos agardando a que vostedes nos dixeran nunha resposta parlamentaria que ían protexer as brañas do Deo. E ¿como as están protexendo? Plantificándolles parques eólicos, evidentemente. Ata que poñan alí todos os parques eólicos non as protexerán, protexerán cando non haxa nada que protexer. Esta é a realidade.

A realidade é que vostedes non son de fiar, vostedes teñen credibilidade cero en materia ambiental, en materia de protección do patrimonio natural e a diversidade. Os feitos son evidentes. É que fixen un relatorio aquí que é contundente e evidente. E, polo tanto, vostedes son un goberno que está xa no tempo de desconto, un goberno sen ansia, un goberno sen ilusión, sen ideas, un goberno desganado, un goberno que maltrata así algo tan importante como o patrimonio natural, algo que é equivalente ás catedrais ou aos pazos, ou a calquera ben cultural que debía ser absolutamente coidado, e vostedes maltrátano desta maneira.

E remato expresando de novo o compromiso do BNG para poñer no centro as políticas ambientais e para situar Galiza non no furgón de cola, onde a puxo o Partido Popular, senón á cabeza do Estado e de Europa na protección do patrimonio natural e da biodiversidade.

Moitas grazas.

(Aplausos.)



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Freire Vázquez.

A señora FREIRE VÁZQUEZ: Grazas, presidente.

Bos días a todos e a todas, señorías.

Saudamos tamén desde este Grupo Parlamentario Popular os alumnos do Instituto Terra de Soneira, de Vimianzo. Esperamos que se atopen a gusto entre nós.

Ben, xa falamos onte nesta cámara da Rede Natura en Galicia e da conservación dos nosos espazos protexidos. Non me vou repetir nos datos reais e oficiais, que vostedes negan, pero que son a realidade. A realidade é que a Rede Natura en Galicia sitúa a nosa Comunidade na media das rexións atlánticas e de moitos países europeos, nas que hai moitas comunidades en España con menos superficie incluída que Galicia; de feito, somos a oitava comunidade autónoma que estamos a aportar máis hectáreas á Rede Natura de España. E isto, señor Arangüena, é unha certeza que dende logo non pode desmentir.

Ademais, Galicia conta co 42 por cento do territorio amparado baixo algunha figura de protección: 6 parques naturais e o Parque Nacional das Illas Atlánticas, 7 reservas da biosfera, 6 humidais protexidos, 8 monumentos naturais, 2 paisaxes protexidas, 12 LIC, 59 zonas de especial conservación, 16 zonas de especial protección para as aves e 1 xeoparque mundial.

Vostede, señor Arangüena, di que non lles vale ese 42 por cento, pero ese 42 por cento serviu, por exemplo, para que a Xunta de Galicia informase negativamente o proxecto eólico que o Ministerio —Ministerio— de Transición Ecolóxica pretendía implantar nas brañas do Deo —escoite tamén, señor Bará—, no ámbito da reserva da biosfera. Por tanto, ese 42 por cento serve para pararlle os pés ao Estado Español. (*Aplausos.*)

Convén que aclaremos tamén ao respecto da Rede Natura unha serie de cuestións. Primeiro, que a designación de novos espazos Natura 2000 debe basearse na presenza dos tipos de hábitats e especies dos anexos 1 e 2 da Directiva 92/43 CEE... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —se falan, é que non poden...—, así como na presenza de especies de aves do anexo 1 da Directiva 2009/147 CEE, de especies migratorias con presenza regular; é dicir, non hai unha superficie mínima para declarar espazos na Rede Natura 2000. E, segundo, que o cumprimento da Directiva europea de hábitats o que indica é que cada espazo debe contar cun plan específico de xestión que inclúa os seus propios obxectivos de xestión.

Xa dixemos onte que o compromiso adquirido por Galicia coa Comisión Europea é que se realizarán plans de xestión de todos os espazos galegos da Rede Natura antes do ano 2027, recollendo neles obxectivos e medidas específicos para cada lugar. Nese sentido, estase a traballar no obxectivo de seguir completando o actual sistema de áreas protexidas para mellorar o estado de conservación dos hábitats de interese comunitario, cartografía de hábitats e plans específicos de xestión. Máis de 30.000 hectáreas de espazos seleccionados nos que se priorizou a presenza de turbeiras, así como zonas con presenza de especies de interese



comunitario, espazos nos que se está a analizar e cartografar a cobertura dos diferentes hábitats presentes, e, finalizados estes estudos científicos e cartográficos, avaliarase a súa posible inclusión na rede de espazos naturais de Galicia a través das figuras que se consideren máis axeitadas.

E, por outra banda, estase a traballar na dotación de plans de xestión aos espazos da Rede Natura 2000, a través de contratos e licitacións específicas para cada grupo de hábitats.

Por tanto, obtención de información veraz, científica e rigorosa sobre os hábitats de interese comunitario en Galicia, e, dende logo, esa é a forma máis axeitada de traballar con soporte técnico e científico.

Ademais, estase traballando no estudo para a mellora da conectividade ecolóxica en relación con determinadas especies de interese comunitario, espazos de conectividade, que teñen unha relación máis directa co concepto de infraestrutura verde que coa propia Rede Natura 2000, polo que será no marco da Estratexia de infraestrutura verde de Galicia onde sexan incorporados.

Teño que sinalar tamén que esta necesaria protección e conservación da Rede Natura e da biodiversidade de Galicia tamén está presente —como non podería ser doutro xeito— na futura Lei de ordenación do litoral, que está impulsando a Xunta de Galicia. Nesta norma os espazos naturais protexidos, tanto terrestres como marítimos, atópanse encadrados na zona de máxima protección, na denominada zona APA, que incluírá os terreos da costa que teñen características naturais singulares e valores ambientais excepcionais, e que deben ser especialmente protexidos e preservados do proceso urbanizador ou de calquera outro que poida alterar as súas condicións, polo que terán obxectivos moi exixentes para a súa conservación, protección e mellora.

Outro asunto crucial para Galicia, onde o Partido Socialista volve dar bandazos, é a Lei de ordenación do litoral. O PSOE de Galicia mostraba o seu apoio á norma autonómica, ata que o PSOE de Madrid e Pedro Sánchez mandou recuar. Ese é o seu criterio, señores e señoras do Partido Socialista. Esperamos, sinceramente, señorías do Partido Socialista de Galicia, que se poñan do lado de Galicia e non de Pedro Sánchez, porque os galegos e galegas estarán moi vixiantes á súa posición.

Pero mire, señor Arangüena, debería darlles vergoña traer aquí a esta cámara esta proposición no papel —si, no papel—, porque vostedes, os socialistas, todo menos conservar e protexer o noso patrimonio natural e a biodiversidade. Depende de quen fale, se do grupo, do subgrupo dos Socialistas de Galicia, di unha cousa ou outra, pero é que tamén depende do día que sexa, porque o PSOE galego é capaz de defender unha postura ou a contraria.

Por un lado, veñen pedir aquí a ampliación da Rede Natura galega, con todas as necesarias restricións que iso implica a nivel de usos e xestións, como saben, e, por outro, o seu secretario xeral, o señor Formoso, no seu papel de alcalde do Concello das Pontes, presentando múltiples alegacións ao Plan reitor de uso e xestión do Parque Natural das Fragas do Eume, pedindo mesmo a nulidade total. Un alcalde que, ante o documento do PRUX das fragas do Eume, e metendo cizaña aos veciños, dicía algunhas cousas como que tiña un dos seus pro-



blemas o feito de que se prohibe que se podían facer festas e, sen dúbida ningunha, o que máis lle preocupaba ao señor Formoso é que se limitase ou prohibise a escalada en zonas nas que hai especies ou hábitats protexidos; un alcalde socialista ao que o molestan todas as medidas orientadas única e exclusivamente a protexer os valores das fragas do Eume.

Pero é máis, o tamén presidente da Deputación da Coruña acudiu, xunto a outros alcaldes socialistas, de Cabanas, A Capela, Monfero e Pontedeume, a unha concentración malmetendo os veciños. E ¿de que se queixaba o señor Formoso, señor Arangüena? Pois queixábase de que había restricións nas fragas do Eume á plantación de eucaliptos. Non sei se o sabía, pero pode falalo con el.

Nesta proposición plantexa o Partido Socialista de Galicia instar a Xunta de Galicia a avanzar na aprobación dos diferentes plans de xestión, cousa que, dende logo, está a facer a Xunta, pero o seu xefe, o secretario xeral dos Socialistas de Galicia, pide a nulidade do Plan de xestión das fragas do Eume. ¿En que quedamos, señor Arangüena? ¿A que xogan? ¿Parécelle isto coherente? Vostede falaba de incoherencia. Pois eu pídolle coherencia. Será que vostede non é do grupo do señor Formoso e por iso non coinciden nos seus posicionamentos.

Dende logo, nós pensamos, desde este Grupo Parlamentario Popular, ao igual que o Goberno galego, que a xestión do noso patrimonio natural é unha cuestión imprescindible para Galicia e o futuro dos galegos e galegas e non debe depender de bandazos nin de criterios electoralistas.

Polo tanto, señorías do Partido Socialista, eu pediríalles que, antes de vir aquí a este Parlamento de Galicia cunha proposta, se aclarasen entre vostedes. Coa Lei de áreas empresariais de Galicia tivo que intervir o ordeno e mando do señor Formoso, e coa inminente Lei do litoral de Galicia volven facer o ridículo, e, neste caso, parece que intervén o ordeno e mando de Pedro Sánchez.

Sinceramente, non teñen vostedes credibilidade, señores e señoras do Partido Socialista. Vostedes son os que converten os puntos limpos en vertedoiros a ceo aberto no contorno das fragas do Eume. Vostedes, na Deputación Provincial da Coruña, cogobernando co Bloque Nacionalista Galego, son os que firman convenios para tentar vender a ampliación dun polígono industrial en plena Rede Natura, cando saben que está prohibido pola normativa europea, estatal e autonómica. Vostedes son os que están estafando os coruñeses co seu modelo de residuos sólidos urbanos, porque os cidadáns na Coruña separan en orixe para que logo se mesture todo e vaia a vertedoiro. Esta si que é unha verdadeira estafa medioambiental. (Aplausos.) Vostedes, señores socialistas, son, xunto co BNG, os que apoian os que dende Madrid están atacando a nosa Rede Natura. Os que están poñendo en perigo o patrimonio natural de Galicia son vostedes.

En Galicia todos e cada un dos proxectos eólicos de competencia autonómica téñense sometido a un procedemento de avaliación ambiental ordinaria. Ningunha actuación ou proxecto sae adiante se pode supoñer algún prexuízo para a biodiversidade, independentemente do seu ámbito de influencia, estea ou non dentro dun espazo regulado da Rede Natura. Todo o territorio da Rede Natura e máis espazos, ata cubrir o 77,5 por cento da comunidade, está blindado fronte á implantación de eólicos. E, como dixen, todos, todos os proxectos pasan



unha avaliación ambiental completa e rigorosa, que é o único procedemento posible para determinar as posibles afeccións.

En cambio, vostedes, os socialistas, eliminaron con ese procedemento exprés ao que tantas veces nos referíamos, imposto polo Estado, toda a avaliación ambiental, e dálles igual cal sexa o ámbito de influencia. Xa non existe para o Estado ningunha incompatibilidade en Rede Natura, tampouco nas zonas núcleo de reserva da biosfera. Está pedindo excepcionalidades e continuamente bombardeando a Xunta de Galicia pedindo a excepcionalidade en zonas en que segundo o noso territorio non se poden implantar eólicos. Xa lle puxen onte un exemplo, que é unha realidade: 8 dos parques descartados por Galicia foron autorizados polo Estado e 17 están en desuso, recoñecido polo seu secretario de Medio Ambiente, do Ministerio de Transición Ecolóxica.

¿Como poden ter a cara de vir aquí falar da Rede Natura e da biodiversidade, señor Arangüena? Sinceramente, señorías, non están vostedes lexitimados nin pola súa traxectoria nin pola súa forma de actuación.

Máis nada e moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Freire.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señora Freire, fíxenlle unha pregunta moi sinxela que non foi vostede capaz de respostar. Non foi vostede capaz de respostala seguramente porque é imposible que a resoste, porque vostedes din que o 35 por cento da superficie de Galicia é reserva da biosfera e o computan como espazo protexido, pero non está protexido, porque non é capaz de respostar onde está o réxime de protección das reservas da biosfera. É vostede incapaz, porque non están protexidas. A mellor proba é que deses 75 parques eólicos da tacada que autorizaron vostedes recentemente 20 están en reservas da biosfera. Por tanto, ¿de que protección me fala, señora Freire?

Hai un acordo desta cámara que obriga a ampliar a Rede Natura, un acordo de hai dous anos, a instancia do Partido Socialista, pero votado favorablemente por vostedes. ¿Nega vostede o que di o DOG do ano 2011 cando vostedes mesmos recoñeceron no *Diario Oficial de Galicia* que ampliar a Rede Natura era urxente porque a Unión Europea consideraba que a que temos é unha rede escasa e incompleta? O cal rebate por completo as mentiras, a sarta de mentiras, falsidades e terxiversacións que nos acaba de soltar aquí mesmo.

E insisto: hai un acordo desta cámara, pero o PP, o Goberno de Galicia non cumpre ese acordo, e con esta PNL pedimos, entre outras cousas, que se cumpra o acordo, nin máis nin menos. Non pedimos nada extraordinario, senón a aplicación daquel vello principio xurídico



de *pacta sunt servanda*, é dicir, os acordos están para ser cumpridos, máxime cando son sancionados e validados pola máis alta institución dunha democracia como é o Parlamento.

Se non cumpren vostedes os acordos do Parlamento, que representa a soberanía popular, ¿con que autoridade lle piden á cidadanía que cumpra as súas obrigas? ¿Con que autoridade lle piden á xente que pague os seus impostos ou que cumpra o Código de circulación? Ben, claro, será por iso que o señor Baltar está eximido de cumprir o Código de circulación e xa que logo tamén o Código penal.

¿Quen pode confiar nun partido que se nega a cumprir os seus acordos parlamentarios e que considera unha cuestión menor que un cargo público delinca a 215 quilómetros/hora ao volante dun coche oficial? Iso si, cando remate o ano, fan vostedes un informe que colgan na web de Transparencia dicindo que o noventa e pico por cento dos acordos deste parlamento se cumpren. Pero non din cales, claro. E xa lles digo eu que tamén é mentira, porque dos acordos que eu mesmo alcancei ou promovín en primeira persoa como deputado nesta cámara non se cumpriu ningún, ou sexa, cero. E non é que me teñen especial manía a min, senón que os meus compañeiros da oposición pois poden relatar situacións similares, tanto do PSdeG como seguramente do Bloque Nacionalista Galego.

Non só se negan a cumprir os acordos senón que pois van máis alá, porque realmente son vostedes negacionistas climáticos, porque o presidente do seu partido e da fundación do seu partido, da FAES, pois é un negacionista climático recoñecido, que vai por aí dicindo que é un problema que vai afectar os nosos tataranetos e que non se pode facer, como di el, alarmismo climático.

Por tanto, son vostedes negacionistas de acordos do Código de circulación, do Código penal e tamén da ciencia. E, por tanto, vénme vostede falar aquí cunha escasa autoridade na medida en que representa un partido abertamente negacionista.

Reitero que Galicia é a última comunidade en superficie protexida do Estado, pero incluso esa teórica protección non é tal, porque os espazos incluídos na Rede Natura 2000 máis pequena do Estado só están protexidos sobre o papel. Sobre o terreo cométese cada día todo tipo de agresións medioambientais toleradas e amparadas pola Xunta de Galicia.

Por exemplo, ría de Noia, unha depuradora que en teoría depura pero non depura, aberta a cachón, a 200 metros hai un banco marisqueiro, na praia do Testal, non apta para o baño, pola contaminación en plena Rede Natura 2000. Os ríos Deza e Asneiro sofren episodios constantes de contaminación cada ano desde hai vinte, en plena Rede Natura 2000. O río Xubia sofre contaminación crónica, en plena Rede Natura 2000. Autorizan vostedes a ampliación dunha macrogranxa para polos en Rairiz de Veiga sen avaliar os efectos sobre a Rede Natura 2000; o Tribunal Superior de Xustiza ten que dicirles que esa autorización é nula. Por non dicir que o pasado verán ardeu un terzo do parque natural do Invernadoiro e a metade do Courel, espazos da Rede Natura 2000. Iso son só algúns exemplos.

Reclamamos tamén que se protexan as zonas húmidas de Galicia: turbeiras, brañas, lagoas, etc., porque todos coñecemos o que pasou coa famosa lagoa de Antela, pero hai moitas lagoas



de Antela en pequeno en Galicia que están correndo unha sorte parecida que o espazo que sufriu un desastre ambiental propio do franquismo. E o problema é que vostedes seguen instalados no franquismo medioambiental, que consiste en considerar o medio como un couto privado para determinadas empresas que lles abren as súas portas cando deixan a política, como é o caso da exconselleira de Medio Ambiente Bea Mato ou do exconselleiro de Medio Ambiente Carlos del Álamo.

E hai un decreto —insisto— do ano 2008 que xa obrigaba a Xunta de Galicia hai quince anos a facer un inventario de humidais, e fano xustamente despois de aprobar a tacada de 75 parques eólicos; 75 parques eólicos promoven vostedes en Galicia, señora Ferreiro, e o Estado promove uns poucos e que son en xeral pois de carácter estratéxico para determinadas empresas.

Por tanto, a partir de aí, ben, pois seguiremos instalados no ecocidio que están promovendo, facilitando e permitindo vostedes en Galicia.

Respecto á emenda do BNG, aceptaríamos como engádega o punto 1, pero non como de substitución.

Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Grazas, señor Arangüena.

Pasamos á seguinte proposición.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Be-goña Rodríguez Rumbo e D. Gonzalo Caballero Miguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co recurso ante o Tribunal Constitucional sobre a Lei 38/2022, do 27 de decembro, pola que se crea o imposto temporal de solidariedade das grandes fortunas

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta proposición non de lei presentouse emenda do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Engadir un novo punto co seguinte texto:

«O Parlamento Galego acorda instar a Xunta de Galiza a demandar de forma inmediata do Goberno central a celebración dunha comisión bilateral para abordar e calendarizar a cesión a Galiza de máis



capacidade en materia de autogoberno fiscal e financeiro así como poñer freo ás inxerencias que se veñen producindo nesta materia por parte do Estado.»)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para defender a proposición non de lei, ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señora presidenta.
Bo día, señores deputados e señoras deputadas.

A política fiscal da Xunta de Galicia, antes con Feijóo e agora con Rueda, caracterízase por aprobar determinados beneficios fiscais para favorecer as persoas que máis ingresos teñen. Proba diso son as bonificacións no apartado do imposto sobre o patrimonio establecidas nas leis de acompañamento aos orzamentos dos exercicios 2022 e 2023, acadando unha bonificación neste exercicio de ata o 50 por cento aos patrimonios de máis dun millón de euros; é dicir, un agasallo que neste exercicio acada os 4.500 euros de media aos 7.700 galegos e galegas que máis teñen; é dicir, 34,6 millóns de euros aos que renuncia a Xunta de Galicia, cos que ben poderían ter empregado para mellorar a sanidade, para facer política de vivenda ou para incrementar ese financiamento para os concellos que vimos solicitando reiteradamente.

Pero os socialistas supoñemos que estes beneficios fiscais do Partido Popular son só para esas persoas de ben. Porque para vostedes non deben ser persoas de ben esas familias ás que lles retiraron a Tarxeta Básica, familias que precisaban esas axudas para alimentos, para produtos farmacéuticos ou para produtos de primeira necesidade. E sabendo, ademais, que este recurso, unido ao paraugas social implantado, implementado polo Goberno do Estado, pois evitou en Galicia que unhas 127.000 persoas entraran en risco de pobreza, e cando tiñamos 678.000 persoas residentes en Galicia, é dicir, máis do 25 por cento da poboación total, en risco de pobreza ou de exclusión social.

Pois ben, os poderes públicos, como garante dos valores constitucionais, deben artellar unha resposta eficaz, eficiente e contundente para facer fronte aos efectos nocivos que a escalada de prezos está xerando en toda a cidadanía, especialmente con aqueles máis vulnerables, que pon en perigo unha mínima calidade de vida nunha sociedade avanzada como a nosa.

Ser garante da Constitución, señores e señoras do Partido Popular, non é levar pulseiriñas, envolverse en bandeiras e enarborar himnos. Ser garante da Constitución é dar cumprimento aos seus mandatos, promover as condicións para que a liberdade e a igualdade sexan reais e efectivas, protexer economicamente as familias, promover as condicións máis favorables para o progreso social e económico, facer unha asignación equitativa dos recursos públicos e planificar a actividade económica para atender ás necesidades colectivas e para estimular o crecemento da renda e a súa máis xusta distribución.

Na actualidade a inflación provocada pola invasión de Ucraína, unida aos problemas de oferta e de subministración derivados da pandemia, provocaron unha forte espiral de prezos, polo que, tendo en conta o prexuízo que está a provocar esta situación a toda a sociedade, fronte aos beneficios empresariais en determinados sectores, que están sendo claramente favore-



cidos, parece lóxico que en momentos de máis necesidade o Goberno actúe para favorecer a maioría da poboación.

Con este obxectivo, o Goberno do Estado publicou o pasado 28 de decembro a Lei 38/2022, para o establecemento de gravames temporais enerxéticos e de entidades de crédito e establecementos financeiros de crédito e pola que se aproba o imposto temporal de solidariedade ás grandes fortunas. No caso do gravame temporal enerxético, regulado no seu artigo 1, establece que o importe da prestación será o resultado de aplicar un 1,2 por cento ao seu importe neto da cifra de negocios derivado da actividade que desenvolva en España. E no caso do gravame temporal de entidades de crédito e establecementos financeiros de crédito, regulado no seu artigo 2, o importe será o resultado de aplicar o 4,8 por cento á suma da marxe de intereses e dos ingresos de gastos por comisións derivados das actividades que desenvolva en España.

Pois parece lóxico que esas entidades financeiras, que recibiron cantidades inxentes do Estado para evitar a súa caída, deberan arrimar un pouco máis o ombreiro para axudar a saír todos xuntos, cando a situación para moitas familias está sendo bastante complicada.

E no caso de imposto temporal de solidariedade aos grandes impostos é un imposto de carácter temporal aplicable só para os exercicios 2022 e 2023 coa finalidade de incrementar a recadación e harmonizar a normativa autonómica, configurándose como un tributo directo, persoal e complementario do imposto sobre o patrimonio, que grava o patrimonio neto das persoas físicas por riba dos 3 millóns de euros, aplicándose as regras do imposto sobre patrimonio para determinar o suxeito pasivo, os supostos de exención ou a determinación da base imponible, e reducíndose a base imponible en 700.000 euros en concepto de mínimo exento. E grávase o patrimonio neto considerando as exencións conforme unha escala, de forma que hai unha escala que para un patrimonio a partir de 5,3 millóns de euros a cota vai ser de case 40.000 euros e para un patrimonio a partir de 10,7 millóns de euros estariamos nunha cota de 152.000 euros. Polo tanto, parece bastante evidente que a patrimonios destas contías non lles debe supoñer un esforzo demasiado grande ter que pagar eses case 40.000 euros ou no caso do dos 10,7 millóns de euros pois poder pagar 152.000 euros.

E, ante esta realidade, ¿cal é o posicionamento do Partido Popular? ¿Apoiar esta lei para redistribuír a riqueza sen que ninguén quede atrás? Non. O Partido Popular de Galicia, é dicir, a Xunta de Galicia, presenta un recurso ante o Tribunal Constitucional sobre a dita lei, caéndolle cada vez máis esa máscara. E, ante un mandato constitucional, vostedes teñen unha mostra máis dese patriotismo de pacotilla. Vostedes son constitucionalistas e patriotas só para levar pulseiriñas, enarborar himnos ou enrolarse en bandeiras, pero cando hai que renovar o Consello Xeral do Poder Xudicial entón é moito máis importante o partido e xa non hai himnos nin bandeiras. E, cando hai que pedirles aos que máis teñen que arrimen un pouco máis o ombreiro para ter unha sociedade máis xusta e máis igualitaria, daquela é máis importante facer seguidismo da súa lideresa, a señora Ayuso, que cumprir coa gran maioría dos galegos e das galegas.

¿Por que se negan a que os que máis teñen contribúan un pouco máis? ¿Por que se negan a que quen ten beneficios extraordinarios axude para saír todos xuntos da crise sen deixar



ninguén atrás? Xa llelo digo eu, señores e señoras do Partido Popular: porque para vostedes, canto peor, mellor. Vostedes poñen os intereses do seu partido por riba dos intereses dos galegos e das galegas. Vostedes, mentres exixen máis financiamento autonómico, mentres confrontan co Estado, benefician fiscalmente os seus amigos, os ricos, as grandes empresas, esas que están obtendo beneficios extraordinarios.

Miren, estas son novas de prensa de hai uns días: «A gran banca pulveriza récords e gana 28.850 millóns en 2022, un 28 por cento máis»; unha nova do 3 de febreiro de 2023. «As empresas, sobre todo as enerxéticas, logran beneficios récord en 2022, gañan máis porque as súas vendas soben un 41,3 por cento»; unha nova de maio de 2023.

Pois ben —xa digo—, os socialistas, ante unha crise económica, pois temos outro modo de ver as solucións para que poidamos saír todos xuntos desta crise. E voules explicar claramente —xa onte facía unha pequena introdución— cal é a diferenza diso que vostedes chaman o sanchismo, iso que vostedes din de que teñen que erradicar o sanchismo; e, fronte a iso, temos o que poderíamos denominar feijooísmo, ruedismo ou ayusismo, dá igual, o pepeísmo. Para que todos e todas nos entendamos, existen dous modelos claramente diferenciados: vostedes, o Partido Popular, defenden as persoas de ben, o que vostedes consideran persoas de ben: os ricos e os máis pudientes; e os socialistas defendemos a maioría da cidadanía, fundamentalmente os máis vulnerables e esas clases medias e traballadoras.

Os socialistas, ante unha crise económica, social e sanitaria provocada pola pandemia, pois imos a Bruxelas, encabezados polo presidente do Goberno, o señor Pedro Sánchez, buscar fondos para amortiguar o impacto da pandemia da covid-19 e non deixar ningunha persoa e ningunha empresa atrás. E, fronte a iso, pois vostedes, o Partido Popular —encabezado por Casado, Feijóo, Rueda ou Ayuso—, van a Bruxelas intentar que eses fondos, eses máis de 160.000 millóns de euros, non cheguen a España e, polo tanto, que tampouco cheguen a Galicia.

Os socialistas...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que rematar, señora Rodríguez.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Pois remato xa, señora presidenta.

Deixo a segunda parte para a segunda intervención.

Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Ten a palabra, polo grupo emendante, o Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas Bergantiños.



A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señora presidenta.

Ben, vivimos un tempo político ben curioso, esta situación na que o Goberno da Xunta está liderado polo Partido Popular e o do Estado polo Partido Socialista, deixándonos momentos nos que parece que de súpeto o Goberno da Xunta, en aguerrida composición soberanista, que está todo o día defendendo o noso autogoberno con ahínco e pasando en índices de defensa do autogoberno as forzas máis independentistas que poida haber no planeta, e outras veces parece que desde o Goberno central as súas políticas sociais pois hai como unha especie de Capitán Planeta, que é o señor Pedro Sánchez, e nunca xamais ninguén na historia do mundo fixo nada inigualable.

Pero o certo é que, cando aterramos aos debates e baixamos a ver un pouco as posicións políticas de cada un e a folla de servizos, pois a realidade non é tan así. E neste debate podemos ver que tamén sobra un pouco de hipérbole. Aparentemente, o Goberno da Xunta defende o autogoberno e, aparentemente, o Goberno do Estado fixo o máximo que podía facer para aumentar a recadación impositiva. Pero o certo é que, cando esmiuzamos un pouco a cuestión, pois vemos que ningunha das cuestións é tan así, aínda que todo o mundo ten a súa parte de verdade —non todo é nin branco nin negro—.

E baixo o punto de vista do Bloque Nacionalista Galego, neste tema, que ten a súa complexidade, hai varias cuestións que ter en conta. A primeira, sobre o imposto do que falamos, hai que recordar —como facía a señora Rodríguez Rumbo— que se tramitou efectivamente co imposto á banca e co imposto ás eléctricas, aínda que o certo é que, cando profundamos en como se tramitou, iso ten moitas eivas, tanto no resultado como no proceso, e, polo tanto, temos que dicir que non é o idóneo.

En segundo lugar, hai que recoñecer que, aínda que ese marco ten moitas eivas, tampouco acabamos de cernos que realmente o Partido Popular estea facendo unha defensa do autogoberno. Porque o que lle importa ao Partido Popular, en Madrid ou en Galiza, non é que se estea vulnerando o autogoberno, senón que se está lexislando, que se está regulando a imposición a grandes fortunas. E o que lle importa, en resumidas contas, non é defender o autogoberno, senón defender os grandes ricos, igual que fixeron aquí coa reforma fiscal dos últimos orzamentos da Xunta.

Polo tanto, non podemos máis que ser críticas e críticos con ese abrazo ao autogoberno, con esa desculpa, cando realmente non lles importa o máis mínimo e se lles ve claramente o plumeiro, que é que lles molesta que se graven as grandes fortunas; se fose calquera outra cuestión, non lles importaría.

Polo tanto, nós hoxe, basicamente, presentamos unha emenda na que pedimos demandar de forma inmediata do Goberno central a celebración dunha comisión bilateral na que se aborde e calendarice a cesión a Galiza de máis capacidade de autogoberno fiscal e financeiro e que tamén se poña freo ás inxerencias —que as está habendo— en materia fiscal, e non só por parte do Goberno do Estado.

Se o Partido Popular estivese a favor desta emenda e de facer este tipo de accións, estaría demostrando que realmente defende o autogoberno e o seu problema non é coa imposición



ás grandes fortunas. E se o grupo proponente estivese de acordo tamén con esta emenda, pois estaría facendo algo que creo que sería necesario que o Partido Socialista fixese desde Galiza, que é recoñecer e posicionarse en contra de que o Estado non pare de inxerir as competencias galegas. E iso sería un avance, porque o certo é que está acontecendo.

O Goberno central vulnerou o autogoberno cando fixo a reforma do tema das herdanzas —xa o falamos numerosas veces aquí neste parlamento—. Tamén hai vulneracións constantes no ámbito dos fondos europeos, que debatemos recentemente e que afecta as nosas competencias exclusivas en diferentes ámbitos. Agora mesmo hai un importante debate respecto da cuestión da vivenda e desa lei que tamén vulnera competencias galegas. É así con todo.

Nós levamos moito tempo advertindo de que cada crise económica supón unha nova ofensiva recentralizadora. E non nos equivocamos lamentablemente tampouco co Goberno do Partido Socialista, porque incluso en leis que aparentemente pois non deberían supoñer grandes debates viscerais e grandes enfrontamentos; e, nese sentido, pois como a Lei do deporte, tamén afecta competencias galegas. Polo tanto, entendemos que ese ámbito é moi mellorable.

Respecto do novo imposto ás grandes fortunas, quería determe tamén —para que non me pase como ao grupo proponente— nalgúns cuestións que é importante deixar ditas desde esta tribuna.

A primeira é sobre a súa presentación e tramitación. E nós aí temos que dicir que, da mesma maneira que criticamos os procedementos parlamentarios do Partido Popular en Galiza cando a través da Lei de acompañamento dos orzamentos modifica múltiples leis, non lle parece suficiente e o grupo parlamentario introduce novas leis ou novos elementos que se van converter en lei durante ese procedemento impedindo aos grupos parlamentarios facer propostas e debater sobre elas, pois temos que facer a mesma crítica cando quen o fai é o Goberno central.

E realmente pois fixérono. Fixeron un procedemento adecuado para unha reforma fiscal desta envergadura. Primeiro, hai que recordar que presentaron a proposición de lei como grupos parlamentarios, cando claramente era unha proposta do Goberno. Así, sorteáronse informes preceptivos. É dicir, o que fai o Grupo Parlamentario Popular en Galiza para sortear os trámites do CES fíxoos o Grupo Parlamentario Socialista no ámbito do Estado. Iso evitou tamén participación social, participación pública, pero tamén un diálogo coas comunidades autónomas, que evidentemente pois non houbo.

En segundo lugar, esa proposición inicial falaba dos impostos da banca e das eléctricas, non do imposto ás grandes fortunas, que xa estaba sendo un anuncio mediático por parte do Goberno central pero que se introduciu mediante unha emenda. É dicir, que os e as deputados do Congreso non puideron emendar ese novo imposto, esa nova creación, nin facer suxestións de mellora, porque foi presentado mediante unha emenda facendo pois un PPdeG *style*. Polo tanto, entendemos que o proceso foi mellorable e o resultado tamén, en xeral, en global, do paquete destes tres impostos, porque para nós é problemático que sexa temporal.



Entendemos que cuestións como que as grandes eléctricas e a gran banca teñan millóns de beneficios anualmente —evidentemente, no contexto inflacionario están sendo inflados, pola suba do tipo de interese, pola cuestión da crise enerxética— é unha constante na nosa economía. Polo tanto, debера haber un imposto permanente e debера fiscalizarse tamén que iso non se acabe repercutindo nas e nos consumidores.

E respecto das grandes fortunas tamén, as grandes fortunas deben contribuír ao sostemento dos servizos públicos, ao sostemento das políticas públicas, haxa ou non haxa crise económica. Respecto a esta última cuestión, ademais, entendemos que hai que recoñecer tamén por parte do Goberno central que non se fixo ben e que debería haber una reforma fiscal máis grande, atendendo a máis aspectos.

E, a maiores, está a cuestión competencial. O imposto de patrimonio hoxe en día está cedido ás comunidades autónomas. E este imposto concíbese na súa propia exposición de motivos como un imposto complementario do patrimonio. Dise literalmente: «*Se crea el impuesto temporal de solidaridad de las grandes fortunas, que se configura como un impuesto complementario del impuesto sobre patrimonio de carácter estatal, no susceptible de cesión a las comunidades autónomas, para gravar...*», etc., etc. E na propia exposición de motivos fálase de que, por unha banda, hai esa urxencia económica, que compartimos e compartimos ese espírito, pero tamén se fala de que hai que harmonizar os tributos autonómicos.

E nesa harmonización non estamos de acordo, pero tampouco estamos de acordo cando, por exemplo, o Partido Popular, gobernando Rajoy no Estado, estivo de acordo con harmonizar, é dicir, recentralizar o imposto para os combustibles, por exemplo. Nese momento Galiza tiña o tipo máis alto e pareceulle estupendo que o Estado decidise por nós que as demais comunidades harmonizaran á alza con esa escusa. Pero realmente aí hai un pouso, que é o espírito recentralizador do Estado, co que evidentemente non estamos de acordo, aínda que daquela o Partido Popular aplaudiu coas orellas.

Entón, nós podemos compartir a urxencia no momento en que este imposto se impulsou, pero cremos que hai que recoñecer que non se fixeron as cousas de todo ben, que habería que falar duns impostos permanentes, e que aí hai que ter un diálogo coas comunidades autónomas, e que se poderían prever mecanismos, como que, por exemplo, esa recadación se transferise, aínda que fose con indicacións finalistas, ás comunidades autónomas.

A día de hoxe iso tampouco se fixo e, polo tanto, nós entendemos que o que habería que facer desde Galiza é reclamar que, cando menos, dada a excepcionalidade e a temporalidade, eses recursos veñan directamente para Galiza e poidamos decidir desde aquí que uso lles damos. Ese podería ser un debate no que eu creo que neste arco parlamentario podería haber un consenso, mais —como digo— cremos que de fondo o que hai por parte da Xunta de Galiza é simplemente un posicionamento imposto desde Madrid e impulsado efectivamente polo ayusismo para poñer en cuestión que se graven as grandes fortunas.

Entón, nós estaremos do lado da Comunidade cando se defenda en serio o autogoberno, pero, desde logo, entendemos que neste momento de crise non é o momento para beneficiar as grandes fortunas, nin a través das medidas que impulsaron desde o Goberno da Xunta na



última reforma fiscal nin tampouco vetando un imposto e unhas medidas que, baixo o noso punto de vista, son insuficientes e teñen moitas carencias pero que son mellores que nada.

Nós estivemos coa Xunta de Galicia cando, por exemplo, se impulsou a demanda xudicial polo IVE de 2017 —de feito, pedímolos numerosas veces neste parlamento antes de que a Xunta entrara en razón— e estarémolo sempre que a Xunta pida que estes recursos económicos que se van incrementar por parte do Estado veñan directamente para Galiza, pero non estaremos de lado da Xunta se realmente o que queren é simplemente poñer un veto a un imposto que busca perseguir as grandes fortunas, que busca —perdón— recadar das grandes fortunas e que contribúan ao sostemento dos servizos públicos.

E dános a impresión de que iso é realmente o que lles molesta, porque é realmente o que está demostrando o Partido Popular coas súas propostas no ámbito do Estado e no ámbito de Galiza, como ese último imposto que buscaba beneficiar os 7.000 máis ricos.

Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, presidente.

Señorías.

A min gustaríame centrar o tema exactamente no que se pide na proposición non de lei, que é, literalmente, que a Xunta retire un recurso de inconstitucionalidade, que xa foi admitido polo Tribunal Constitucional a trámite, que se presentou contra a Lei 38/2022, do 27 de decembro, que, entre outros, crea o imposto temporal sobre as grandes fortunas.

Eu teño que dicir que non me sorprende, dado o entusiasmo defensor sanchista que ten algún membro desta cámara. Pero o certo é que no pasado nesta cámara defendemos a autonomía e, polo tanto, instamos desde esta cámara a que se presentaran algúns recursos de inconstitucionalidade cando desde o Goberno central, por parte do Grupo Socialista, se nos aconsellaba que non presentáramos recursos, como o do IVE, que foi aquí mencionado, que despois, certamente, gañamos.

Certamente, votamos para preservar competencias, como a da Lei de saúde, que logo foi declarada constitucional; como a Lei de caixas, que foi declarada constitucional; como a Lei de racionalización de gasto farmacéutico, que foi declarada constitucional, pero nunca nos trouxeron unha PNL para que retirásemos un recurso en defensa do autogoberno.

E certamente é do que hai que falar, porque este recurso non vai nin contra o imposto das eléctricas, non vai nin contra o imposto sobre os beneficios das entidades financeiras, senón que vai explicitamente contra un tributo que afecta claramente a autonomía fiscal, o bloque



de constitucionalidade, o que establece a Constitución española, o que establece o Estatuto, cuxa última reforma, por certo, correspondeu no ano 2022, pola cesión do imposto sobre os residuos, e que afecta un tributo que está cedido, que é o imposto sobre patrimonio.

Poderíamos falar, como se fixo aquí, da imposición sobre a riqueza. Eu quero deixar claro que lles fala un deputado que pactou co Grupo Socialista subir o imposto do patrimonio en Galicia no peor da crise financeira anterior e que, polo tanto, non ten ningún inconveniente en falar, con certo rigor, da imposición sobre a riqueza.

Nós explicamos os motivos, había motivos históricos, como cando o Partido Socialista o suprimiu no ano correspondente, porque consideraba que era un tributo que non existía en Europa, de dereito comparado; ningún país do contorno o ten, só Noruega e Suíza, é moito máis baixo que España, xera desincentivos contra o aforro e, sobre todo, xera un problema porque as bases son móbiles, os domicilios arrastran non só o imposto sobre o patrimonio, senón tamén o imposto sobre o consumo, o imposto sobre a renda e, por suposto, tamén o suposto imposto sobre o patrimonio, que se deixaría de pagar se se desprazan os domicilios.

En abrir o debate sobre a riqueza non temos ningún problema, non hai ningún inconveniente; é máis, eu creo que hai un punto de partida moi bo, que foi elaborado a instancias do actual goberno socialista, que é o informe dos expertos para a reforma do financiamento e da imposición en España. Na páxina 637 ese informe di, sobre a imposición sobre a riqueza e, concretamente, sobre o patrimonio, que non parece pertinente nin unha defensa a ultranza deste tipo de imposición, como tampouco resulta lóxica a súa descualificación xeral, sen ter en conta as xustificacións da mesma e un coñecemento máis preciso da súa incidencia real.

O informe di que mellora a equidade, pero que tamén ten un problema, porque o principal activo patrimonial das familias en España son os negocios; por tanto, podería afectar a actividade comercial e económica. É un bo imposto para controlar as rendas, pero ten moitas dificultades administrativas. É proactivo para que se use máis eficientemente o capital, pero ten o inconveniente de que diminúe, precisamente, os niveis de aforro. E, ademais, como di ese informe, en España presenta o problema adicional que acabo de dicir, relativo á mobilidade.

Precisamente porque era un imposto que entre outras características ten a súa pouca recadación, resulta que a imposición sobre a riqueza en España está cedida ás comunidades autónomas; os persoais (o imposto de sucesións, o imposto de patrimonio e o das doazóns) e os impostos reais, que son o imposto de transmisións patrimoniais e o IBI, neste caso cedido aos concellos.

O propio informe de expertos dá un punto de partida, ao que eu estaría disposto, se acordamos algún día falar destas cuestións no ámbito, por exemplo, da comisión de reforma do sistema de financiamento autonómico, das saídas de coordinación das competencias normativas; podería acordarse no Consello de Política Fiscal e Financeira establecer límites ao gravame en efectivo, mínimos, por exemplo, sobre a cantidade que se pode recadar co imposto sobre as riquezas, sobre o patrimonio, ou porcentaxes máximos de redución da cota correspondente ao tributo estatal. Pero o recurso non vai do imposto sobre a riqueza, do que eu —insisto— estamos abertos a falar.



O problema é de autonomía e de competencias. Porque —insisto— o recurso non vai nin contra o imposto, nin contra as eléctricas, nin contra a banca; vai contra o feito de que o Estado irrompe nun espazo tributario autonómico, que está sendo exercido en pleno dereito polas autonomías, que consideran que é conveniente rebaixar o tributo, neste caso o imposto sobre o patrimonio, que, por certo, representa, sobre os 600 e pico millóns de beneficios fiscais sociais, nada máis que 34 millóns; dígoo porque, se consideramos quen son os nosos amigos polo que é unha rebaixa fiscal, máis de 600 millóns son de política social, a persoas con discapacidade, a familias numerosas, etc., e só este, polos motivos que dixen, afectaría a imposición sobre a riqueza.

E, como acaba de dicir a portavoz do Bloque, é que resulta que a exposición de motivos é moi clara. O que di a exposición de motivos deste tributo é que son dúas as finalidades principais deste novo imposto: a primeira é recadatoria, por certo cuns resultados —os da banca e os das eléctricas— menores dos que se prevían na memoria correspondente. E di, sobre este tributo: «*La finalidad es armonizadora, con el objetivo de disminuir las diferencias en el gravamen del patrimonio de las distintas comunidades autónomas, especialmente para que la carga tributaria de los contribuyentes residentes en aquellas comunidades autónomas que han desfiscalizado total o parcialmente el impuesto sobre el patrimonio, no difiera, sustancialmente, de los contribuyentes de las comunidades autónomas en las que no se ha optado por reducir la tributación de dicho impuesto*».

Estamos, polo tanto, de forma clara... Por certo, 3 millóns de euros e os que quedan entre 1 millón de euros e 3 millóns de euros, eses libran, eses non contribuirían. Co cal hai comunidades que poñen o mínimo en 700.000 e contribuirían a estes 3 millóns, e nas outras a partir dos 3 millóns contribúen, pero non antes. Co cal tampouco é unha harmonización moi ben pensada.

Pero, dito isto, é claro que se trata de neutralizar o exercicio da autonomía —é que o di a exposición de motivos da lei—, sen debate no Consello de Política Fiscal e Financeira, polo tanto, algo que afecta as relacións financeiras entre o Estado e as comunidades autónomas, porque, ademais, eses fondos que se din que se poderían adicar á tarxeta sanitaria queda con eles o Estado, dise que non se transfiren, salvo, por certo, ás comunidades forais, que xa se incluíron no cupo —agora volverei sobre isto—.

Pero, certamente, o recurso non vai de imposición sobre a riqueza, vai sobre defensa da autonomía financeira, e non contra a capacidade do Estado de gravar a riqueza. Podería telo feito, convocando o Consello de Política Fiscal e Financeira e reformando o imposto de patrimonio, que segue sendo estatal, pero non o fixo.

¿Que foi o que fixo? Primeiro, anuncia o Goberno —de feito, quen anuncia o imposto é a señora Montero—, logo por lei preséntase unha lei ordinaria na que non está este tributo que grava os beneficios extraordinarios da banca e das eléctricas e introdúcese unha emenda que, polo tanto, vai a unha lei ordinaria, cando as relacións coas comunidades autónomas o Tribunal Constitucional ten dito moitas veces que teñen que regularse por lei orgánica, como a propia LOFCA. E, ademais, inclúese a través dunha emenda que é incongruente co que di a propia lei que se reforma, e que tamén vai en contra de varias sentenzas do Tribunal Constitucional.



Aquí fíxose unha comparación coa Lei de medidas, aquí non chegamos nunca a crear por emenda ningún tributo, e certamente sobre a congruencia os letrados desta cámara son bastante exixentes, cousa que non ocorreu no Congreso con esta emenda incongruente.

Insisto: e podería terse modificado o imposto do patrimonio, e con iso consentir que os carcos viñeran ás comunidades autónomas, porque está cedido, e non quedar con eles a Administración central do Estado.

Hai que engadir, ademais, problemas de seguridade xurídica. O imposto foi publicado o 28 de decembro do ano 2022, é aplicable retroactivamente ao exercicio de 2022. Isto, evidentemente, é o contrario á certeza, ao principio de irretroactividade e, por suposto, á confianza que os cidadáns teñen nas normas xurídicas.

E a pregunta que eu lle fago ao Grupo Socialista, e tamén ao Bloque, é: ¿este é un antecedente válido: modificar o sistema de relacións entre as comunidades autónomas e o Estado a nivel financeiro por unha emenda non congruente presentada para modificar unha lei ordinaria, á marxe do Consello de Política Fiscal e Financeira e da LOFCA? ¿Sentaríamos un bo precedente se isto se convertese en regra? Se un día un goberno distinto ao seu e vostedes gobernasen unha comunidade autónoma fíxese isto e lles cambiase as normas fiscais por esta vía, ¿consideraría que estamos respectando a Constitución e o Estatuto? Insisto: eu creo que é un mal precedente.

Como dicía ao principio, o furor sanchista dalgúns deputados desta cámara pois non é moi coherente coa defensa de Galicia. Xa o vimos co IVA, cando nos dicían que non recorrésemos, estámolo vendo coa Lei do litoral, e, certamente, o criterio parece ser facer o que di a Moncloa.

Pero a min, permítame, señora Presas, tamén que quede con certa sorpresa co BNG. No debate deste tributo o deputado do BNG en ningún momento fixo alusión a que se vulnera a autonomía fiscal de Galicia, nin unha soa alusión no debate. Ao contrario que o fixo o PNV, por certo, que, como era necesario para o voto, conseguiu a cesión da recadación deste tributo. E agora presentan unha emenda que é de engádega; é dicir, están a favor de que a Xunta retire o tributo, pero ao mesmo tempo na súa emenda de engádega, como acaba vostede de explicitar, piden que o Goberno non interfira no exercicio das competencias autonómicas. É unha sorprendente contradición: por un lado, defenden a soberanía fiscal pero apoian que se retire un recurso en defensa da autonomía fiscal que exerce a Comunidade Autónoma (*Aplausos.*)

Dicía vostede que estamos nuns tempos políticos ben curiosos. Eu o que creo é que quen está nun punto bastante curioso é o Bloque, que non sabe como defender o feito de que o seu deputado non se dera conta de que con ese furor contra os ricos olvidase que esa era unha competencia autonómica e esqueceuse de defender o autogoberno no Congreso, que, por certo, si fixeron os deputados e senadores do Partido Popular cando denunciaron que este imposto ía en contra da autonomía fiscal. (*Aplausos.*)

Remato dicindo que, evidentemente, imos votar que non, que apoiamos que a Xunta presentara un recurso en defensa da autonomía fiscal da Comunidade Autónoma, da autonomía presente, pero tamén da futura, da que calquera goberno futuro da Comunidade Autónoma puidera exercer, e que perder este recurso abriría a porta a que calquera grupo parlamenta-



rio, calquera maioría conxuntural, á marxe da LOFCA, á marxe do Consello de Política Fiscal e Financeira, modifícase a capacidade fiscal da nosa Comunidade Autónoma; unha —insisto— capacidade fiscal garantida pola Constitución Española e o Estatuto de autonomía, e que este goberno, por suposto, fai ben en defender.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Puy.

Ten a palabra a autora da proposición non de lei, a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señora presidenta.

A ver, señor Puy, vostede sabe perfectamente que estamos ante unha situación extraordinaria e, polo tanto, por iso, estase falando dun gravame temporal e, polo tanto, é para atender unha situación non normal e non extraordinaria. E a verdade é que a min me sorprende a consideración deste recurso, por moito que vostede diga que é para preservar a autonomía da Comunidade Autónoma.

Eu o que lle preguntaría é se vostedes cren que este recurso está beneficiando a maioría das persoas da nosa Comunidade, se beneficia os galegos e as galegas, se é para reforzar os máis vulnerables, as empresas e as persoas autónomas que peor o están pasando, se é para reforzar as axudas á xuventude, para reforzar esas bolsas aos estudantes, para reforzar a formación profesional, para reforzar eses servizos básicos, nomeadamente a sanidade, a educación, as políticas sociais, para repoñer esa Tarxeta Básica, para crear realmente políticas de vivenda. ¿É para iso? Non, ¿verdade, señor Puy? Non, claro que non, non, non. Iso é simplemente para beneficiar novamente os seus amigos e amigas, os que máis teñen, os máis ricos, eses que vostedes chaman persoas de ben. Iso é como os da CEOE, que, mentres piden contención salarial, se incrementan o salario en 400.000 euros, ou eses que incrementan os beneficios das súas empresas a costa de obra pública e agora marchan de España para pagar menos impostos noutros países. (Aplausos.)

Mire, señor Puy e señora Presas, insisto: trátase dun gravame para situacións extraordinarias, e grazas a ese paraugas social do Goberno do Estado de Pedro Sánchez e aínda que a vostede o moleste que defendamos o presidente do Goberno, temos que poñer en valor todas as medidas que se teñen tomado para beneficiar a maioría da poboación.

Porque mire, con eses recursos para que saiamos todos xuntos sen que ninguén quede atrás, pois fixéronse eses ERTE, para que ninguén perdera o seu posto de traballo nos momentos máis difíciles. Con eses recursos rebáixase o IVE á electricidade; ¿recorda o señor Mariano Rajoy, que o incrementou ata o 21 por cento?; ben, pois co señor Pedro Sánchez baixouse ata o 5 por cento. Reduciuse o imposto especial da electricidade. Suspendeuse o imposto á xeración. Estendouse ese bono social eléctrico. Incrementouse o bono social térmico. Prohibiuse o corte de subministracións. E tamén se negociou ese mecanismo ibérico, que vostedes



insisten en que se chama timo ibérico, pero que vemos nas facturas de electricidade todos os meses; (*Murmurios.*) catro veces menos pagamos grazas a ese mecanismo ibérico xestionado polo presidente do Goberno.

E mire, tamén se baixou o IVE a determinados alimentos básicos, limitouse o prezo á bomba de butano, limitouse o prezo aos alugueiros ou suspendéronse os desafuzamentos. Tamén, unha bonificación de 0,20 céntimos no carburante, unha gratuidade nos bonos de transporte, que todos e todas estamos desfrutando. Axudas de 200 euros para aquelas rendas máis baixas ou 74.500 persoas en Galicia que están cobrando ese ingreso mínimo vital, que se ten incrementado nun 15 por cento, ao igual que as pensións non contributivas. Ou o reforzo a eses servizos de atención primaria. O incremento do salario mínimo interprofesional nun 8 por cento, situándoo en 1.080 euros ao mes, é dicir, 345 euros máis ao mes que cando estaba Mariano Rajoy. Ou eses máis de 2,5 millóns de euros do Goberno de Pedro Sánchez para esas bolsas de estudo á mocidade; é dicir, os que teñen esas bolsas de estudo, mentres a Xunta de Galicia as conxela, grazas a eses recursos que son transferidos polo Goberno do Estado, teñen 400 euros máis, cada estudante, nestas bolsas. Ou eses máis de 3,2 millóns de euros para a FP que acaba de poñer á disposición de toda (*Murmurios.*) —si, si— a cidadanía o Goberno de Pedro Sánchez. Ou cando falamos da reforma laboral, esa que vostedes meten nese paquete que queren derrogar e que grazas a iso estámolo vendo todos os días como mellora a afiliación á Seguridade Social e como melloran, como baixan as cifras do paro.

Polo tanto, señores e señoras neste caso do Partido Popular e tamén un pouco do Bloque Nacionalista Galego, en determinadas circunstancias excepcionais hai determinadas cuestións que pode ser que non se fixeran pois ao mellor da mellor maneira posible, pero do que si que non hai ningunha dúbida é de que se instauraron e se están implementando unha serie de medidas sen ningún precedente para axudar todas as persoas, todos os galegos e todas as galegas, cuestión na que a Xunta de Galicia o que prefire é baixarlles os impostos aos máis ricos mentres favorece soamente eses máis ricos fronte a favorecer a maioría dos galegos e das galegas. E esas si son as súas competencias, señor Puy.

Nada máis e moitas grazas.

(*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Sobre a emenda, señora Rodríguez.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Non, non aceptamos a emenda.

(*A señora Presas Bergantiños pide a palabra.*)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): ¿Para que quere a palabra, señora Presas?

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Quería pedir a palabra, ao abeiro do artigo 76.1, de inexactitudes, sobre unha inexactitude que o señor Puy verteu sobre o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, se me permite.



Ben, como ben sabe o señor Puy, que é un deputado moi rigoroso, que estou segura de que, coma min, leu os *Diarios de Sesións* do debate do Congreso e tamén da propia comisión, o deputado do Bloque Nacionalista Galego tivo unha intervención no debate de totalidade no que non falou das competencias a Galiza, porque o imposto que se debatía nese momento ás eléctricas e á banca non afectaba, (*Murmurios.*) igual que o voceiro do Partido Popular, que as únicas competencias das que falou foi da CNMC e no debate en comisión non houbo intervención.

Nada máis e moitas grazas.

(*Aplausos.*)

(*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Presas.

(*O señor Puy Fraga pide a palabra.*)

¿Si, señor Puy? ¿En base a que artigo quere vostede pedir a palabra?

O señor PUY FRAGA: O mesmo ca ela, pola imprecisión que ela acaba de dicir e tamén polo que exige o cumprimento do Regulamento. Porque a imprecisión non é unha imprecisión oral, senón que é documental, e aquí non se aportou ningún documento. A Presidencia non aplicou ben o Regulamento.

Pero, en segundo lugar, xa que abriu o debate, ela mesma...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Antes de continuar, señor Puy, espere un momentíño, faga o favor.

A señora Presas pediu a palabra en base ao artigo do Regulamento por unha imprecisión en función dunha afirmación que vostede fixo aquí. As imprecisións non teñen por que ser escritas. Dígoo porque vostede está asegurando que esta presidencia non está aplicando ben o Regulamento. (*O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.*) Espere. As imprecisións non teñen por que ser escritas, é a respecto dunha afirmación. (*O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.*) Non ten por que reabrir o debate. En todo caso, vostede ¿en base a que pide a palabra? ¿Imprecisión de quen?

O señor PUY FRAGA: A imprecisión que acaba de dicir a señora Presas co mesmo artigo sobre o que ela alude a que eu fago unha imprecisión, exactamente a mesma imprecisión...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Si, pero ¿cal é a imprecisión?

O señor PUY FRAGA: A imprecisión é que a señora Presas dixo que eu afirmei algo que era falso, que era que o señor Rego non defendeu a autonomía de Galicia cando se tramitou este tributo. Ela acaba de confirmar que é verdade, pero acaba de dicir outra imprecisión, (*Mur-*



murios.) que é que se esquece que este tributo volveu ao Congreso e no Congreso volveu intervir o señor Rego e o señor Rego no debate final de aprobación deses tributos tampouco defendeu a autonomía de Galicia. O certo é que non fun impreciso.

Grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Creo que a Presidencia aplicou o Regulamento dun xeito moi laso, para que os dous puideron manifestar as súas consideracións. Polo tanto, imos pasar ao seguinte punto da orde do día.

E, antes de facelo, imos saudar os alumnos e alumnas de 4º de ESO do IES Martaguisela, do Barco. Benvidas ao Parlamento.

Pasamos agora á última proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e seis deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que arranxe o firme das autoestradas A-6 e A-52 e para que estableza un plan de conservación das estradas da súa competencia en Galicia

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): A esta proposición non de lei presentáronse dúas emendas: unha do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e outra do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Luís Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Engadir un novo punto 3º na parte resolutiva co seguinte texto:

<<3º- Cree un fondo extraordinario de mellora da rede de estradas do Estado en Galiza mobilizando orzamentos non executados nos últimos anos, para levar a cabo actuacións de reforma integral primando a seguridade viaria e priorizando aquelas vías e treitos con maiores índices de sinistralidade.>>

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

<<O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:



1. Demandar do Goberno de España:

a) Que continúe, con toda a celeridade posible, co arranxo do firme deteriorado nas autoestradas A-6 e A-52 que son as principais vías de comunicación de Galicia e a Meseta.

b) Que estableza un plan de conservación anual de todas as estradas de competencia estatal en Galicia.

2. Establecer un plan de conservación anual de todas as estradas de competencia autonómica.»)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o autor da mesma, o señor Balseiro Orol.

O señor BALSEIRO OROL: Grazas, señora presidenta.

En nome do Grupo Parlamentario Popular, tamén saudamos os alumnos e as persoas que nos acompañan na tribuna do Parlamento.

Señorías, lamentablemente en Galicia en materia de infraestruturas resulta unha certeza incuestionable que Pedro Sánchez fai o contrario do que promete. Prometeu a chegada inmediata dos trens AVRIL e con eles do AVE por fin ao resto das cidades galegas e incumpre, un tras outro, todos os prazos comprometidos. É máis, a pesar do mandato unánime deste parlamento, que tamén contou co voto favorable do Partido Socialista, negan todo tipo de información á Xunta, aos galegos e ás galegas. O socialismo sanchista non quere dar a coñecer os prazos de entrega dos trens nin cantos deles e con que tecnoloxía chegarán a Galicia, nin como se están a desenvolver as probas que se están realizando.

Sánchez fai o contrario do que promete cando continúa bloqueando o traspaso da AP-9, co consentimento e complicidade dos seus socios do Bloque Nacionalista Galego. E todo iso a pesar de prometerlo nese pacto de investidura de Ana e Adriana, co que vostedes estafaron os galegos. É máis, tamén prometeron non subir as peaxes e fixeron todo o contrario, convertendo as autoestradas estatais en Galicia nas máis caras de España, e hoxe viaxar por elas é todo un luxo.

Nas bancadas da oposición desta cámara amosábanse especialmente molestos cando asegurabamos que Sánchez maltrata Galicia. Pero esta conclusión é unha realidade obxectiva se observamos a situación das estradas estatais na nosa comunidade.

Señoría, en Galicia temos tres autovías estatais para conectarnos co resto de España e as tres presentan algún tipo de problema ou deficiencia; deficiencias sen que o Goberno Sánchez teña unha planificación clara de como resolver eses problemas. Convídoos a analizar comigo a situación de cada unha delas.

A A-8, a autovía de conexión coa cornixa cantábrica, segue cos problemas de néboa cos que naceu e seguen sen ser capaces de aplicar solucións definitivas, nin as ensaiadas. Tamén a autovía de conexión coa Meseta por Ourense, a A-52, ten agora mesmo unha calzada cortada



por mor das obras urxentes nos viadutos. E tras un ano de obras de emerxencia e un investimento de 26 millóns de euros, en xuño de 2022 viamos como o viaduto do Castro, da A-6, colapsaba, e continúa hoxe en día cortado ao tráfico da A-6 en Pedrafita nos dous viadutos, tanto no sentido de entrada a Galicia como no sentido a Madrid, un problema para o que Moncloa non atopa unha solución de urxencia nin ofrece un cronograma crible; por ter, non contamos nin cun desvío provisional satisfactorio; nin sequera temos unha explicación convincente das causas do acontecido.

Insisto: cando estamos preto de que se cumpra un ano do colapso da ponte do Castro, o Goberno central négase a reconstruír os dous viadutos pola vía de urxencia e de xeito simultáneo, unha decisión que vai supoñer demorar a reconstrución completa da A-6 ata como mínimo o ano 2028, algo inadmisíble, xa que estamos a falar dunha das principais vías de comunicación de Galicia coa Meseta.

Por outra banda, para a A-76, a autovía Pinferrada-Monforte-Ourense, non hai previsión sobre o inicio das obras.

Señorías, non temos que ter reparos en dicir, alto e claro, que é urxente que o Goberno de España afronte con rigor e seriedade a conservación e o mantemento da súa rede de estradas; dicir, alto e claro, que é urxente solucionar as deficiencias que afectan as tres principais conexións por estrada de Galicia; e dicir, alto e claro tamén, que esta non é unha situación que se limite ás autoestradas estatais, que é xeneralizada e é unha situación común ao resto das infraestruturas viarias de competencia estatal.

Por exemplo, vímolos na miña terra, na Mariña, señora Otero, na nosa terra, o socavón na estrada 642, que obrigou a ter pechada esa estrada nacional, mentres a súa única alternativa, que sería a A-74, é unha autovía totalmente desaparecida dos presupostos xerais do Estado. E esa desastrosa situación témola tamén nas estradas N-120 e N-540. En todas elas multiplícanse as queixas dos seus usuarios e dos transportistas, pola grave deterioración dos seus firmes, que lastra a comodidade dos desprazamentos dos usuarios e tamén merma a seguridade viaria.

Señorías, a través desta iniciativa pedímoslle ao ministerio que estableza un plan de conservación anual para todas as estradas de competencia estatal en Galicia. Ademais, se queren facelo —e se queren facelo ben ademais—, non teñen que ir moi lonxe: que tomen nota do que fai a Xunta de Galicia. O Goberno galego segue dedicando cada ano un enorme esforzo orzamentario á conservación e mellora da rede viaria da súa competencia, á que vén destinando máis de 50 millóns de euros cada ano para continuar co Plan de reforzo de firmes de viabilidade invernal ou para a estratexia para a eliminación de tramos de concentración de accidentes. Se queren seguir unha folla de ruta que funcione, tomen exemplo da Xunta de Galicia. Mentres para o Goberno galego a seguridade viaria é unha prioridade, dos orzamentos do Ministerio de Transportes hai anos que desapareceu —e recalco o de desapareceu— unha programación específica de reforzos de firmes.

Señorías —conclúo—, defender Galicia tamén é defender que se dea un trato xusto no que respecta ás nosas estradas. Todos somos usuarios das estradas galegas e non imos permitir



que sigan maltratando desde a Moncloa a nosa Comunidade. Merecemos unhas estradas dignas, seguras e modernas e nas que se cumpra cos labores de conservación e mantemento básicos. Estamos cansos de esquivar fochancas ou lamentar accidentes.

Hoxe o Partido Socialista pode votar a favor desta iniciativa e despois, como no resto dos casos, non cumprir co que votan a favor nin co que prometen. Demostrarán que un voto prestado ao Partido Socialista é un voto perdido, entregado ao sanchismo, que maltrata Galicia, señores do Partido Socialista. Aquí púxenlles un exemplo; agora, como van ter ocasión tanto os seus socios do Bloque Nacionalista Galego como a portavoz do Partido Socialista de subir a esta tribuna, que me contradigan algo do que eu dixen aquí se non é certo. E, se é certo, estarán de acordo comigo en que Sánchez, o Goberno de España, encabezado polo seu presidente, maltrata Galicia; e se maltrata Galicia, maltrata os galegos e as galegas. Esperemos que haxa unha alternativa e que isto sexa por pouco tempo.

Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. Ten a palabra dona Patricia Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Decía o señor Balseiro e retábanos aos voceiros do Bloque Nacionalista Galego e do PSdeG a que subiramos aquí, a este atril, e dixeramos se algo do que dixo o señor Balseiro non era certo. Pois eu vou empezar por unha frase que dixo o señor Balseiro: «para o Goberno de Galicia a seguridade viaria é prioritaria». *(Risos.) (Aplausos.)* Repito, señor Balseiro: «para o Goberno de Galicia a seguridade viaria é prioritaria». *(Aplausos.)* Pois non é certo, porque se fora certo que para o Goberno galego a seguridade viaria é prioritaria, teríanlle dado xa un tirón de orellas a ese presidente da Deputación Provincial de Ourense, que a 215 creo que non é gardar moito a seguridade viaria, *(Aplausos.)* poñendo en risco a seguridade do resto dos usuarios da vía. Esa é a primeira non verdade que dixo o señor Balseiro. E, como nos retaba aos voceiros do PSdeG e do Bloque Nacionalista Galego, pois non o podíamos pasar por alto. Porque afirmar hoxe en día que para o Goberno da Xunta de Galicia a seguridade viaria é prioritaria, señor Balseiro, a verdade é que é ter pouco tino con esas declaracións. *(Risos.)*

E mire, despois, claro, esta iniciativa ía relacionada con dúas autovías, coa A-6 e coa A-52, pero imos seguir; imos seguir, que o señor Balseiro tamén faltou máis veces á verdade. A iniciativa ía sobre a A-6 e a A-52, pero os primeiros cinco minutos, señor Balseiro, vostede destas autovías non falou nada. Falou dos trens AVRIL, botándolle toda a culpa ao Goberno central. Vostedes urxen agora celeridade cando estamos nunha fase de seguridade outra vez, porque estamos a facer probas para que sexan o máis seguros posibles estes trens. Pero vostedes, cando había que pedirlle ao Goberno de M. Rajoy que encargara eses trens AVRIL, pois estiveron totalmente caladiños, non fixeron nada. Agora, como están tan comprometidos coa seguridade, agora que estamos nesa fase de darlles a maior seguridade a estes trens



AVRIL, vostedes piden de novo celeridade. É que, claro, señor Balseiro, eu non sei como non se pon vermello.

Fala aquí vostede do traspaso da AP-9. ¡Home!, ¡pero que vostedes veñan aquí dicir que nós somos os que estamos torpedeando este traspaso, cando vostedes ata en dúas ocasións — como lle teño dito en moitas ocasións —, un presidente do Goberno galego e unha ministra galega e tamén unha presidenta da Mesa do Congreso dos Deputados, foron os que bloquearon ata en dúas ocasións esta toma en consideración desta transferencia da AP-9!

Fala das peaxes. Pero ¿que lle vou dicir? Peaxes, a bonificación histórica desas peaxes da AP-9, que, por certo, non contaron co apoio do Grupo Parlamentario Popular. E, claro, falaban tamén da A-8, señor Balseiro, esa A-8 que leva autovía do Cantábrico. Pero, claro, agora no Partido Popular manda un señor de Ourense —antes mandaba un de Vilalba— e non sei por que se modificou ese trazado da A-8 e levouse cara ao interior. Ao mellor vostedes poderían explicar por que.

Empezaba o señor Balseiro dicindo que Pedro Sánchez fai o contrario do que promete co tema das infraestruturas. Eu voulle dicir e recordarlle unha cifra. Ao mellor as situacións nas que están as infraestruturas na nosa comunidade autónoma teñen algo que ver con eses algo máis de 2.000 millóns — máis de 2.300 millóns — que non foron executados polo Goberno de Mariano Rajoy en infraestruturas na nosa comunidade autónoma nos últimos anos de mandato do Partido Popular en Madrid. Ao mellor, se se executaran eses máis de 2.300 millóns que estaban nos orzamentos xerais do Estado para infraestruturas en Galicia, non estaríamos falando das condicións nas que se atopa a día de hoxe algunha das nosas infraestruturas. Repito: máis de 2.000 millóns — para ser exactos, máis de 2.300 millóns — sen executar en infraestruturas por parte do Goberno de Mariano Rajoy na nosa comunidade autónoma.

E este goberno, ese goberno no que —como di o señor Balseiro— Pedro Sánchez maltrata Galicia, pois dende o 2019 ata xaneiro de 2023 — imos falar de orzamentos pechados — máis de 552 millóns de euros para o mantemento e mellora da rede de estradas do Estado na nosa comunidade autónoma, un investimento histórico no mantemento da rede viaria, corrixindo, polo tanto, así o déficit que eu lle dicía do mantemento que arrastraba a rede de estradas do Estado en Galicia, debido ao deixamento e abandono de anteriores administracións do Partido Popular e agora garantindo os investimentos que a nosa rede necesita. Diversas actuacións que nós entendemos que son necesarias: melloras de firmes, interseccións, sinalizacións, balizamentos, drenaxes e estruturas, así como servizos de conservación e explotación ordinaria de estradas.

E voulle dar datos tamén de orzamentos pechados. No ano 2022, 204,20 millóns para inversións en infraestruturas, só en conservación 83,20; ou no ano 2021, 108,10, e en conservación, 60,5. Polo tanto, eses son os datos e aí están as realidades, pero temos que paliar ese déficit tan grave que tiñamos de cando gobernou o Partido Popular.

E referíndonos ás autovías das que fala vostede na súa iniciativa, vostede sabe que no relativo á A-52 — porque, claro, parece que coa súa iniciativa non se está a facer nada na A-52 nin



na A-6— foi adxudicada a reparación do firme en xuño de 2021, nesa estrada A-52. O vial dereito da A-52 en dirección Vigo xa está en execución, en verán cóntase con que a capa de rodadura definitiva e o pintado estean finalizados. E o proxecto da parte esquerda está rematado; en principio, este proxecto ronda os 10 millóns de euros e será licitado en breve. Polo tanto, non é verdade que non se estea a facer nada nesa autovía A-52.

E o mesmo acontece tamén coa A-6, na que a finais do ano 2022 foron adxudicadas por 8,1 millóns as obras de reforma entre os quilómetros 480 e 407 en sentido Madrid, porque os de dirección á Coruña xa están licitados.

Nós entendemos —e eu o outro día precisamente pasei por un treito da A-6 en que é verdade que o firme pois está moi deteriorado—, como así tamén o están a pedir os transportistas, que se debe arranxar. Pero eles saben tamén que ese é o compromiso, que xa está licitado e que en breve se empezará coa mellora dese firme nese tramo da A-6.

Nós presentabamos tamén esa emenda porque pedimos que a mesma dilixencia que se lle pide ao Goberno central tamén se lle pida á propia Xunta de Galicia, e tamén faga ese plan anual para a conservación e mantemento das nosas estradas.

Porque, xa que vostede falaba da nosa comarca, eu non podo pasar por alto, agora que imos empezar de novo unha campaña electoral, e seguramente vostede estaba nesa campaña-comida-mitin en Viveiro alí no ano 2019, cando o anterior presidente da Xunta de Galicia —vostede tiña que estar porque por aquelas tamén era delegado territorial—, o señor Feijóo comprometía o arranxo da estrada Viveiro-Cabreiros. Pero si, Óscar —Óscar era o antigo candidato do Partido Popular, que xa non é nestas eleccións o mesmo candidato— era o alcalde de Viveiro. Claro, todos e todas sabemos que María Loureiro seguiu sendo esa magnífica alcaldesa de Viveiro, (*Aplausos.*) e esa estrada segue sen arranxarse. Polo tanto, nós o que pedimos é que, agora que van ir por Viveiro e comprometerán de novo que van arranxar esa estrada —e vostede, que ten peso no Partido Popular na comarca da Mariña—, mentres non cumpran a promesa que fixeron hai catro anos —e que vostede estou segura de que estaba naquela comida-mitin—, que era facer esa nova estrada, polo menos que pinten a estrada LU-540, que une Viveiro con Cabreiros, que ten moito tráfico, e mentres non haxa unha nova. Esta estrada está totalmente abandonada, con moitas curvas e un firme perigoso e co risco que conleva a existencia de animais soltos, hai moita dificultade para ver as liñas da estrada cando chove ou cando hai néboa. Polo tanto, mentres non acometan a obra prometida, solicitamos, rogamos, pedimos que interceda vostede ante a Xunta de Galicia para que polo menos adecenten esta estrada, pola que pasan a diario os nosos veciños e as nosas veciñas dos concellos de Viveiro, Xove, Cervo —¡Cervo!, que agora vostede volve ir aí nesas listas electorais de Cervo—, O Vicedo ou Ourol, ao ser a única estrada que teñen de unión con Lugo, con Vilalba, con Ferrol ou coa Coruña.

Porque, claro, vostede aquí tamén falaba de que, tras ese socavón na N-642 —que lle recordo, señor Balseiro, que ese socavón tivo lugar un venres pola tarde, o domingo xa había habilitada unha saída e unha entrada a Burela—, claro, era necesaria esa autovía da Mariña, esa A-74, que nós precisamente trouxemos a debate a esta cámara pedíndolle ao Goberno central que lle dera un pulo a esa infraestrutura. Pero tamén os nosos veciños cando ían por



Viveiro tamén ían por esta estrada que lle digo que hai que mellorar, pero tamén botaban en falta que non está a VAC costa norte. Polo tanto, tamén novamente lle pido que interceda ante a Xunta de Galicia para que dunha vez a VAC costa norte sexa unha realidade.

Polo tanto, nós concordamos con que hai que mellorar o firme nestas autovías. Concordamos co que piden vostedes na iniciativa e presentamos a emenda pois como fan vostedes, porque cando algo xa está iniciado e xa se está facendo, pois vostedes presentan emendas dicindo «continuar»; pois dicir «continuar», porque o Goberno central xa está a traballar na A-6 e na A-52.

E se lle piden un plan ao Goberno central, un plan de mantemento anual, pois tamén llo pedimos á propia Xunta de Galicia. Aquí creo que cada un ten as súas responsabilidades, cada un debe de falar tamén coas administracións que son un pouco máis amigas para mellorar a vida dos nosos veciños e das nosas veciñas.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Paréceme moi ben que agora se acorden das autovías de competencia estatal. A verdade é que, se lle pediran tamén a Mariano Rajoy que realmente executara todos eses fondos e non deixara máis de 2.000 millóns sen executar en infraestruturas na nosa comunidade autónoma, estou segura de que a día de hoxe o firme das nosas autovías...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...estaría moito mellor.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Señor Balseiro, hai que recoñecerlle ao Partido Popular, e a vostede concretamente, un mérito, que é o ben que utilizan a economía de medios. (*O señor Bará Torres mostra un documento.*) Vostedes non fan PNL, fan tuits. Con nove liñas, a verdade que é admirable a capacidade de síntese do Grupo Popular. Como di o dito, adaptado: *lo breve, si breve, dos veces breve.*

Ben, a verdade é que, despois desta brincadeira, estamos falando dun tema moi serio, dun tema moi relevante e moi importante, porque é evidente o mal estado no que se encontran estas infraestruturas, tanto as autovías como a rede de estradas do Estado, aínda que, claro, vostedes teñen unha memoria selectiva. Porque vostede falounos de que A-8 segue cos problemas... (*Murmurios.*) —estades molestado— de néboa que ten desde que se construíu.



Señor Balseiro, ¿quen construíu a A-8? ¿Quen a meteu por aí? ¿Quen a meteu por un sitio onde non vivía ninguén porque había néboa? É unha responsabilidade do Partido Popular. Acepten vostedes tamén as súas responsabilidades. *(Aplausos.)*

E claro, é evidente o mal estado das autovías, da A-52 e da A-6, concretamente a A-52, aínda que, a pesar de todo, hai quen circula por elas a 215 por hora. Será que foi en Zamora, xa non estabamos en Galiza, entón xa non hai problemas de seguridade. *(Aplausos.)* Ou ao mellor é que non hai unha boa sinalización e ao mellor é que hai moitas rectas e haberá que facer curvas, para que non se produzan estas cousas.

Miren, este feito, ben, é unha auténtica burla, tomadura de pelo, que vostede diga aquí publicamente nesta tribuna que quere deixar claro que para o Partido Popular a seguridade viaria é unha prioridade, coa que está caendo, señor Balseiro, coa extrema gravidade dos feitos cometidos polo señor presidente da deputación, que son presuntamente delituosos, que son da máxima irresponsabilidade e da máxima indecencia, porque son unha ameaza para a seguridade, para a vida das persoas que utilizan as vías públicas este tipo de condutas. E porque son un atentado contra a exemplaridade á que se deben os cargos públicos, aínda que nalgúns casos e para algúns cargos públicos falar de exemplaridade é unha absoluta incompatibilidade.

Por iso, desde o BNG condenamos e reprobamos que un cargo público, concretamente o presidente da deputación, do Partido Popular, circule a 215 quilómetros por hora, conducindo un vehículo público e para desenvolver actividades privadas.

Parécenos que é un exemplo nefasto, negativo para a sociedade e que é totalmente incongruente coas declaracións públicas que se aproban e cos plans que se aproban neste parlamento. Porque, claro, podemos aprobar unha declaración en memoria das vítimas dos accidentes de tráfico e contra a violencia viaria, que di que debemos crear unha clara conciencia sobre os riscos e fomentar un sentido de responsabilidade respecto das normas de tráfico. Responsabilidades respecto das normas de tráfico. Así é como vostedes fomentan a responsabilidade e a exemplaridade. Este é o exemplo que lle dan á sociedade os cargos públicos do Partido Popular. *(Aplausos.)*

Pero, claro, nós pedimos unha reprobación e unha condena neste parlamento deste tipo de condutas e o Partido Popular negouse a facelo. E xa temos claro por que é: porque vostedes son reféns, son cativos do señor Baltar.

Miren, este tema das estradas e das autovías estatais foi obxecto de preocupación e de numerosas iniciativas do BNG, tanto neste parlamento como, sobre todo, no Congreso, a través do noso único deputado, o señor Néstor Rego, que se multiplica para estar en todo o país para levar alí as demandas, as necesidades das comarcas e todo este tipo de estradas, por exemplo ao respecto da N-120, que ademais é unha das vías máis perigosas do Estado — e algo terá que ver tamén o mal estado do firme e a deficiente conservación—, e, especialmente, no que ten que ver cun tramo que está nun estado desastroso, como o que vai entre A Pobra do Brollón e Monforte, duns 12 quilómetros, con fochancas e cun mal estado que é imposible de transitar.



Podemos falar tamén da N-541, que foi noticia tamén desgraciadamente, recentemente, por un accidente gravísimo. O BNG chamou a atención e exixiu e reclamou a súa mellora en distintos tramos, ademais dunha reforma integral. A 640, con diversas propostas de mellora, tanto na Mariña como tamén no Deza, na Estrada, en Cuntis, en Caldas de Reis. Ou a autovía A-52 e a A-6 tamén, que foron obxecto de debate reiterado neste parlamento.

É evidente o mal estado destas vías, que dificulta a circulación. Todos temos sufrido ter que circular por estas vías, co carril dereito nun estado lamentable e cos coches que pasan para o carril esquerdo para evitalo, cos conseguintes riscos que isto supón. É, polo tanto, necesaria unha actuación urxente, pero unha actuación o máis integral posible, porque os parches, normalmente, non son solución, ás veces incluso empeoran os problemas.

Pero, claro, vostedes tamén terán que asumir algunha responsabilidade nesta materia, porque vostedes estiveron gobernando desde o ano 2012 ao 2018 e iso tamén terá que ver co que pasou, co que pasa agora, igual que non se fixeran determinadas infraestruturas como a A-76. Vostede falou aquí da A-76, pero vostedes tiveron a oportunidade cando gobernaron tamén de impulsada e non o fixeron.

E claro, á parte disto, vostedes tamén deberían mirar a viga no propio, non só a palla no ollo alleo. E claro, hai tamén numerosas estradas da rede autonómica que teñen pendentes actuacións importantes de seguridade viaria en travesías urbanas, están pendentes circunvalacións; algunhas debían estar, como a de Carballo, rematadas no ano 2015.

Iso tamén ten que ver coa seguridade viaria e hai tamén numerosas vías de alta capacidade que estaban no Plan Move do ano 2010, que tiñan que estar rematadas no 2015 e aínda están agardando, señor Balseiro. Algunha responsabilidade tamén terá o Partido Popular, o Goberno da Xunta, en materia de infraestruturas.

Miren, aquí hai un problema de fondo con respecto ao MITMA, o ministerio chamado antes de Fomento, agora de Transportes, e é, por un lado, que ten uns orzamentos hipotecados, autenticamente hipotecados, por varias razóns. Unha delas é porque vostedes decidiron rescatar as ruinosas autoestradas madrileñas, que nos custou máis de 3.000 millóns de euros e que estamos pagando, (*Aplausos.*) todos e todas, *a tocateja*. E por iso os orzamentos están hipotecados. E tamén polo rescate das concesións das autoestradas, que eran de pago, no Levante por exemplo, en Andalucía ou en Castela, que lle custou ao ministerio, que lle custa ao ministerio 450 millóns de euros anuais, e que tamén pagamos relixiosamente dos nosos impostos os galegos e galegas, que, ademais de non mellorar as nosas estradas, estamos pagando a gratuidade das outras autoestradas.

E, ademais, hai outro problema de fondo, que é a baixa execución dos orzamentos do Estado e do Ministerio de Fomento. Efectivamente, a señora Patricia Otero fixo referencia aos orzamentos non executados tamén. Tivo aí un pequeno lapsus, porque non fixo referencia aos non executados polo Goberno do Partido Socialista e de Podemos.

As cifras son que se deixaron de executar 1.500 millóns de euros entre 2015 e 2018, gobernando o Partido Popular en Galiza, que nos deben. E entre 2015 e 2021, gobernando xa tamén —2021 porque é o último ano do que temos datos— o Partido Socialista, en total suman 2.823 millóns en total.



E claro, o problema é que os niveis de execución aquí en Galiza son do 50 por cento ou do 50 e pico por cento e en Madrid son do 120 por cento. É dicir, do que deixan de gastar en Galiza gástanos en Madrid, incrementando o orzado, e así nos vai.

Por iso o BNG presenta unha emenda na que, para complementar a proposta do Partido Popular, que imos apoiar, propoñemos un plan extraordinario de investimentos para compensar todo o que se deixou de facer ao longo de todos estes anos e para facer actuacións non só de conservación e mantemento, senón de reforma integral de todas estas estradas e autovías.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Grazas, señor presidente.

Creo, señora Otero, que ten un dato vostede mal. Eu non volvo ás listas de Cervo. Desde o ano 1999 non me fun nunca, fun en todas as eleccións, jeh! Quérolle dicir que tiña vostede mal ese dato. E parece mentira, porque ademais vostede aquilo coñéceo.

E miren vostedes, ¡home!, eu do caso de Baltar non sei se non confía vostede no señor Álvarez ou vostede non confía na señora Pontón, porque xa lle deu explicacións pola mañá o presidente da Xunta. Preguntaron vostedes, tanto o Partido Socialista como o Bloque Nacionalista Galego. Será que das autovías e das estradas non tiñan nada que dicir. Por iso desvían ao outro lado.

Pero volvo afirmar, jeh!: a seguridade viaria é prioritaria para o Grupo Parlamentario Popular e para o Goberno de Galicia. (Aplausos.)

Señora Otero, o que ten que dicir vostede é a verdade. O que ten que dicir vostede é que o Goberno de Pedro Sánchez fixo desaparecer as partidas orzamentarias do Plan de mantemento e conservación de estradas estatais, porque estaba condicionado a que querían vostedes financeiro impondo peaxes en todas as autovías, que hoxe son gratuítas. Iso si que non o dixo vostede. Sexan valentes. Querían facer pagar a todos os galegos por circular polas autovías estatais, que hoxe non teñen peaxes. E ocultaron este proxecto, téñeno ocultado, do que xa tiñan informado vostedes, xa teñen informado vostedes á Unión Europea; xa ten informado o Goberno de España á Unión Europea e téñeno ocultado nun caixón. ¿Sabe por que? Porque son eleccións. No momento en que pasen as eleccións, a ver o que pasa.

E, señor Bará e señora Otero, eu, se falo da néboa do Fiuco, falo porque a señora ministra no ano 2019 di: o MITMA inicia a fase de experimentación con prototipos en campo fronte á néboa nun tramo da A-8. Di: *El objetivo es validar la futura implantación en la autovía de so-*



luciones innovadoras que minimicen los efectos adversos de la niebla en el tráfico, cun investimento de 5,6 millóns de euros. (O señor Balseiro Orol mostra un documento.) Isto é o que di. Probablemente vostedes non tiñan esta información. Teñen que facer un seguimento mellor desa información.

Mire, sobre o traspaso da AP-9, era... Estes señores do Bloque Nacionalista Galego cando lle deron o apoio a Pedro Sánchez, que foi decisivo, porque Pedro Sánchez naquel momento na moción de censura saíu por un voto, pero, claro, vostedes foron os principais impulsores de poñer a Pedro Sánchez. O da AP-9 era un traspaso, xa estaba feito. A líder do Bloque Nacionalista Galego non dicía que só era a AP-9, dicía que viña a AP-9 e que ían baixar as peaxes. Iso é o que dicía, e vostede votou aquí neste parlamento e o Partido Socialista votou aquí neste parlamento a favor de baixar as peaxes. E, desde que vostede votou aquí e o Partido Socialista neste parlamento, o Goberno central tardou quince días en subir as peaxes da AP-9. Esa é a realidade. (Murmurios.)

O señor PRESIDENTE: Por favor, silencio, silencio.

Señor Balseiro, prosiga.

O señor BALSEIRO OROL: Grazas, señor presidente. É que molesta este ruído de fondo sen saber moi ben o que... Póñenme nervioso, sobre todo póñenme nervioso, seguro. (Risos.) (Aplausos.)

E, señora Otero, efectivamente, eu estaba nesa reunión en Viveiro. Non lle oín ao expresidente da Xunta en ningún momento dicir que a estrada Viveiro-Cabreiros se ía facer se o señor Óscar Rodríguez era alcalde. O presidente da Xunta dixo que a estrada de Viveiro a ía facer o Goberno de Galicia, e voulle informar como está. Neste momento xa estivo o proxecto a exposición pública, e neste momento está para licitar, para facer un investimento de máis de 13,5 millóns de euros nesa estrada. (Aplausos.) E claro que a vai facer o Goberno de Galicia, apoiado por este grupo.

Polo cal, eu termino, señor presidente. Vostedes nada tiveron que dicir do que o Grupo Popular lles expuxo aquí, porque é a realidade. Sánchez maltrata Galicia, Sánchez maltrata as infraestruturas. E referente ás emendas —termino, señor presidente—, imos aceptar a emenda de engádegas do Bloque Nacionalista Galego e non imos aceptar a emenda do Partido Socialista, porque non aporta nada, absolutamente nada, ao acordo que presenta o grupo maioritario desta cámara, o Grupo Popular. Espero que vostedes voten a favor e vostedes tamén.

Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Procedemos ás votacións das proposicións non de lei.



Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando a do Grupo Parlamentario Popular de Galicia por iniciativa do señor Ferro.

Non sei se hai unha transacción, que estaba pendente, co Grupo Socialista.

Déanlle voz ao escano do señor Ferro.

O señor FERRO IGLESIAS: Presidente, non houbo acordo de transacción e entón votamos o texto orixinal.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pois votamos o texto orixinal.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Sandra Vázquez Domínguez e seis deputados/as máis, sobre o posicionamento do Parlamento de Galicia en relación co modelo lingüístico de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de dona María Monserrat Prado Cores.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e dous deputados/as máis, sobre as xestións que debe realizar a Xunta de Galicia para a reversión ao sistema público da prestación do servizo de transporte sanitario terrestre.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario Socialista por iniciativa de don Pablo Arangüena.

Acéptase como engádega a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.



Votamos.

Votación do texto autoemendado e transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Pablo Arangüena Fernández e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Plan director da Rede Natura 2000 e os espazos protexidos de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: **Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista por iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo.**

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Rodríguez Rumbo e D. Gonzalo Caballero Miguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co recurso ante o Tribunal Constitucional sobre a Lei 38/2022, do 27 de decembro, pola que se crea o imposto temporal de solidariedade das grandes fortunas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 14; votos en contra, 38; abstencións, 18.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: **E agora votamos a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de don José Manuel Balseiro.**

Acéptase a emenda como engádega do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e non a do Grupo Socialista.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e seis deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que arranxe o firme das autoestradas A-6 e A-52 e para que estableza un plan de conservación das estradas da súa competencia en Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70.



O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións.

Continuamos coa orde do día, co punto 5º, interpelacións.

Interpelación de Dª Mercedes Queixas Zas e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o desenvolvemento dun plan para favorecer o uso da lingua galega

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Señor conselleiro, é vostede desde o ano 2015 o máximo responsable dunha macroconsellería que contén a responsabilidade sobre cultura, sobre educación, sobre formación profesional, sobre ordenación universitaria e, aínda que non está explicitado nesta longa restrá de apelidos, tamén é vostede o máximo responsable da política lingüística do Goberno. Mais a pregunta é logo: ¿ula? ¿Onde está a política lingüística?

Pois ben, a política lingüística, singularizada dentro da Secretaría Xeral de Política Lingüística, está illada, recluída dentro do organigrama de Educación; é dicir, carente e ausente dun proxecto de política lingüística que verdadeiramente sexa transversal a toda a acción do Goberno, como no BNG entendemos que debe ser. Mais a realidade demostra que a súa política lingüística nin está a actuar con criterios de eficacia e eficiencia dentro da educación nin tampouco, fóra da educación, no conxunto da acción do Goberno.

A pregunta é: ¿por que? E a resposta nós entendemos que é debido á irrelevancia con que o Partido Popular entende que debe atender ao desenvolvemento da política lingüística, entendéndoa como unha área profundamente transformadora, transversal e ademais empoderadora da sociedade galega.

Sen dúbida, é toda unha declaración de intencións sobre cal é a súa consideración sobre a situación do presente e sobre todo os camiños do futuro para a lingua galega, unha consideración que máis ben parece unha anécdota, un apéndice, entendido desde a concepción da secundarización, da subalternidade, un complemento indirecto, un complemento circunstancial e non un suxeito propio en si mesmo, como —non o dicimos no BNG, non o di esta deputada— así confirman sucesivas, continuadas avaliacións académicas, científicas, estatísticas, sempre externas ao Goberno. Porque as avaliacións da política lingüística da Xunta de Galiza xa sabemos que van polo aire e volven polo vento.

Vostede, señor conselleiro, sabe perfectamente, coma min —como docentes aínda nos movemos en clave de curso escolar, de curso académico—, que neste momento na nosa mente



non hai outra palabra nin noutro escenario posible que non sexa conxugar o verbo «avaliar». E por iso nós volvemos preguntar aquí nesta cámara, desde o grupo do BNG, se vostede, como conselleiro, tamén se aplica esta orde de avaliación e a aplica sobre o funcionamento da política lingüística da consellería que vostede dirixe, sempre atendendo, por suposto, ao rigor dos resultados, e desde esa visión dunha avaliación, como vostede ben sabe, que ten que ser sempre continua e global.

E preguntámolo porque sempre que solicitamos, ao longo desta lexislatura, como tamén nas anteriores, algún tipo de avaliación da súa política lingüística, como di —insisto— a orde, conforme os resultados obtidos, polo tanto cualitativa e non só como unha enumeración de datos absolutamente traídos aquí ao chou e inconexos entre si, a resposta que nos chega sempre de vostede, da súa consellaría, do Goberno do Partido Popular, é esa que reza, ao máis puro estilo narrativo de Mariano José de Larra: «*vuelva usted mañana*» .

Insiste vostede, de forma reiterada —teno feito nesta cámara—, en seguir actuando de forma ilegal, incumprindo a súa propia lexislación. Non vou lembrar aquí, por exemplo, o que di a disposición quinta do Decreto do plurilingüismo a respecto desa necesaria avaliación que vostede ten que facer e entregar curso tras curso. Nada soubemos realmente nin da avaliación nin da continuidade deses plans que vostedes presentan desde os seus gabinetes de prensa cando realmente non teñen nada que facer. Daquel Plan de dinamización da lingua galega na mocidade ou no tecido socioeconómico non vimos avaliación, mais debeu de quedar todo perfectamente resolto porque non volveu haber ningún tipo de continuidade nin mención a estes dous ámbitos tan importantes.

Están vostedes actuando, deliberadamente, como unha administración *okupa*, incumprindo a lexislación que vostedes mesmos aproban para supostamente protexer o galego, e seguen actuando con esa pasividade que os caracteriza ante o que é un flagrante retroceso no uso e agora tamén, ademais, por primeira vez, un retroceso no que é a adquisición de competencia e a aprendizaxe da lingua propia. Polo visto, señor conselleiro, vostede confórmase con ir pasando de curso, cada vez, iso si, con máis materias pendentes.

En calquera caso, avaliacións si que hai, aínda que non veñan, como debera ser, do propio Goberno galego, da Xunta de Galiza. Si as hai porque a sociedade galega actuou, non permaneceu para nada impasíbel nin resignada, senón que reactivou a súa conciencia lingüística e o seu compromiso tamén co presente e co futuro do galego, porque non acepta renunciar ao seu amor polo galego.

E son moitísimas as noticias que vostede coñece perfectamente, igual que coñecemos nós, pero que é bo refrescar, aínda que pois evidentemente pola premura e a limitación do tempo só podemos facer mención dalgúns titulares, dalgunhas noticias, dalgúns contidos que son fundamentais dos últimos tempos: (*A señora Queixas Zas mostra uns documentos.*) Un documental en inglés reflicte a discriminación que sofre a lingua galega, Tres horas na comisaría para poder poñer unha denuncia en galego, *La peor década para el gallego* —así, bilingüismo harmónico, como lles gusta a vostedes—, A CIG exige implementar a aplicación Minerva en galego para favorecer a normalización na Xustiza, O proceso de desgaleguización acelérase nas actividades extraescolares e de conciliación, A comunidade educativa demanda da Xunta



diálogo para normalizar o galego no ensino —un diálogo que nós tamén reclamamos aquí e foi sistematicamente vetado—.

A presidenta do Consello da Cultura Galega di: Estamos privando a infancia do dereito á súa lingua e á súa cultura. O Consello de Europa volve reprimir o Goberno por manter as limitacións ao galego. A Real Academia Galega insta a Xunta a seguir as recomendacións do Consello de Europa e pór fin ás restricións do galego no ensino. Feijóo desdénha as críticas do Consello de Europa á política lingüística da Xunta: «Alá eles» —dixo literalmente—. A escola actúa como un axente desgaleguizador, destaca a Real Academia Galega. A dixitalización nas aulas de ESO reduce aínda máis a presenza do galego, alerta un informe da Mesa. En 2021 a Valedora do Pobo recibiu 261 queixas sobre dereitos lingüísticos, o triplo que no ano anterior, en 2020.

O uso do galego na escola caeu en picado coa entrada en vigor do Decreto de plurilingüismo do Goberno de Feixóo. A baixa competencia en galego do alumnado na fin da ESO acentúase no ensino privado; un 35 por cento dos castelanfalantes remata a ESO cunha competencia escasa en galego. O presidente da Real Academia Galega, ante os datos da competencia lingüística, di: «Algo está a fallar, non miremos para outro lado».

Vostedes optaron por mirar todo este tempo, con todas as avaliacións rigorosas, científicas e académicas enriba da mesa, cara a outro lado, e falaron sempre de que o que vostedes estaban a defender era a liberdade para o galego. Nós preguntámoslle, desde o BNG, señor conselleiro: ¿onde está a liberdade e a igualdade para o galego cando as nosas crianzas só teñen unha oferta dun 0,6 por cento de xoguetes en galego fronte a un 99,4 por cento de xoguetes en castelán? ¿Onde está a liberdade e a igualdade para o galego cando só temos un 4 por cento de acceso a canles de televisión en galego e, polo tanto, un 96 por cento de canles de televisión en español? ¿Onde está a liberdade e a igualdade para o galego cando un 24 por cento dos menores de 14 anos non sabe falar en galego con fluidez? ¿Onde está a liberdade e a igualdade para o galego cando só o 5 por cento das sentenzas xudiciais se emiten en galego fronte a un 95 por cento en español? ¿Onde está a liberdade e a igualdade para o galego cando apenas un 1 por cento dos seguros se realizan en galego e un 99 por cento en español? ¿Onde está a liberdade e a igualdade para o galego cando apenas temos un xornal diario impreso en galego fronte a catorce cabeceiras en español? ¿Onde está a liberdade e a igualdade para o galego e, sobre todo, onde quedou a súa falacia da suposta imposición do galego? Esa é resposta que vostedes aínda teñen pendente de dar.

Estes titulares confirman que están vostedes a desenvolver unha política lingüicida que está a incumprir deliberadamente a Lei de normalización lingüística, o Plan xeral de normalización da lingua galega e a Carta europea das linguas minorizadas; o que é o mesmo: están vostedes a incumprir os dereitos lingüísticos, que fan parte —non os esquezan nunca— dos dereitos humanos.

Mais, por se a hemeroteca ofrece dúbidas —aínda que trouxen fontes moi diversas—, supño que non cuestionarán os seus propios documentos. E aquí trouxeron o Plan estratéxico de Galicia 2022-2030, que recolle fielmente todos os datos de todos os inquéritos do Instituto Nacional de Estatística, o Instituto Galego de Estatística e demais fontes científicas que nós aquí temos traído a debate tantas veces. Aí están recollidos no Plan estratéxico, como están



recollidas as consecuencias, que son o retroceso no uso na competencia en galego e, como conclusión xeral, o estancamento no uso habitual do galego, que presenta significativas diferenzas xeográficas e por grupos de idade.

Ese Plan estratéxico é toda unha emenda á totalidade da súa política lingüística. Nega todo o seu discurso destes catorce anos de goberno, nega todas as falsidades ditas nesta cámara pola súa parte —pola da do Goberno da Xunta— nesta lexislatura e nega mesmo ese insulto á intelixencia dunha proposición non de lei que o Grupo Parlamentario Popular trouxo onte tamén a esta cámara.

O Plan estratéxico recolle como liñas de actuación unha que para o noso ver é fundamental e que levamos demandado todos estes anos: poñer en marcha as medidas aprobadas no Plan xeral de normalización lingüística de 2004, que vostedes arrombaron absolutamente do escenario da política lingüística, e recolle como reto tamén conseguir que a cidadanía teña garantida a posibilidade de vivir en galego en todos os ámbitos. Mais o que nos preocupa no BNG é que vostedes esqueceron concretar cales van ser as accións que van poñer en marcha, cal é o plan e o compromiso firme que van vostedes poñer en marcha para desenvolver...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora QUEIXAS ZAS: ...esta liña de actuación e este reto. Estamos por iso na obriga, como forza que lidera a oposición e chamada a ser alternativa de goberno, a facerlle aquí esta pregunta: ¿como vai facer desde a súa consellería para superar esta perda de uso recollida no Plan estratéxico de Galicia 2022-2030 para o galego e como vai garantir a posibilidade de vivir en galego en todos os ámbitos?

Moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, don Román Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Ben, en Galicia temos un modelo lingüístico que os cidadáns coñecen —coñéceno moi ben— e que vén avalado reiteradamente co seu apoio electoral, porque sempre é unha cuestión, sempre é un cabalo de batalla electoral que temos encima da mesa.

Este modelo sostense en varios principios: o primeiro é a igualdade e o respecto á lei, garantindo os dereitos de todos os cidadáns; o segundo é a convivencia harmónica de dous



idiomas oficiais, de dúas linguas oficiais; e o terceiro é a liberdade, a liberdade para que calquera persoa poida empregar a lingua que desexa en calquera ámbito.

E a nosa preocupación política é que fundamentalmente que poidamos utilizar a lingua en calquera ámbito se cumpra. A lingua é unha riqueza e nesta última década —por certo, sen ningún tipo de imposición e sempre con respecto— fomos capaces de acadar —pese ao datos que di vostede, que non sei de onde os pode sacar— o maior índice de coñecemento e competencias na lingua galega.

En Galicia non existe un problema lingüístico e a lingua non é un motivo de confrontación, salvo para aqueles que dentro do espectro lingüístico están nun extremo que din que se fale só o castelán ou aqueloutros que están no outro extremo e din que se fale só o galego. Afortunadamente, somos unha comunidade bilingüe na inmensísima, inmensísima maioría da poboación, que entende, fala, le e escribe en galego e en castelán.

O noso modelo baséase en conceptos como o respecto, como a liberdade, como o coñecemento, como a convivencia e como o uso en calquera espazo. Este é o noso modelo, é o modelo de Galicia —que obviamente non é o modelo do BNG—, é un modelo de éxito e é un modelo que nós defendemos. (*Murmurios.*)

A verdade é que, hai non demasiado tempo, hai aproximadamente un mes, eu levei un pequeno susto. Estaba vendo como había unha especie de cambio no discurso político neste caso do Bloque Nacionalista Galego. Daba a sensación de que se estaban moderando, por interese político obviamente, por parecer moderados ante a sociedade galega. Chegouse a dicir, chegouse a falar aquí por parte dun representante do Bloque Nacionalista Galego en positivo do plurilingüismo, algo que nunca se fixera. Hoxe o BNG —xa o vimos na anterior iniciativa e tamén nesta interpelación— volve ás súas esencias, volve ser o BNG puro, ¿non? Supoño que dende aquel momento ata hoxe alguén lle tirou das orellas a alguén e supoño que se volve pois á situación previa. Viamos un oportunista e interesado rebaixamento da súa intensidade neste ámbito. E tamén sería bo —eu creo que sería bo, moi bo— que os galegos, que Galicia soubese cal é o modelo lingüístico do Bloque Nacionalista Galego. Xa que, como din vostedes, aspiran a gobernar, terán que ir dicíndolle á sociedade cal é o seu modelo lingüístico.

Fago unhas reflexións e comparto estas reflexións coa Cámara. ¿Vostedes están a favor do respecto e o consenso lingüístico da defensa da lingua propia baixo o marco da Constitución, baixo o marco do Estatuto de autonomía, ou vostedes prefiren a ruptura ou a confrontación? (*Murmurios.*) Iso é unha boa reflexión. Acabamos de ver unhas emendas parlamentarias onde se pretendía rachar con todos os grandes consensos lingüísticos deste país.

Tamén sería bo saber se vostedes apostan pola convivencia das dúas linguas oficiais e o plurilingüismo ou consideran que é superior un sistema no que, de xeito bastante iluso, pensan que se pode obrigar a falar unha lingua por decreto. Sería bo sabelo. ¿Cren que os galegos e as galegas deben poder escoller a lingua na que falan, con liberdade... (*Murmurios.*), ou prefiren vostedes un modelo de control político sobre algo tan íntimo para as persoas como é a lingua, na que precisamente as persoas nos relacionamos? Sería moi bo que o souberamos.



Como tamén sería moi bo saber se vostedes cren que se deben empregar ambas as linguas no ensino con carácter vehicular, como é o de equilibrio, ou se prefiren unha inmersión total nunha soa. Non hai moito tempo vostedes plantexaban aquí como modelo moi positivo Luxemburgo, onde hai catro linguas —díxose aquí nesta cámara—.

¿Están vostedes tamén a favor de que unha lingua, sexa o galego ou sexa o castelán, sexa utilizada ou sexa empregada practicamente de xeito exclusivo con fins partidistas e de identificación ideolóxica ou política, e que se diga: esta persoa, como fala galego, é así, e esta persoa, como non fala galego, é así? ¿Vostedes están de acordo con iso, si ou non? (*Murmurios.*)

¿E vostedes cren que un goberno debe ou non respectar a liberdade das persoas para que nunha sociedade como a nosa, unha sociedade bilingüe, nos poidamos expresar en liberdade? Eu creo que iso había que sabelo, porque se vostedes aspiran..., (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): ... —e repíteno tantas veces— a ser a alternativa que se plantexa para Galicia, sería bo que os galegos —a inmensa maioría dos galegos e non só unha parte dos galegos— soubesen cal é o seu modelo.

Porque, claro, é moi difícil discutir con vostedes con seriedade, porque acabamos de escoitar agora mesmo unha cuestión, (*Murmurios.*) acabamos de ver como nos piden que apliquemos, que defendamos, que impulemos a Lei de normalización e o Plan xeral, e acaban de rexistrar unha emenda —por certo, rexeitada polo Grupo Parlamentario Popular— onde era xusto o contrario: que hai que derogar, cambiar e modificar. Ou o cumprimos ou o derogamos. Por iso é importante que vostedes lles digan a verdade, lles conten a verdade aos galegos do que queren facer, porque un día falan de moderación e o outro día pois volven ás súas esencias fundamentais.

Ben, a verdade é que vostedes defenden a súa ideoloxía, defenden que en Galicia só en galego. É respectable, pero eu creo que é bo que o digan. Se o defenden claramente e se están en contra das reflexións plantexadas, eu creo que é bo que se diga, como se acaba de ver na votación que acabamos de ter.

E aquí fálase tamén da importancia dos datos. E eu creo que hai que poñer encima os datos; non os datos parciais, concretos e específicos que a min me gustan, senón os datos que dan organismos oficiais absolutamente independentes e que avalían claramente as políticas lingüísticas, e non coller como fonte pois a Mesa ou a CIG. Se vostedes collen como fonte a Mesa ou a CIG, entenderá que eu polo menos desconfíe deses datos; ao mellor equivócome, e se me equivoco, pido perdón de modo preventivo. Pero coller a Mesa e a CIG como fonte de peso para facer avaliacións é cando menos curioso.

Ben, ¿que nos di o IGE? Aquí falábase de competencias lingüísticas. ¡Home!, ao mellor en Galicia somos moi malos, ¿non?, pero somos dentro das linguas cooficiais das comunidades autónomas de España aquela que ten un maior nivel de competencia oral e escrita. Son datos comparativos entre Galicia, País Vasco e Cataluña.



Mire, en Galicia —datos IGE e datos INE— o 98,6 por cento dos cidadáns entenden o galego, en Cataluña o 94 por cento, no País Vasco o 50 e pouco por cento. En Galicia, máis do 97 por cento falan o galego, máis do 97,4 por cento len en galego; e en Cataluña o 80 por cento, no País Vasco o 60 por cento. E, claro, están cuestionando que non hai competencias lingüísticas ou que estamos mal desde a perspectiva de competencia lingüística.

En PISA o alumnado galego é o que fala con maior fluidez e con maior facilidade as dúas linguas cooficiais, o 96 por cento, unha porcentaxe moi superior á do País Vasco e moi superior á de Cataluña.

E, por certo, este mesmo informe dinos que os xoves galegos son os máis respectuosos con outras culturas, dentro das comunidades autónomas de España, xunto con Canarias. Ao mellor tamén ten algo que ver todo isto. É un índice, no cal non temos nada que ver, que foi o Ministerio de Cultura de Francia, que nos di que o galego subía 13 posicións no indicador das linguas máis prestixiosas do mundo, sendo a número 37. Obviamente, vostedes prefiren a CIG como fonte de información. Eu estou falando do Ministerio de Cultura de Francia e creo que son datos facilmente comparables.

Mire, hai unha política lingüística moi intensa. Vostedes coñécena: a Rede de dinamización, os plans de fomento, o programa de dinamización, a proxección internacional da Lei Paz Andrade. Por certo, poñeremos en marcha, xa está practicamente para asinar, un programa pioneiro xunto co Instituto Camões, o Acredita Portugués, para que aqueles alumnos que, en base á Lei Paz Andrade, estuden portugués poidan ter un título oficial e acreditar os seus coñecementos, algo que é tremendamente significativo e importante para dar oportunidades. Xa está redactado este convenio e ímolo poñer encima da mesa.

E aquí hai que falar tamén do futuro e é tremendamente importante falar das tecnoloxías. E aí temos o proxecto Nós. E eu quixera aquí trasladarlle e informala de que xa están rematadas tres ferramentas ao carón do proxecto Nós que serán claves, sen dúbida, nos próximos anos. Está listo un tradutor de galego con tecnoloxía neuronal, que supera calquera outro que exista ata agora; xa rematamos a primeira tecnoloxía que entende o galego oral e o pasa a texto; e outra que a partir dun texto é capaz de ler a lingua galega. E en próximas semanas estas novas capacidades estarán en aberto para que calquera persoa, empresa ou proxecto os poida utilizar.

E, tamén aproveitando as Letras Galegas, imos ter un fito histórico. Imos, por primeira vez, facer un *spot*. O *spot* deste ano das Letras Galegas fai e emprega a primeira locución da historia en lingua galega usando a tecnoloxía xerada por intelixencia artificial. Eu creo que a intelixencia artificial, o proxecto Nós e o uso das tecnoloxías é unha das claves básicas para que o galego poida manterse no futuro como unha lingua viva e, sobre todo, para que sexa atractiva para os máis xoves.

Nós temos que garantir que a cidadanía, que os cidadáns teñan garantida a posibilidade de vivir en galego en todos os ámbitos. Esta é unha frase exacta do plan que vostedes están aquí poñendo encima da mesa. Nós estamos impulsando esta liña.



E, en definitiva —e xa para rematar—, en Galicia temos un modelo de convivencia, nas dúas linguas, de cordialidade, de respecto á lei e de liberdade; un modelo no que sen confrontación e sen liortas lingüísticas interesadas acadamos o maior índice de coñecemento do galego da nosa historia, —repito— o maior índice de coñecemento do galego na nosa historia; datos absolutamente oficiais.

E temos un compromiso político claro e avalado polos cidadáns para defender o galego, defender o galego sen atacar a ninguén, entendendo que o galego, por suposto, nos define como pobo e que o bilingüismo é unha realidade, é unha riqueza para Galicia, que é claramente o noso modelo e que vostedes, cos seus marcos intelectuais e ideolóxicos, pois non o ven así.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, estábao escoitando e veume ao acordo unha desas sentenzas maxistráis do grandísimo Arsenio Iglesias —en paz descanse—: «moito que dicir e pouco que contar».
(Aplausos.)

En calquera caso, teño que dicirlle que me sorprende a aceptación da realidade ao sentir que me ten que interpelar vostede a min. Parece que mudamos os papeis, pero teño que lembrarlle que, de momento, conselleiro segue a ser vostede, aínda que sexa en tempo de desconto e cun goberno que vai sobre rodas de repostos *(Aplausos.)* a 200 quilómetros por hora, incumprindo a Lei de seguridade viaria e ao que, desde logo, nin o presidente da Xunta reprobou nin moito menos cesou, nin a vostede lle escoitei nin unha palabra de reprobación nin a ningún membro do Grupo Parlamentario do Partido Popular. Seguimos esperando, igual que o resto da sociedade galega. *(Aplausos.)*

Levanten o freo de man dunha vez ao futuro vital do galego, para cumprir a lei, que seguen vostedes incumprindo. Deixen de comportarse como un goberno colonizador, deixen de ignorar institucións como o Consello da Cultura Galega e a Real Academia Galega, que son entidades científicas que advirten exactamente da realidade e dos datos nos que nós nos apoiámos. E, sobre todo, respecten a intelixencia natural.

Vostedes é certo que están lexitimados para gobernar, pero non están lexitimados para gobernar en contra do galego. Esa función si que non llela deu o pobo galego cando depositaron tanta confianza en vostedes.

E fala vostede dun modelo de éxito. Efectivamente, agora si que quedou claro, do pouco que quedou claro, porque do que eu lle preguntei non respondeu a nada. O modelo de éxito de



que o galego vaia a menos. Ese é o modelo de éxito do PP, porque era o que querían vostedes desde o minuto un en que empezaron a gobernar.

Miren, vostedes asfixiaron economicamente e estruturalmente calquera posíbel desenvolvemento en positivo para a lingua galega. A día de hoxe non se chega nin á metade do orzamento que había para política lingüística no ano 2009. E aínda lle vou dicir algo máis: ¿vostede, de verdade, parou a pensar e fixo avaliación —que é moi importante avaliar non só os demais, senón tamén avaliar o noso traballo—, vostede cre que todo o diñeiro que vostedes aplicaron e desenvolveron, xestionaron en principio, desde os diferentes orzamentos da Xunta de Galiza nestes catorce anos, cos datos que temos hoxe en día, iso foi unha xestión do diñeiro público realmente atendendo a criterios de eficacia e de eficiencia? ¿Vostede cre que fixo incluso ata unha boa xestión deses exiguos recursos públicos que supostamente ten dedicado á lingua galega, á normalización da lingua galega? Desde logo, se vostede fose o máximo representante dentro dunha empresa privada, hoxe mesmo, con estes datos negativos, vostede estaría cesado. (*Aplausos.*) E, se non o está, é porque está aplicando a política lingüicida do Partido Popular, que vostede subscribe desde o primeiro día.

Vostede e vostedes, dende o Goberno do Partido Popular, asfixiaron calquera posibilidade de vida para o futuro do galego pola vía normativa e pola vía legal. E fixérono conscientemente, e por iso estamos nese modelo de éxito que vostede segue a reivindicar. Vostedes sostiveron durante estes catorce anos a mentira coa que chegaron ao Goberno, e na que a inmensa maioría da sociedade vostede sabe perfectamente que non acredita. Chegaron desde o autoodio, desde o sectarismo, negando absolutamente todo durante todos estes anos e asumindo como propia aquela falacia duns poucos, dunha minoría que se facían chamar «Galicia bilingüe» e que agora xa se chaman explicitamente «Hablemos español», de que o castelán estaba en perigo, de que o galego se impoñía e de que o importante era aprender inglés.

¿Que temos agora? ¿Cal é, efectivamente, o éxito da súa política lingüística? O que xa tiñamos daquela, naquela altura, pero agora reforzado: o avance progresivo do proceso de substitución lingüística e o avance do monolingüismo. Si, señor, o que vostedes defenden, fronte ao que defendemos nós: menos galego, menos inglés, menos portugués e máis castelán. Ese é o éxito e ese é o rédito da súa política lingüística. (*Aplausos.*) Vostedes xa fan parte dun novo capítulo do libro negro da lingua galega. Son vostedes os que están escribindo o próximo capítulo, porque sempre pasarán á historia por ser o Goberno que en democracia prohibiu aprender en galego.

Fronte a ese libro negro que vostedes queren seguir escribindo, está o libro branco cheo de voces da sociedade galega, que non está disposta a aceptar o seu «non» ao galego, converténdoo nunha lingua estranxeira no propio país. Están estes catorce anos cheos de fotografías de dignidade, coa sociedade galega manifestándose a prol do noso idioma propio e oficial, dicindo «queremos galego». Está esta cámara agardando a levantar o veto á sociedade, que mesmo chegou a elaborar propostas de bases para a normalización do galego no ensino. E está esa iniciativa Xabarín, tamén popular, que viu a esta cámara, asinada por máis de 33.000 persoas, un profundo labor coordinado, si, con toda dignidade e con todo orgullo, e dígoo pola Mesa pola Normalización Lingüística, aínda que a vostede parece que o molesta,



e do que fan parte precisamente como socios e socias moitas persoas moi recoñecidas dentro do Partido Popular.

Esa iniciativa Xabarín, que onte nos deu unha alegría —insisto: por iniciativa popular—, e é que o Parlamento Europeo, defendido pola nosa portavoz na Eurocámara, a compañeira Ana Miranda, votase a favor da dobraxe e da lexendaxe nas linguas minorizadas, por suposto, incluíndo o galego. *(Aplausos.)* Con esa maioría social é coa que estamos no BNG.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora QUEIXAS ZAS: Por iso —remato, señor presidente—, por iso, efectivamente, o BNG se parece á inmensa e diversa maioría da sociedade galega, que quere máis galego. Estamos, efectivamente, con esta sociedade no amor ao galego e á súa práctica viva, entre todo tipo de persoas, entre aquelas que usan o galego ou non o usan, entre aquelas que o recibiron como herdo de transmisión familiar ou aquelas que chegaron a el desde a discriminación, desde o autoodio ou desde a prohibición, como ocorre hoxe en día, ou aquelas que chegamos ao galego como neofalantes tamén no seu momento.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Remate, por favor.

A señora QUEIXAS ZAS: Hai noticias positivas para o galego, que son as que queremos no Bloque. *El uso del euskera aumenta en Euskadi con 261.000 hablantes más que hace treinta años.* Esta noticia é do mes de marzo deste ano, señor conselleiro.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora QUEIXAS ZAS: Para estas noticias son para as que imos traballar no BNG.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Señor presidente, pídlle que me deixe rematar, como pleno previo ao Día das Letras Galegas, con simplemente dúas liñas do autor homenaxeado este próximo 17 de maio, Francisco Fernández del Riego: «Galicia é un país propio, non é unha xeografía habitada, ten un carácter diferencial, un idioma e unha cultura de seu».

Moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da interpelación, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.



A verdade é que hai unha Galicia real e hai unha Galicia do BNG, porque, segundo vostedes, se a inmensa maioría da sociedade galega apoia os postulados do Partido Popular, ¿como é posible que en todos os procesos electorais da historia democrática do país sempre estiveron moi por debaixo do Partido Popular? *(Aplausos.)* ¿Como é posible iso? ¿Como cadra o seu discurso coa realidade?

Míre, é que non se entenden. Primeiro nos di: cumbran vostedes a Lei de normalización lingüística; despois rexistran unha emenda na que din: deroguemos a Lei de normalización lingüística. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): ¿Quen o entende? Non hai quen entenda unha formación política que intenta xogar absolutamente con cuestións tan íntimas para as persoas como é a nosa lingua. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): É que ningún debe ter o dereito nin por decreto...

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): ...de intentar facer que unha persoa use ou non unha lingua. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. Señor Rivas, como moi ben dixo o señor Bará, moléstase a quen está no uso da palabra. Iso díxoo o señor Bará hai pouco, jeh! *(O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)*

Non, por favor, non. Señor Rivas, por favor. *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Señor Rivas, por favor. Se non, teño que chamalo á orde. Por favor. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Prosiga.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Ben, non é a miña intención que ningún deputado desta cámara se sinta ofendido, *(Murmurios.)* en ningún caso. Simplemente, plantexar un modelo lingüístico que, como xa dixen antes, ten uns principios básicos: respecto, convivencia, liberdade e que cada un teña o dereito, en calquera espazo de Galicia, a falar a lingua que quere. *(Aplausos.)*

E non podo aceptar que o Bloque Nacionalista Galego veña dicir que este goberno, esta formación política goberna pensando en facerlle mal ou en contra do galego, sobre todo aqueles que sempre fan política contra o que sexa, que é o BNG, *(Aplausos.)* sobre todo pensando niso.



E, sobre todo, tamén podemos coller reflexións que nos veñen de persoas que non son do Partido Popular, nin moito menos, nin moito menos. E hai unha reflexión que tamén quero compartir con vostedes. Citouse aquí a RAG, citouse aquí o Consello da Cultura Galega. Unha persoa, un intelectual tremendamente recoñecido como Alonso Montero, ¿que dixo respecto da actitude do Bloque respecto da lingua? Leo, literalmente: «O BNG é como aquelas nais, como esas nais que queren moito os nenos pequenos, que os apertan tanto que os abafan.» Son palabras de Alonso Montero respecto da forma de entender a lingua galega por parte do Bloque Nacionalista Galego.

E vostedes teñen, señorías, unha visión que eu respecto, pero que entendo que é parcial de Galicia, unha visión moi parcial de Galicia, moi limitada. Só entenden a súa Galicia, pero non ven a Galicia ampla, global e aberta que é. Vostedes pensan que Galicia é unha sociedade monolingüe, e que é unha sociedade —digamos— que só se pode ser galegos. E non é certo. (*Murmurios.*) Hai unha estatística que é moi importante coñecer, e é a que nos di que a inmensa maioría dos galegos —e é algo moi curioso en España— se senten tanto galegos como españois, ou tanto españois como galegos. Eu non renuncio a ser español, sendo galego —nin moito menos—, nin renunciarei a ser galego, sendo español, nin moito menos. E non é só que o 70 por cento dos galegos afirmen ser tanto galegos como españois ou viceversa, algo que a vostedes non lles entra na cabeza —e non é só que non lles entre a vostedes—, é que se incrementa. Actualmente o 70 por cento destas persoas, dos galegos, considerámonos así. E vostedes pensan que non, que debemos ser unha sociedade lingüística monolingüe, que non somos unha sociedade bilingüe e que non nos sentimos igual de españois que de galegos, e plantexan unha confrontación, un diálogo de enfrontamento, e non pode ser.

Mire, nós si queremos, respectamos e potenciamos o galego, non facemos coma vostedes; claramente, non facemos coma vostedes. Pero vostedes, ¿que queren facer?, ¿cal é o seu modelo? Aquí non o dixeron, para nada; non o din. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Aquí mesmo vostedes falaban o outro día a favor do plurilingüismo neste Parlamento, por exemplo, que este é o único parlamento das diferentes comunidades autónomas onde se utiliza sempre a nosa lingua. (*Murmurios.*) Outros modelos que vostedes defenden, non, e os datos estatísticos comparados entre Galicia, Cataluña e País Vasco fíxannos sempre a nós nuns postos mellores. Miren, esa é a realidade. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! ¡Silencio!

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Xa lle dixen que son datos claros que avalían o dato de competencia lingüística, de competencia oral e de competencia escrita. Son os mellores das comunidades autónomas, con moita diferenza, pero con moitísima diferenza, fronte a Cataluña e Europa. (*Murmurios.*)

E aquí a señora deputada puxo un dato encima da mesa: é que os vascos incrementaron non sei cantos falantes. Mire, respecto do uso do galego, o 98,6 por cento dos galegos entenden e poden falar en galego. No País Vasco é o 56 por cento. (*Aplausos.*) Esa é a realidade. Vostedes seguen vivindo na súa Galicia —entre comiñas— «ideal», cuns marcos —incluso lles diría— físicos, como os que hai nos agros, absolutamente cativos, limitantes. E Galicia é



moito máis ampla do que vostedes entenden, moito máis aberta, moito máis respectuosa, moito máis integradora, e aposta claramente pola convivencia. E isto dínno-lo os datos estatísticos comparados serios, os de verdade. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

En definitiva, fronte —e xa remato, señor presidente— a rotura que vostedes plantexan —algún día, si e outro día, non— dos grandes consensos lingüísticos acadados —Plan de normalización e Lei de normalización—, nós apostamos por un modelo que veu apoiado polas urnas e que ten resultados nas estatísticas fundamentais que miden o uso e o coñecemento da nosa lingua, sobre todo comparativamente con outras comunidades autónomas. E nós, fronte ao monolingüismo e a confrontación, apostamos, como xa teño dito, pola convivencia e a igualdade e, fronte a imposición, pola liberdade.

En definitiva, nós temos unha política lingüística —e si que remato, señor presidente— que se basea en tres premisas: o respecto á lei, á Constitución, ao Estatuto —que non todos votaron—, á Lei de normalización; e tamén, en segundo lugar, a atención do sentir maioritario dos galegos, non dunha parte só dos galegos, que nos sentimos españois e galegos e temos que gobernar para todos. E por suposto que apostamos por garantir o futuro do galego en todos os ámbitos. De aí a forte aposta que facemos polo Proxecto Nós e polo uso das tecnoloxías na nosa lingua.

Moitas grazas, señoría.

Deséxolles a todos que teñamos unha moi boa celebración, dentro de moi poucos días, do gran acto da lingua galega, que é o Día da Letras Galegas o 17 de maio.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Tal como xa foi comunicado aos portavoces, e estando de acordo as persoas que formulan as preguntas, substanciamos agora dúas preguntas de xeito acumulado.

Alteración da orde do día

Pregunta de D^a Noa Presas Bergantiños, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a postura da Xunta de Galicia ante a conduta do presidente da Deputación de Ourense

Pregunta de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o presunto delito contra a seguridade viaria cometido polo presidente da Deputación de Ourense

O señor PRESIDENTE: Empeza formulando a pregunta dona Noa Presas Bergantiños, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Pasaron quince días, máis de 360 horas, desde que coñecemos a vergonzosa nova pola cal soubemos que o presidente da Deputación de Ourense cir-



culaba nun coche oficial da Deputación a máis de 200 quilómetros por hora. Vergonzoso o de Baltar e vergonzoso o silencio da Xunta de Galiza e do seu Goberno, señor Calvo. *(Aplausos.)* Quen cala, outorga. Pero isto é tan grave que non poden seguir mirando para outro lado. Porque isto, señor Calvo, non é só un problema do Partido Popular, é un problema para Ourense e é un problema para Galiza; é un problema para a dignidade deste país e é un problema para a limpeza das institucións e tamén para a calidade democrática.

Porque, mire, conducir a 200 por hora é ilegal, é un perigo público en calquera contexto, porque usar para fins privados unha cuestión de interese público, saída dos impostos dos e das ourensáns, é algo inmoral. A estas alturas agochan aínda a qué ía o señor Baltar nesa dirección. Era un uso privado, e por riba pretende que lle paguemos todos e todas a súa defensa. E, mire, isto parecíalles pouco, parecíalle pouco ao señor Baltar, e por riba mentiu tómandonos o pelo, porque ir a 200 quilómetros por hora non é un despiste baixo ningún concepto, primeiro, porque só o fai quen está acostumado a facelo, e, segundo, porque hoxe sabemos que mentiu, que era reincidente e que ten, cando menos, tres multas en uso de coche oficial por exceso de velocidade. ¿Pero que bochorno é este? É un absoluto escándalo de principio a fin.

E, mire, vostedes son corresponsables; son corresponsables da actitude do señor Baltar, primeiro porque non piden a súa investigación, e, segundo, porque non piden a súa dimisión. E mire, non o fan porque non teñen peso político para facelo, pero é que non o fan tampouco porque teñen moitas cousas en común co señor Baltar: primeiro, a falta de vergonza, e, segundo, que se senten vostedes absolutamente impunes. Séntense impunes, pero, señor Calvo, non estamos na Idade Media. As institucións non son a Corte do Partido Popular e as persoas non poden estar por riba do interese público.

Entón, hoxe voulle formular unha pregunta, a ver se é vostede quen de marcar a diferenza, a ver se vostede se atreve aquí a contestar, en lugar de facer outra táctica de evasión.

Señor Rueda, pregúntolle: ¿en nome do Goberno galego, que consecuencias cre que debería ter a actitude do señor Baltar? Sexa valente, conteste, exixa explicacións, a súa dimisión, e a investigación dos feitos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Formula agora a pregunta a señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Efectivamente, señor conselleiro, ¿estamos ante un acto delituoso, que ademais sabemos que non é unha conduta illada, e aquí non pasa nada, ou temos que entender que pasou algo simplemente coa carta facilitada aos medios de comunicación na que o señor Baltar trasladaba publicamente as súas desculpas na mesma liña que o emérito?

O señor presidente Baltar xustifica que ía camiño de ir a unhas reunións, que non ten por que dar noticias da súa vida particular e que esa punta de velocidade se explica no despiste; despiste que puido pór en perigo a vida doutros usuarios da autovía. Un ano detrás doutro



—e xa son moitos— vimos denunciando o uso que José Manuel Baltar fai da institución que representa. É xa moi extenso o relatorio no que recolle o proceder sistematicamente espurio deste cargo público á hora de rexer os recursos que lle están asignados.

A arbitrariedade e a impunidade son características propias de gobernantes como o señor Baltar. Debido ao uso perverso do poder, vanse afastando dos estándares democráticos nos que ese poder nace e dentro dos cales debe exercerse. Tristemente recoñecible resulta a estas alturas a impronta da Deputación ourensá na distribución de axudas e contratos medianamente reprobados polo Consello de Contas, por non abondar neste rosario inacabable de contratacións de persoal cuxas contas se engarzan no fío do Partido Popular e na cadea dos parentes.

Esta novela negra déixanos, ademais, unha modificación no Código penal. Aos modos tradicionais na comisión dos delitos, culpa e dolo, queda dende agora incorporado un terceiro: a falta de atención ou distracción permanente. A última manobra foi onte atrasar o xuízo, sabendo que a súa actuación terá consecuencias penais. E agora, en período electoral, ao «emperador» non lle vai ben.

¿Que máis ten que pasar en Ourense, señor Calvo, para que o Partido Popular actúe e o presidente do Partido Popular e da Xunta movan ficha? Vostede sabe que esta foi a gota que colmou o vaso para os ourensáns e para toda Galicia. Vostedes e os do Goberno están branqueando estas actitudes. Por iso, queremos preguntarlle, por esa vergoña colectiva, se considera que o señor Baltar reúne a honorabilidade e a exemplaridade necesaria e requirida para continuar representando unha institución pública ou se van seguir calados, como levan estando ata agora.

Espero que me responda nesta primeira quenda. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Dacosta.

Resposta do vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, don Diego Calvo Pouso.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Moi bos días, presidente.

Señorías, moitas grazas.

A verdade é que o señor Baltar xa respondeu ás preguntas que vostedes plantexan, e teñen vostedes documentos gráficos sonoros das explicacións que se deron sobre este asunto no Pleno da Deputación de Ourense por parte do seu presidente. El mesmo pediu desculpas publicamente, tanto de palabra como por escrito, a través dunha carta, polo grave erro cometido.

Obviamente, o Goberno da Xunta de Galicia considera que esta actitude está moi lonxe de ser exemplar, señora Presas. Se o que queren é saber a opinión deste goberno xa a teñen. Acábolla de dicir. É obvio, como non podería ser doutro xeito. Condenamos, como non pode



ser doutro xeito, a infracción cometida polo señor Baltar, claro que si, e por todos os que cometan este tipo de infraccións. E, lembramos, como xa fixo el mesmo, que o expediente administrativo está pechado, pois a multa xa foi aboada en período voluntario, sen presentar alegacións, e está pendente, como saben, unha comparecencia xudicial, na que amosou a súa máxima colaboración. Os requirimentos... *(Interrupcións.) (Risos.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor! ¡Silencio, por favor! Houbo silencio na pregunta tamén.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Os requirimentos están cumpridos, e a moción presentada na Deputación de Ourense está debatida.

Se o que queren é intentar enfangar a precampaña, non conten con nós. Nós non imos entrar neste tipo de xogos. O señor Baltar xa respondeu ás preguntas dos grupos da oposición que fixeron no Pleno da Deputación, como lles dixen, e cremos de verdade que este asunto non ten máis percorrido que a rendibilidade política que queiran sacar algúns grupos, que doutra maneira non saben que facer. ¡Alá cadaquén coa consideración que ten pola política e polo respecto aos cidadáns! Nós imos seguir actuando, como fixemos sempre, falando das nosas propostas, dos nosos plans para os concellos, nesta campaña electoral que se inicia mañá pola noite e, sobre todo, facendo o que dicía o noso presidente Feijóo, «falar facendo», cousa que outros non poden facer. Para iso estamos aquí, para iso nos puxeron aquí os galegos e as galegas, para gobernar polo ben común.

E, sobre o asunto polo que me preguntan, pois parece que para vostedes o máis importante nestes momentos é este asunto, e xa lles respondín a estas preguntas.

Nada máis e moitas grazas, presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Calvo.

Para a réplica, a señoras Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: É que, mire, señor Calvo, é tan inxustificable e dálles a vostedes mesmos tanta vergonza o que están consentindo outra vez máis por manter a Deputación de Baltar —como mantiveron así a Jácome alcalde— que non son quen nin de esgotar o tempo que teñen para dar resposta.

Pero mire, señor Calvo, eu non lle preguntei así por unha valoración xenérica; preguntámoslle que consecuencias debería ter esa actitude, porque nin sequera é certo o que vostede di, porque nin sequera deu as explicacións o señor Baltar que se lle requiriron. O que fixo foi poñer desculpas e mentir publicamente, cando se sabe que o fixo máis veces. *(Aplausos.)*

E fálame vostede de consideración pola política. ¿Consideración pola política é unha deputación que leva décadas gobernada polo Partido Popular, cun historial de caciquismo, de corruptelas, de herdanza de pais a fillos, con audios do que agora é presidente, chantaxeando



sexualmente unha muller; unha deputación coñecida por ser a que máis fiscalizacións duras recibe do Consello de Contas? ¿Iso é estima pola política, consideración pola política?

Mire, señor Calvo, está claro que hai dous modos de entender a política: a do Partido Popular, a quen non lle importa que iso pase en Ourense, como non lle importan as gravísimas acusacións que hai enriba da mesa de branqueo e de corrupción do alcalde de Ourense —que é alcalde, porque vostedes o puxeron aí—; ou o modo de facer do Bloque Nacionalista Galego, que é estar do lado da transparencia incorruptible e fiel aos intereses das e dos ourensáns e tamén deste país. Porque este é un problema de país, non é unha cuestión local e puntual de Ourense; é a imaxe que queremos dar como país. E falta valentía e falta contundencia por parte do Partido Popular e por parte do Goberno da Xunta, esa é a cuestión. O de Baltar é absolutamente inxustificable, o do Concello de Ourense, tamén, e o que fai é profundar no descrédito da política.

Nós, desde logo, desde o Bloque Nacionalista Galego...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...entendemos que hai que apostar...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...pola transparencia... (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Ten a palabra, para a réplica, a señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Señor vicepresidente, a súa resposta é absolutamente decepcionante, por non dicir... —si, vouno dicir— indignante. Porque hoxe fixo un exercicio de escapismo. Utilizou a metade do tempo que ten para explicarnos se o Goberno galego considera —non o señor Baltar— que o presidente da Deputación pode seguir exercendo unha responsabilidade como ser presidente da Deputación de Ourense sen contestar a esta pregunta.

Pero, mire, estamos en Ourense nunha situación de emerxencia social. Ten que actuar a xustiza, ten que actuar a sociedade, pero teñen que actuar vostedes, señores e señoras do Partido Popular, ou o señor Rueda, o presidente da Xunta de Galicia. ¿E vai quedar calado simplemente dicindo que é unha actitude inaxeitada? Non, non é unha actitude inaxeitada ir a 215 quilómetros por hora, é un delito contra a seguridade viaria. (Aplausos.)

A arbitrariedade e a impunidade consideradas nun estado democrático constitúen corrupción e son propias das administracións que deviñeron en tirarías. E a Deputación de Ourense, señor Calvo —e vostede sábeo—, leva lustros funcionando sistematicamente á marxe de criterios tan básicos nun Estado de dereito como son o mérito, a capacidade e a igualdade. O señor Baltar o que considera é que a institución provincial é súa, que a carreteira é súa,



que o coche oficial é seu e que os recursos públicos son seus; e non pode seguir así. O Partido Popular ten que actuar ante esta cuestión.

Aí está encaramado o señor Baltar, que considera que non vai con el o cumprimento das normas, incluso das propias normas que un cargo público debe cumprir, do seu propio código ético —decoro, exemplaridade e sentido ético—, seguramente porque entende que o seu papel, despois de tanto tempo de mistificación, ten máis que ver co de emperador...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: ...que co de presidente da Deputación de Ourense. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo. Grazas.

Para o peche das preguntas, o señor vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Grazas, presidente.

Mire, eu na primeira intervención creo que fun bastante claro acerca deste asunto que estamos a tratar. Pero a verdade é que me asombra realmente como poden ter esa faciana de hipocrisía as señorías que veñen aquí preguntar. Porque me dicía a voceira do Partido Socialista que era indignante. Indignante é aprobar unha lei pola que, despois de ser advertidos, hai cen condenados por violacións *(Murmurios.)* ou por abusos sexuais que están na rúa. Indignante é que máis de mil condenados por abusos sexuais a mulleres e a nenos fosen beneficiados por esa lei, e que vostedes a xustificasen e se negasen a cambiala durante meses. *(Murmurios.)* ¡Iso é realmente indignante, señoría! *(Aplausos.)* ¡Realmente indignante! *(Aplausos.)* Debería de pedir perdón. *(Aplausos.)* Non pode vir aquí e falar con esa soltura, como se aquí non pasase nada. *(Aplausos.)*

E indignante é escoitar a señora Presas. Señora Presas, hoxe pola mañá tivemos a posibilidade de dicirlle —o presidente á señora Pontón— que, efectivamente, o Bloque sempre actúa como xuíz, ¡sempre! Non esperan nunca nada; para eles a súa verdade é a que vai por diante. Pero, ¡jollo!, só cando lles interesa, porque dicía: «é indigante», «hai que respectar a xustiza». ¡Home!, eu, que son de Ferrolterra, cando dicía vostede: «isto é a dignidade do país e a calidade democrática», pois dígolle: ¡caray!, ¿é dignidade do país e calidade democrática que unha concelleira do Bloque Nacionalista Galego en Fene impida unha moción de censura e sexa condenada a inhabilitación para cargo público durante once anos? E van os do Bloque, o señor Bieito Lobeira —o secretario de organización, o do Consello Nacional—, e deféndeala, e o Bloque defende esta señora. Iso non atenta a democracia, *(Murmurios.)* non atenta a dignidade do país, *(Murmurios.)* non atenta nada. *(Murmurios.)* Iso a vostedes dálles igual. *(Murmurios.)*

Teño máis: «O BNG expresa o apoio a Tareixa Paz...» —¿acórdanse dela?, a señora Pontón seguro que se acorda—, «...pola sentenza e condena por vexación e coacción». Eses asuntos non atentan a dignidade do país *(Murmurios.)* —iso é normal— nin atentan a democracia



nin os principios da democracia. Eses están ben. ¿Saben vostedes por que? Porque son do Bloque, ¡porque son do Bloque! *(Murmurios.) (Aplausos.)*

Cando colleron o señor Pérez Navarro, o director da Garda Civil, incumprindo as normas de tráfico e o denunciaron, iso non é indignante para vostede. *(Murmurios.)* Iso non é indignante, porque é o normal. E isto que temos entra aquí, pero ¿sabe que é indignante? Indignante é a nova que tivemos onte —e aféctalles a vostedes, señora Presas—. Indignante é que un partido político como o Bloque teña como socio outro partido como Bildu. Agora que se acaban de coñecer... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* —tamén son os seus socios—... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Silencio. *(Murmurios.) ¡Silencio! (Murmurios.)*

Aquí houbo silencio nas preguntas. *(Murmurios.) (A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)* Respecto, señora Rodríguez Rumbo. *(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Señora Rodríguez Rumbo, respecto! Sabe que molesta a quen está no uso da palabra.

Prosiga.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Agora que se coñeceron as listas para as municipais, pois soubemos que nesas listas municipais do País Vasco hai 44 persoas que foron condenadas por pertenza a banda armada nas listas de Bildu, pero, aínda así, hai 7 persoas desas 44 que foron condenadas por asasinato; condenadas a 158 anos de cárcere. E co xefe dese partido vostede, señora Presas, ten fotos; iso si que é indignante, e afecta a dignidade do país e a calidade democrática. *(Aplausos.)* Pero van vostedes de socios con eles, *(Aplausos.)* comparten os escanos en Europa, perden un par de meses para que outro que está inhabilitado poida ocupar o posto e intercámbianse. Iso si que é indignante e cabrea a xente, señora Presas. E vostede saca fotos cos de Bildu. E os do PSOE pactan con eles para poder seguir un día máis na Moncloa. Iso si que é indignante, señoras e señores, *(Protestas.)* ¡é realmente indignante e afecta a democracia! *(Protestas.)* Creo que a xente tamén o debe de saber. *(O señor Seco García pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Señor Seco!

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

(O señor Seco García pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: ¡Señor Seco!



Suspendemos ata as dezaseis horas.

Suspéndese a sesión á unha e cincuenta e oito minutos da tarde e retómase ás catro.

O señor PRESIDENTE: Comezamos outra vez.

Continuamos coa orde do día. Agora toca debater unha interpelación.

Interpelación de D^a Alexandra Fernández Gómez e D. Xosé Luís Bará Torres, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a vivenda pública e protexida

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Boa tarde, presidente.

Boa tarde, señorías.

Señora conselleira, hai unhas semanas o presidente da Xunta deixou caer en rolda de prensa o seguinte titular —unha auténtica perla—: «A Xunta recoñece que Galiza non promoveu vivenda pública antes porque aínda non detectara o problema».

Estas declaracións son indecentes cando hai 16.600 familias inscritas no Rexistro de Demandantes de Vivenda que agardan anos e anos por unha vivenda protexida que nunca lles chega. (*Aplausos.*) E, segundo Rueda, o motivo polo que anuncia agora, en plena campaña electoral, 1.800 novas vivendas públicas, despois de liquidar estas políticas nos últimos anos, é porque foi —¡oh, casualidade!— xusto agora, a un mes das eleccións, cando se decataron de que había un problema de acceso á vivenda.

Pero é que, ademais de indecentes, estas declaracións son unha tomadura de pelo, porque contradín os propios documentos da súa consellería. No Plan de vivenda 2015–2020 sinalaban que a situación do Rexistro de Demandantes de Vivenda era moi grave porque xa había 15.000 inscritos. De feito, o documento dicía: «O Rexistro de Demandantes de Vivenda rexistraba máis de 15.000 inscritos. Cabe salientar que o número de inscrición recolle a cantidade de unidades familiares necesitadas de vivenda e que o número de persoas é moi superior; estímase que pode roldar as 50.000. Co obxecto de satisfacer estas necesidades acreditadas de vivenda, faise imprescindible deseñar programas que fomenten a existencia de vivendas protexidas». Xa naquel entón había 50.000 persoas con necesidades de vivenda, en 2015.

A min gustaríame saber que opina vostede, señora conselleira, e se vostede comparte as declaracións do seu presidente de filas de que caeron da burra hoxe, ou se vostede leu os documentos da súa propia consellería e sabía desta situación. Porque, como máxima responsable en materia de vivenda, debería aclarar vostede se están na súa consellería ao tanto do que pasa no mundo real, se saben o que pasa fóra dos muros de San Caetano, (*Aplausos.*) que a xente ten problemas para acceder á vivenda. E o triste é que, en realidade, vostedes sabían perfectamente cal era a situación e, en lugar de tomar medidas, deixaron que o pro-



blema fose a máis. Hoxe, señora conselleira, grazas á súa gran xestión, hai 1.600 familias máis inscritas nese rexistro que en 2015, e iso son unhas cinco mil persoas máis con necesidade de atopar unha vivenda protexida para garantir o seu dereito á vivenda.

E as declaracións de Rueda son impúdicas porque saben perfectamente que levan anos colapsando o Rexistro de forma intencionada, incrementando ano a ano o volume de inscricións e, sobre todo, facendo que sexa extremadamente difícil que esa inscrición sirva para algo. Porque hoxe as posibilidades de que algunha desas familias logre acceder finalmente a unha vivenda protexida son tantas como as de gañar a lotería. Por iso, moitas familias, sabendo das nulas posibilidades de que lles adxudiquen unha vivenda, nin tan sequera se inscriben. Se o Partido Popular non fixese dese rexistro un camiño cara a ningures, probablemente estaríamos ante un volume moito maior de persoas inscritas.

Ao fin, as declaracións do señor Rueda son un bo resumo do que fixeron estes anos: aparentar que non se enteraban de nada, e mentres a demanda de vivenda protexida non parou de aumentar.

Nestes catorce anos de goberno do Partido Popular dinamitaron a vivenda protexida. Para que se fagan unha idea, no ano 2006 iniciáronse —só nese ano— 4.200 vivendas protexidas. Sumando toda a última década na que gobernou o Partido Popular, iniciáronse 3.700 vivendas protexidas. Ao Partido Popular non lle chega sumar toda unha década para alcanzar as cifras do que se facía nun ano no Bipartito. *(Aplausos.)*

Pero é que, ademais, houbo anos en que a parálise foi total. No 2015 iniciáronse 5 novas vivendas protexidas; no 2016, 4; no 2017, 5; no 2018, 2. E ademais, se se fixan, son os mesmos anos en que a Xunta tiña en marcha ese Plan de vivenda, onde se recollía expresamente a necesidade de facer vivenda protexida para as 15.000 persoas que estaban solicitando vivenda protexida. E vostedes sacan plans para facer propaganda electoral, pero logo a realidade é que houbo anos en que apenas houbo 2 vivendas a repartir entre 15.000 persoas inscritas no Rexistro de Demandantes de Vivenda.

E se acceder a unha vivenda protexida é unha lotería, acceder a unha vivenda protexida de promoción pública é practicamente imposible. Porque recordemos que o concepto de vivenda protexida ten unha pequena trampa, porque computa baixo o mesmo paraugas a vivenda pública e a vivenda de promoción privada con prezos limitados. E iso é como se computamos baixo o paraugas de educación protexida a educación pública e a educación concertada. Por iso, a pregunta relevante é: ¿cal é a situación da vivenda protexida de promoción pública?

A situación é a seguinte: a vivenda pública é a máis solicitada. O 82 por cento dos demandantes dese rexistro piden vivenda de promoción pública e, ao mesmo tempo, fíxese, é a máis abandonada da Xunta. Apenas o dous por cento do total da vivenda protexida nos últimos sete anos foi de promoción pública. De forma que no ano 2022, 13.500 solicitantes de vivenda pública optaron a repartir 8 novas vivendas; 13.500 persoas que necesitaban dunha alternativa habitacional pública optaron a cero novas vivendas no ano 2021. Ese ano, como ve, conselleira, non puideron nin xogar á lotería na que converteron a vivenda pública.



En 2020 en toda Galiza fixéronse 11 novas vivendas de promoción pública. En 2019 novamente optaron a cero novas vivendas públicas. Cero en 2018, 2 en 2017, 1 para 13.500 familias en 2016 e cero en 2015. En total, houbo a miserable cifra de 22 novas vivendas de promoción pública en sete anos para 13.500 solicitantes.

Con este ritmo de investimentos, as familias que se inscriben hoxe quizais obteñan unha vivenda dentro de catro mil anos, nunha lista de agarda interminable. *(Aplausos.)*

Pero, claro, chega a campaña electoral e o Partido Popular anuncia 1.800 novas vivendas públicas para 2026. En oito anos lograron incorporar 22 vivendas públicas e pretenden convencernos de que en tres anos van facer 1.800. De verdade, señora conselleira, que non soa moi crible.

Pero aínda querendo facer un exercicio de fe e crer que igual cambiaron, que, efectivamente, o presidente caeu da burra e que, efectivamente, agora entenden que hai un problema; aínda así, hai unha serie de indicios que nos recordan que isto é propaganda electoral. Primeiro, prometen as vivendas para 2026, pero non asumen ningún compromiso para esta lexislatura. Así, está moi ben, porque poden axitar o anuncio para facer propaganda electoral e, se gañan, volve para un caixón, como fan con todo, e, se non gobernan, pois tampouco teñen que render contas de que non fixeran nada antes.

Eu preguntolle, señora conselleira, ¿comprométese vostede hoxe aquí a dicirnos cantas vivendas de promoción pública —desas 1.800— van estar listas antes do final desta lexislatura e cantas van estar listas neste ano? Entón, poderemos ter algo de credibilidade.

Segunda sospeita. Aprobaron un plan de vivenda para o período 2021-2025 onde non concretaban absolutamente nada, e tardaron dous anos, xusto ás portas dunhas eleccións, en decidir e anunciar o número de vivendas públicas que queren desenvolver baixo ese plan. ¿Que fixeron nestes dous anos, señora conselleira? ¿Estaban debatendo, pensando, ou estaban intentando que Rueda o entendese?

Terceira cuestión. Cando tiveron que render contas do anterior plan de vivenda vostedes presentaron un documento de rendición de contas que dicía: «Logramos os nosos obxectivos. Chegamos ás 900 vivendas de promoción pública que prometeramos». Pero era mentira porque, en realidade, estaban contabilizando cambios de inquilinos de vivendas que xa existían, porque dicir que se fixeron 14 vivendas públicas nese período era demasiado bochornoso. E entre cumprir os compromisos e falsear os datos vostedes adoitan optar polo segundo.

Cuarta pista de que vostedes non son moi fiables. É imposible que vostedes fagan 1.800 vivendas sen orzamento e, aínda por riba, se o orzamento que hai non o executan. En 2021 tiñan un orzamento para a construción de vivenda de promoción pública de apenas sete millóns de euros. Executaron 4. En 2022, orzaron 6 e executaron 3. ¿Cantas vivendas, señora conselleira, se fan con 3 millóns de euros?, ¿ducia e media? ¿Alguén pode crer que con este ritmo de investimento vostedes van chegar ás 1.800 vivendas dentro de dous anos e medio?



O Goberno central e o Goberno galego parece que están indo da man cando se lembran só agora, en campaña electoral, de facer moitas promesas. Parece que agora as vivendas comezan a aparecer por miles, pero o que toca avaliar agora é o que se fixo nestes anos e a credibilidade que teñen as súas promesas.

Señora conselleira, vostede non ten nin conta de resultados que presentar nin credibilidade ningunha. ¿Como vai reverter esta situación? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández Gómez.

Resposta da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, dona Ánxeles Vázquez Mejuto.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Moi boa tarde.

Grazas, señor presidente.

Señora Fernández, se alguén non ten credibilidade, créame que é vostede. ¡É que lle dá igual dicir un número que dicir outro, unha cousa que dicir a contraria...! ¡É increíble! Pero tan increíble chega a ser que simplemente lle podo mostrar, volverlle mostrar outra vez — non sei —, edificios como este, señora Fernández. *(A señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Vázquez Mejuto, mostra unha fotografía.)* ¡Como di vostede que só foron 30 en non sei cantos anos! ¡Pero como poden dicir semellante barbaridade, cando foron entregados...! *(Murmurios.)* ¡Como non vai mentir vostede! Pase por Vigo, por exemplo. Isto é Vigo. Foi entregado recentemente. Pero pase vostede tamén por outra rúa de Vigo. *(A señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Vázquez Mejuto, mostra unha fotografía.)* ¡Foron entregados recentemente, señora Fernández! Podemos seguir falando. E pase vostede por Xuxán, señora Fernández, e a ver que é isto. *(A señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Vázquez Mejuto, mostra unha fotografía.)*

¿Pero como poden vostedes dicir que non se construíron, que non se empezaron e que non se entregaron? Esa é a credibilidade do BNG, e así están vostedes no sitio que lles outorgan os galegos. E non lle digan que non, porque de novo a volven enganar e de novo volve facer o ridículo. Seguiremos entregando fotografías. *(Murmurios.)* Seguiremos entregando fotografías a vostedes, para que saiban onde os teñen. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Tamén lle digo: mire o DOG, e aí poderá comprobar os concursos que quitamos. Mire vostede a páxina de contratación, aí están as bases, e así fará vostede menos o ridículo.

Outra cousa é que pretendan enganar. O que pasa é que: ¿quen a vai crer?, ¿esas persoas que teñen un fogar entregado pola Xunta de Galicia? ¿Con que cara as vai mirar vostede?

Falaba vostede de indecencia. Indecentes créame que son vostedes cando votan a favor dunha lei..., porque se abstiveron, foron os únicos que se abstiveron, *(Murmurios.)* — ¡foron os únicos que se abstiveron! — e, polo tanto, facilitan o camiño que esa Lei de vivenda do señor Rego... *(A señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Vázquez Mejuto, mostra unha*



fotografía.) Iso si que é indecencia ¿sabe? E, ¿por que? Porque lles falta vostede ao respecto aos solicitantes das vivendas públicas. Porque con esta lei o que ocorre é que os okupas pasan por diante deses solicitantes. (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Así lles faltan vostedes ao respecto.

Bueno, imos alá e, polo tanto, imos centrarnos no importante. Levamos anos, anos, un total de catorce anos, traballando pola vivenda pública en Galicia e para que os galegos teñan un fogar.

Primeiro foi o Plan RehaVita 2015-2020, agora estabamos dende o ano 2021 co Pacto social pola vivenda, aprobado polo Observatorio da Vivenda de Galicia, e onde están todos os integrantes do sector, pero tamén están as asociacións de consumidores.

Grazas a este traballo —traballo de anos—, a política da Xunta en materia de vivenda cobre parte das necesidades dos galegos. Ben é certo que nós somos responsables, e como responsables, temos inxerencias, as mesmas inxerencias que teñen os galegos e as galegas.

Fronte a isto, efectivamente, é que hai múltiples anuncios, anuncios electoralistas, e vostedes aplauden eses anuncios, como a Lei de vivenda, que non hai por onde collela e que non tiveron o valor de votar en contra dela. E continuaron os anuncios da Sareb e continúan outros anuncios, como os terreos de Defensa.

A min gustaríame centrarme no que fixemos do ano 2009 a 2022, e, por suposto, voulle contestar e dicir o que imos facer de aquí ao ano 2026. A Xunta é propietaria actualmente de 3.800 vivendas de promoción pública; están adxudicadas estas en réxime de alugueiro. Dende o ano 2009 hai que destacar o seguinte: o Goberno galego mobilizou, señora Fernández, 4.640 vivendas de promoción pública. Desas 4.640 vivendas, 2.359 son de nova construción ou son rehabilitadas e 2.281 en segundas e sucesivas adxudicacións. Isto pode comprobalo vostede, e vaia ao primeiro, que ten a memoria moi curta: 2.359 de nova construción. Ademais, cualificáronse 5.737 vivendas como protexidas, en colaboración con promotores privados. Investiuse un total de 80,57 millóns de euros para a adquisición de terreos, traballos técnicos e obras de urbanización de solo residencial. E aquí fállolle de que, grazas a iso, o Goberno galego dispón na Coruña de Xuxán, por exemplo, para solo de 1.100 vivendas. En Vigo temos solo habilitado, efectivamente; acaban de notificarnos unha licenza, faltan as outras dúas para 1.600 vivendas protexidas Pero, antes houbo un traballo, señora Fernández, que foi mercalos e urbanizar os proxectos. Ferrol ten solo para 937 vivendas protexidas; Pontevedra ten 240 protexidas —é propietaria a Xunta de Galicia dese solo— e Lugo, 370 vivendas. Ademais, o Goberno galego aforroulle 360 millóns de euros aos galegos grazas ás desgravacións e medidas fiscais aplicadas durante este período.

Por último, en canto ás axudas e programas postos en marcha, a Xunta destinou un total de 714 millóns de euros a apoiar as 140.000 familias galegas, por un lado, accedendo a unha



vivenda a través do alugueiro ou a través da rehabilitación da súa propia vivenda. Concretamente, e convocando axudas para a adquisición de vivendas, facilitóuselles o acceso aos xoves e posteriormente ampliouse no casco histórico. Os mozos menores de 35 anos optaron a axudas para a compra de vivenda en concellos de menos de 10.000 habitantes. E temos en marcha, efectivamente, o aval público para os menores de 36 anos para a adquisición da súa primeira vivenda; ese aval público que primeiro foi defenestrado e que parece que agora outros copian, pero a copia non é total, porque se esqueceron de algo fundamental que é falar coas entidades bancarias. Hoxe dicían que non sabían absolutamente nada. Son anuncios de Sánchez, ao cal vostedes lle habilitan o camiño para que non teña nin un só parche, e, polo tanto, non votan en contra da Lei de vivenda, non vaia ser. Direilles que en só unha semana 50 xoves solicitaron este aval.

Tamén convocamos as axudas ao alugueiro, o Bono Alugueiro Mocidade para menores de 35 anos. Aquí houbo unha gran crítica porque dicíamos que só íamos chegar a 4.000, e efectivamente, chegamos a 4.000 dun total de 16.000 que solicitaron este Bono Alugueiro. E queremos dicirlle ao Goberno central que sume, porque resulta que é Galicia das poucas comunidades autónomas que xa ten certificado integramente o disposto.

Despois está a axuda ao alugueiro xeral para reducir os esforzos das persoas que teñen dificultades para asumir o pago da totalidade da renda. Por suposto, non nos esquecemos dos máis vulnerables, a través do Bono Social. Son as persoas con menos recursos, pero tamén son as vítimas de violencia de xénero. E aquí cubrimos ata o cen por cento da renda durante cinco anos.

Apostamos pola rehabilitación porque é importante, e aí está o programa Rexurbe, co que adquirimos inmobles en conxuntos históricos degradados. E vostede dicía: é que, fíxese, non destinan máis de 3 millóns de euros. Pois 3 millóns de euros foi o que perdeu só un concello, o de Ferrol, señora Fernández; e algo terán que dicir tamén vostedes —supoño—, que apoian, ou non apoian, ao PSOE, que está gobernando, porque temos 19 inmobles e só unha licenza. Adquirimos 19 inmobles e seguimos así nesta situación. Perden ano tras ano reiteradamente ata 3 millóns de euros.

Por outro lado, están as axudas para particulares e comunidades de propietarios e as axudas para concellos para a rehabilitación de vivenda pública municipal con destino a alugueiro social, que, por certo, ás veces ata se confunden e vai a señora Pontón dar un paseo a Rianxo e di: «Estas si que son as verdadeiras políticas de vivenda». E resulta que son as políticas de vivenda da Xunta de Galicia, que solicita un concello, como o de Rianxo, que aplaudimos que as solicite, pero de cando en vez é bo ser prudente ou, polo menos, non dicir merda e verdades a medias. (*Murmurios.*) Xa sei que vostedes nunca se confunden; ¡nunca se confunden vostedes!, porque son perfectos.

E, por outro lado, están as axudas para melloras de contornas residenciais. Miren, efectivamente que a Xunta de Galicia ten estratexia, e, esa estratexia está aprobada ata o ano 2026, que a vostedes parece que non lles gusta. Entón, se ven que alguén se confunde, botámonos a rir e así disimulados un pouquiño. E iso parte de algo ¿non?, parte de algo que é o Pacto social pola vivenda. E nese pacto social pola vivenda, efectivamente, a Xunta de Galicia, se-



ñora Fernández, construírá 1.800 vivendas novas, e, á parte de construír esas 1.800 vivendas novas, impulsará a construción en solo público doutras 3.000 vivendas por parte dos promotores privados.

Se queren, dígolles onde se van construír. E unha vez máis eu convídoos a que, en vez de tanto rir, lean un pouco o DOG e así verán como están distribuídas e á parte se están contratadas ou non. Caso da Coruña, 138; Vigo, 409; Pontevedra, 76; Lugo, 128; Ferrol, 54; Mos, 24; Ourense, 60; e Santiago, 70. E outras 260 impulsadas por promotores privados e concellos, grazas ás axudas que ten habilitadas neste momento a Xunta de Galicia, as cales se van destinar a alugueiro, e, por certo, teñen que facelo nun período mínimo de cincuenta anos. Outras 313 son de titularidade municipal, grazas a esas axudas que tamén dá...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): ...a Xunta de Galicia para poder incrementar o parque público.

Poderíamos seguir sumando, e farémolo, señora Fernández. Tomen en serio a vivenda e deixen de facer demagogia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira

Para a réplica, a señora Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Vostede xa tiña pouca credibilidade antes de empezar este discurso, este debate, pero despois da súa intervención ten moita menos.

Nós viñemos aquí e expresámoslle unha serie de datos moi concretos sobre cal é a situación da vivenda protexida e da vivenda pública, e vostede o único que pode presentar aquí son fotos. ¡Home, esperemos que vostedes teñan algún edificio do que sacar algunha foto! (*Aplausos.*) Pero, ¿vostede non ten ningún dato concreto que poida ofrecernos máis alá de fotos? Vostede na próxima intervención o que pode facer é coller e dicir: este dato que deu vostede é incorrecto, este é o dato correcto. Entón, se é así, podemos empezar a falar, pero se a min me compara datos con fotos, pois, obviamente, o debate a verdade é que está bastante polo chan, sinceramente. (*Aplausos.*)

Tamén creo que podemos facer unha análise freudiana da súa intervención: entre as políticas de merda de vivenda da Xunta de Galiza (*Aplausos.*) e logo que vostedes se dedican a entregar fotos. É certo, o Partido Popular entrega fotos. Miren, os diferentes delegados territoriais, sistematicamente, cada vez que cambia de inquilino unha vivenda pública, aparecen alí para entregarlle a chave; con cambios de inquilinos, ¡eh!, non é que fixesen unha nova vivenda pública. Marcha un inquilino, entra outro e aparece o delegado territorial da Xunta para entregarlle a chave e facer a foto. E titulan: unha nova vivenda pública en bla-bla-bla. (*Aplausos.*) Efectivamente, vostedes entregan fotos e propaganda electoral.



Mire, vostede leva ocupando o cargo de conselleira en materia de vivenda cinco anos, e logo de todo ese tempo vostede é incapaz de presentar un só programa, un só indicador positivo das súas políticas. Destruíu a vivenda protexida. Insisto, en dez anos, vostedes fan menos vivenda protexida do que se facía no Bipartito nun só ano. Os poucos programas que creou foron todos un desastre, porque todos teñen resultados que se contan cos dedos das mans, e incluso os programas que viñan marcados polo Plan estatal de vivenda nin tan sequera os convocan. Vostedes deben de gabarse das axudas de alugueiro. ¿Que pasou coas axudas ao alugueiro no pasado?, ¿por que non as convocaron? ¿Que pasou coas axudas ao alugueiro no ano 2020? É que nin sequera fan as políticas do plan estatal.

E agora que estamos ás portas dunhas eleccións, pois, claro, era o momento de que vostede, despois de estar cinco anos nese cargo, sacase peito das políticas que fixo. Sería incluso lexítimo que vostede tratase de remarcar os seus grandes éxitos, pero non os ten. Vostede ten as mans baleiras e non ten folla de servizos que presentar. Entón, vostede vén aquí moverse nese baleiro que vostede mesma creou e, nun acto desesperado, o que lle queda é facer aspaventos e intentar buscar *okupas* por todos os lados. Sobre a Lei estatal de vivenda, vostede dixo esta semana —¡atención!—: «A Lei estatal de vivenda vai facer que o 80 por cento dos galegos sexan *okupas*». ¡Vostede ve *okupas* en todos os lados, señora conselleira! (*Aplausos.*) Tan desesperada está en buscar *okupas* que encargaron un informe sobre a ocupación a unha exdeputada do Partido Popular de Castela-A Mancha, que pagou con cartos públicos, e que se baseaba en información de *Okdiario*. Vostede pagouno con cartos públicos e encargou un informe sobre ocupación que intenta buscar *okupas* e que era un copia e pega dun proxecto de lei do Partido Popular en Castela-A Mancha, ao que nin sequera lle pasaron o tipex porque hai mencións ao Partido Socialista de Castela-A Mancha. (*Aplausos.*) ¡Pagado con cartos públicos! Vostede está desesperada en buscar *okupas* por todos os lados na súa impotencia por... Como digo, utiliza cartos públicos por tratar de buscar algún tema do que falar, sen importarlle o patéticas que poidan chegar a ser as súas declaracións. E a estas alturas parece que iso xa lle dá igual. Pero o único que deixa entrever, insisto, é impotencia.

Vostede é a conselleira que vén coa carteira de logros baleira, e o único que ten que propor son estas estratexias: intentar falar doutra cousa que non vai con vostede —e hoxe, insíctolle, estamos interpelando pola vivenda pública— e inventar logo propaganda electoral ás portas das eleccións.

Entón, saca da manga este anuncio de 1.800 vivendas públicas para 2026. E nós o que lles dicimos é que, co seu historial, ¿que credibilidade ten esa promesa de 1.800 vivendas públicas, cando puxeron en marcha nos últimos sete anos 22 vivendas de promoción pública? ¿Que credibilidade ten esa promesa, cando invisten apenas tres millóns de euros no último ano, a metade do que comprometeron nos orzamentos, para a promoción de vivenda pública? ¿Que credibilidade ten esa promesa, cando vostedes entregan informes de avaliación falseando os datos e contabilizando cambios de inquilinos como nova vivenda pública? ¿Van vostedes vir, dentro dun ano, manipulando de novo a información? ¿Que credibilidade ten esa promesa das 1.800 futuras vivendas públicas, cando din que 157 desas van lograrse polo programa Rexurbe? ¿Vostede saca peito do programa Rexurbe, cando se comprometeron en campaña a rehabilitar 3.000 vivendas co programa Rexurbe e aínda no día de hoxe rehabilitaron nove inmobles? (*Aplausos.*) ¿Que credibilidade podemos ter de que vai haber dotación



orzamentaria suficiente para o programa Rexurbe, cando, señora conselleira, para o programa Rexurbe 2020 —do que se gaba— orzaron 8 millóns de euros e executaron 3; do 2021, orzaron 10 e executaron, 3, pero é que en 2022 orzaron 10 millóns de euros e executaron 1,6 millóns de euros. ¿Cantas vivendas se rehabilitan cun millón de euros, señora conselleira? ¿Que credibilidade ten, cando di que desas 1.800 vivendas 331 serán con axudas aos concellos, cando o ano pasado para esa liña de rehabilitación das casas de mestres orzaron 2 millóns de euros? ¿E sabe canto executaron? Medio millón de euros. *(Aplausos.)* Vostede, señora conselleira, non ten ningunha credibilidade.

Dende o BNG o que lles dicimos é que, se isto non é puro fume, que vostede se comprometa aquí a dicir cantas vivendas, desas que promete, desas 1.800 que promete, van estar listas para este ano 2023 e canto se vai investir e onde. Nunha demostración máis de que vostede non ten nada que dicir das súas políticas négase a dar compromisos concretos. Vostede pediu esta semana —recórdolle— a dimisión da ministra de Transportes por facer falsa propaganda coa política de vivenda. E eu preguntolle: ¿que vai facer vostede logo de facer o mesmo con este anuncio das 1.800 vivendas públicas? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández Gómez.

(Aplausos.)

Para o peche da interpelación, a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Grazas, señor presidente.

A verdade, señora Fernández, mente vostede máis do que fala. *(Murmurios.)* Pero é que calquera persoa pode ir ao DOG e facer a comprobación pertinente e calquera persoa pode ir ás páxinas de transparencia da Xunta de Galicia e do IGVS —que as hai, efectivamente, claro que as hai; son capaces de dicir que non as hai— e comprobar a cantidade de burradas que dixo vostede no día de hoxe. *(Murmurios.)*

Eu creo que fun clara e, polo tanto, que lle dei varios datos. E díxenlle que dende o ano 2009 a Xunta de Galicia —señora Fernández, atenda, para que non se lle olvide— construíu 2.359 vivendas novas, ¡2.359! ¿Vólvollo repetir unha vez máis? *(Aplausos.)* ¿Non lle quedou claro? *(Aplausos.)*

¡Pero é que vostede volveu insistir, a pesar de que lle traio as fotos! É que lle traio as fotos non por nada, senón para que vexa os edificios; que, por certo, algún deles incluso recibiu premios. *(A señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Vázquez Mejuto, mostra dúas fotografías, unha en cada man.)* Para que vexa, que vostede di que dende o ano 2007 só entregamos —creo que dixo— 22 vivendas novas. ¡Pero, señora Fernández, é que aquí só, *(A señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Vázquez Mejuto, levanta unha das fotografías.)* hai dous anos, son 59 vivendas, señora Fernández!; pero é que aquí *(A señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Vázquez Mejuto, levanta a outra fotografía.)* son 64 vivendas. Tráíolle os edificios para que saiba vostede que isto é Vigo e que tamén isto



é Vigo. (A señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Vázquez Mejuto, levanta alternativamente as fotografías.) (Aplausos.) E esta é a proba de que menten vostedes máis do que falan. (Aplausos.)

Iso si, despois como lles doe moito enfrontarse ao Goberno central, apoian cousas como estas, (A señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Vázquez Mejuto, mostra dúas fotografías, unha en cada man.) e non din nada, porque isto é o que nos ofrece a Sareb, señora Fernández. Isto é o que nos ofrece o PSOE, que tanto ri. En vez de rir tanto, que traballe un pouco máis e que loite polos galegos e as galegas. Isto é o que hai. (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Non só iso, podemos seguir mirando máis..., (Murmurios.)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Por exemplo, en Rábade, isto é o que nos ofrece a Sareb, (A señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Vázquez Mejuto, mostra unha fotografía.) e os señores do BNG son cómplices. Son vostedes cómplices porque nin sequera foron capaces de votar en contra da Lei de vivenda.

E non vexo *okupas* por todos os lados. Vaia vostede aos barrios da Coruña, vaia vostede a Lugo, señora Fernández, a ver se ten, ao carón da súa casa, vostede un e a ver que lle parece, porque non é só ocupar, senón a alteración. E, efectivamente, o 80 por cento dos galegos podería ser *okupa* con esa Lei de vivenda porque se regula a «*inquiokupación*».

Pero, mire, como vostede segue dicindo «¿e que rehabilitan vostedes?», aí ten a mostra. (A señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Vázquez Mejuto, mostra unha fotografía.) Este é Betanzos, ¿vale? E poderíamos ter moitos máis rehabilitados se axilizasen. Isto é A Tinería, por exemplo, (A señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Vázquez Mejuto, mostra unha fotografía.) ¡É que non lle gusta á señora Fernández que eu lle traia as fotos! Pois creo que quedaron moi ben, porque temos fantásticos arquitectos que se presentan e temos xente... (Murmurios.)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): ¿Como...? (Murmurios.)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. Creo que hai que respectar a quen está no uso da palabra. Ela foi respectuosa cando vostedes estaban falando.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): O casco vello de Vigo, por exemplo. (A señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Vázquez Mejuto, mostra unha fotografía.) Podo seguir ensinándolles e, polo tanto, deixándoos en ridículo unha vez máis. Pero, bueno, son os galegos, ao final, quen deciden, e así lles está indo. (Aplausos.) (O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)



A partir de aquí, quero dicirlles que, no ano 2023, por suposto que a Xunta ten previsto convocar 24 liñas e programas de axuda. Son liñas e programas de apoio dirixidos a particulares, a promotores e tamén a concellos, cunha dotación global de 140 millóns de euros, dos cales 10 agora mesmo xa están en marcha. Está en marcha a rehabilitación de vivendas de titularidade municipal, 1,9 millóns de euros; a rehabilitación de infravivenda; para comunidades de vivenda protexida, para a compra e, no caso de persoas mozas, combater o reto demográfico en concellos de menos de 10.000 habitantes; para a construción de vivendas para alugueiro social e en edificios enerxeticamente eficientes; por suposto, tamén o aval para a mocidade —e non é propaganda, non é un simple anuncio, é unha realidade—, de 5 millóns de euros; o Bono Alugueiro Social, que, de repente, din que non convocamos alugueiro nin o ano pasado, nin o anterior... ¡Bueno, increíble o que se di aquí!

Isto xa está feito, señora Fernández, pero seguiremos apostando por políticas incentivadoras e non polas restritivas ou sancionadoras, que son as que, ao final, van provocar unha auténtica parálise na vivenda en Galicia, e vostedes van ser cómplices diso. Nós non estamos no camiño do intervencionismo, nin de poñer trabas aos cidadáns; nós atopámonos noutro camiño, que é a senda que nos marcan os galegos e as galegas.

Tendo en conta isto e co obxectivo claro de facilitar o acceso a un fogar ás familias galegas, estamos poñendo iniciativas en marcha enriba da mesa. E cando falamos dun plan estratéxico da vivenda pública galega, hai que dicir que non o fai só á consellería.

Eu unha vez máis teño que pedirlle respecto para o Observatorio da Vivenda, porque é no Observatorio da Vivenda onde se fraguan as políticas que despois leva a cabo a Xunta de Galicia. Aí son partícipes os arquitectos, os construtores, os promotores; está a Fegamp —señora Fernández, é bo que tamén respecte a Fegamp de vez en cando—, pero tamén están as asociacións de usuarios e consumidores. Grazas a ese traballo, pois, efectivamente, conseguiremos o obxectivo, e ese obxectivo é que o Goberno galego teña 1.800 vivendas novas á disposición e, sobre todo, nos lugares onde hai demanda. E que non ocorra como con eses grandes anuncios nos cales a Sareb di que ten moitísima vivenda —xa lle ensinei cal era esa vivenda—, e, por riba, daquelas que poñían á nosa disposición —que eran 42, das cales só 5 teñen licenza de primeira ocupación—, só 1 se atopa...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): ...nunha cidade, como é o caso de Ourense.

Polo tanto, planificamos, executamos e, por suposto, demandamos; e demandámoslle ao Goberno central máis recursos.

Eu agardo que vostedes se poña do lado dos galegos, que deixen de rir tanto e, ao final, que cando teñan a oportunidade, polo menos lles digan que están ao seu carón.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Pasamos ao punto 7 da orde do día, preguntas ao Goberno.

Pregunta de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego da situación do termalismo na cidade de Ourense

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra dona María del Carmen Rodríguez Dacosta, do Grupo Parlamentario Socialista.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Conselleiro, sendo alcalde Francisco Rodríguez, na cidade de Ourense, gobernando en coalición co BNG dende o ano 2007 ao 2012 e despois gobernando o Partido Socialista en minoría ata o 2015, desenvolvéronse numerosas actuacións que dotaron de novas infraestruturas a nosa cidade de Ourense no eido do turismo e do termalismo, nunha aposta clara por un cambio de modelo urbanístico e de cidade estratéxico e de futuro.

As novas infraestruturas e dotacións nas zonas termais creadas foron a piscina termal das Burgas, o Centro de Interpretación Termal das Burgas —que incluía una zona verde de 6.000 metros cadrados no corazón do casco histórico da cidade—, novos apartamentos turísticos, rehabilitación e posta en valor da fonte do Tinteiro, etcétera. Ademais da creación de novas dotacións, realizouse a xestión urbanística, clave para o futuro desenvolvemento termal da cidade, a través do impulso do Plan especial das Burgas e do Plan especial A Chavasqueira-As Caldas. Dende o ano 2015 ata a actualidade produciuse un estancamento do proxecto de desenvolvemento termal e unha grave deterioración, sobre todo dende a crise sanitaria provocada pola covid.

O actual rexedor da cidade, Gonzalo Pérez Jácome, ese mesmo que presuntamente participa nunha trama corrupta e do que Feijóo apoiou a súa investidura nun pacto letal para Ourense —non me fai moita graza isto pero, bueno—, (*Murmurios.*) afirmaba en distintas intervencións públicas que o termalismo é un bluf, polo que non apostaba en absoluto por este elemento diferencial para o turismo da cidade.

Por outra banda, nos últimos anos de mandato de Feijóo na Xunta de Galicia, a súa única promesa electoral no relativo ao termalismo en Ourense cidade foi a construción do Gran Hotel Balneario, constituíndo outra promesa incumprida polo entón presidente. Tras un cúmulo de despropósitos —que, por falta de tempo, non podo enumerar—, a situación do termalismo na cidade de Ourense na actualidade podémola cualificar de grotesca. Nun comunicado ultimamente o Goberno culpaba da situación a aprobación da lei por parte de vostedes, polo Goberno galego, (*Murmurios.*) sinalando que cerraba outras termas porque en tempada baixa non tiñan bañistas para atender —bueno, un despropósito—.

Por iso, preguntolle: ¿que valoración fai o Goberno galego da grotesca situación do termalismo na cidade de Ourense? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Dacosta.



Resposta do vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación, don Francisco Conde López.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas.

Señora Rodríguez, a verdade é que teño que sorprenderme da súa intervención. Paréceme máis unha intervención que seguramente podería trasladar a un pleno do Concello de Ourense que a este Parlamento. E sorpréndeme enormemente que vostede siga anclada no pasado; parece que quedou no ano 2015, e parece que, efectivamente, dende a Xunta de Galicia, non se promoveu ningún tipo de actuacións no eido do termalismo esencialmente porque vostede simplemente intenta non falar delas. O que é verdadeiramente sorprendente é que intente tamén neste Parlamento intentar responsabilizar a Xunta de Galicia da xestión dos espazos termais, que son competencia, como vostede sabe, do Concello de Ourense. Polo tanto, eu seguramente lle suxeriría que, se o que quere facer é simplemente campaña electoral en Ourense, pois vaia ao Pleno e seguramente tería máis sentido.

En calquera caso, eu voulle trasladar, efectivamente, a aposta e todas as medidas que dende a Xunta, dende a perspectiva da Xunta de Galicia, estamos a desenvolver. Efectivamente, desenvolvemos unha lei para regular o uso lúdico das augas termais. E debería de trasladarles aos veciños de Ourense que, efectivamente, dende o ano 2021, todos os aproveitamentos de xestión pública do Concello de Ourense están regularizados; é dicir, que se está cumprindo a normativa que se exige por parte da Xunta de Galicia. A pregunta é: ¿por que o Grupo Socialista —e semanas atrás o propio Bloque Nacionalista Galego— están en contra de todas as medidas dirixidas a protexer a cidadanía de Ourense dende o punto de vista sanitario e dende o punto de vista das condicións que teñen que ter os espazos termais? É sorprendente que vostedes non pretendan garantir ese tipo de actuacións.

Debería de falar tamén das liñas de axuda que estamos convocando dende o ano 2022 e este ano 2023 precisamente para acondicionar e mellorar os espazos termais de uso recreativo. Debería falar de que o Concello de Ourense recibiu catro axudas o ano pasado por un importe de 470.000 euros. E o que debería preguntar no Concello de Ourense, no Pleno de Ourense, é por que esas axudas non se executaron. Pero pódolle dicir que este ano 2023 a Xunta de Galicia volveu conceder e apoiar o proxecto presentado pola Corporación Municipal de Ourense para as termas das Burgas precisamente outorgando unha subvención de 200.000 euros.

Señora Rodríguez, hai un descoñecemento absoluto por parte do Partido Socialista de Ourense de Galicia da situación. Igual que vostede non quere falar tampouco das axudas que a través da Xunta de Galicia imos impulsar, en colaboración co Goberno, precisamente para desenvolver, no pazo da Deputación, un balneario, igual que un centro de innovación e de investigación en termalismo, cun investimento de máis de cinco millóns de euros. Son medidas concretas, e non como vostede, que segue anclada, lamentablemente, no ano 2015, no pasado.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para a réplica, a señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Eu, con todo respecto, creo que equivocado está vostede, porque si que a Xunta ten moita responsabilidade coa situación que vive o termalismo en Ourense, na cidade de Ourense; primeiro, porque aproban unha lei sen contar coa cidade, que é a segunda cidade europea que ten máis caudal termal, e sae a costas desa cidade de Galicia. Entón, creo que vostede ten bastante culpa nesa historia. E tamén a inacción e o peche das pozas e piscinas durante meses e anos son o cúmulo de despropósitos que padecemos.

Si, porque, mire ¿quen puxo en Ourense un alcalde totalmente incompetente? Pero non só iso. Á parte de que este alcalde, ademais dos presuntamente delitos que está a aco- meter, non fixo ningunha actuación no eido termal. Pero é que vostedes, o Partido Popular, gobernaron dende o ano 2015 ao ano 2019. E o peche da piscina termal das Burgas ou o peche da Chavasqueira e moitas outras accións impropias dun goberno tanto municipal como da Xunta de Galicia están aí. A verdade é que a aposta que fixeron vostedes non é o Gran Hotel Balneario, porque me fala hoxe de que estamos no 2023 e Feijóo prometíao hai seis anos.

A verdadeira aposta do seu partido para Ourense foi a única, e foi pór a Jácome como alcalde. Polo tanto, vostede é cómplice, e vostedes son cómplices, da situación termal na que se en- contra a cidade, que, como dicía, ten o maior caudal, o segundo maior caudal de Europa.

E foi o presidente Rueda o outro día a Ourense a dicir que ve o termalismo como o novo... (*Murmurios.*) —xa sei que non lle interesa— Xacobeo en Ourense —señor conselleiro, un pouco de respecto—. E eu creo que si, que pode ser a gran cidade termal, que o merece, por- que temos unha oportunidade o 28 de maio.

Creo que é un total despropósito que o conselleiro non atenda a unha deputada que lle está facendo unha pregunta. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas. (*Murmurios.*)

Silencio.

Cando queira, conselleiro.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E IN- NOVACIÓN (Conde López): Señora Rodríguez, primeiro, quere facer aquí un mitin electoral por segunda vez. Eu entendo perfectamente que vostede intente ter méritos —segura- mente— dentro do Partido Socialista de Ourense. Pero querer responsabilizar a Xunta de Galicia da xestión dos espazos termais, que son competencia do Concello, é simplemente descoñecer a normativa e intentar trasladar a este Parlamento unha situación absolutamente local, que transcende absolutamente o debate que vostede quere plantexar.



Debería de saber que, efectivamente, a Lei de aproveitamento das augas lúdicas está permitindo que nestes momentos todas as instalacións estean autorizadas, e estamos garantindo dende a Xunta de Galicia que cumpran as condicións sanitarias.

¿Vostede está en contra diso? ¿Vostede está en contra de que a través dunha lei se garanta que, efectivamente, todos os espazos termais cumpran coas condicións sanitarias? Porque iso é o que establece, precisamente, a lei. O que pasa é que descoñece seguramente o contido da lei, e a partir de aí é moi difícil desenvolver un debate cando vostede simplemente vén aquí facer política municipal. Isto non é o Pleno do Concello de Ourense, isto é o Parlamento de Galicia, señora Rodríguez. *(A señora Rodríguez Dacosta pronuncia palabras que non se perciben e ri.)*

En calquera caso, se quixese falar das actuacións que está desenvolvendo a Xunta de Galicia, seguramente vostede debería de falar do Plan de turismo termal 2014-2020, que simplemente obvia, porque non lle interesa; segue ancorada no ano 2015 no Concello de Ourense. Pero Galicia evoluciona e Galicia, dende o punto de vista termal, desenvolveu diferentes iniciativas, precisamente para desenvolver actuacións como Termatalia, como a recuperación de balnearios, a propia Cátedra de Hidroloxía Médica e diferentes accións de promoción que están permitindo que hoxe o termalismo de Galicia e o termalismo de Ourense sexa coñecido internacionalmente.

Debería de falar vostede, señora Rodríguez, do Plan de sustentabilidade Ourense termal 2021-2023, cun investimento de máis de tres millóns de euros, que está permitindo que hoxe a imaxe da provincia de Ourense como destino sostible do turismo termal sexa unha realidade.

Debería de falar vostede do Plan territorial, coa temática vilas termais e cascos históricos, que foi aprobado, como xa lles dixen, esta mesma semana na Conferencia Sectorial de Turismo; unha iniciativa que vai permitir promocionar o termalismo de Galicia, o termalismo de Ourense, cun investimento de máis de dez millóns de euros. Eses dez millóns de euros, señora Rodríguez —debería de sabelo porque está a información á súa disposición—, van permitir converter o pazo provincial de Ourense nun balneario e nun centro de innovación e investigación do termalismo de Galicia, cun investimento de cinco millóns e medio de euros.

E debería vostede saber que con esa actuación imos mellorar as infraestruturas e a oferta termal en Galicia, con máis de 3.700.000 euros, e tamén que imos organizar accións de formación por 700.000 euros. Dez millóns de euros...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Conde López): ...adicionados...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

(O señor vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)



Pregunta de D^a María Begoña Freire Vázquez e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego en relación coa futura Lei estatal de vivenda, despois do desbloqueo da súa tramitación anunciado por ERC e Bildu

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Freire Vázquez.

A señora FREIRE VÁZQUEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde, señora conselleira.

O Goberno de España leva anos coa tramitación da tan anunciada Lei estatal de vivenda; un texto normativo que, como vostede dixo en varias ocasións, se iniciou sen consenso nin consulta previa coas distintas comunidades autónomas e, concretamente, con Galicia e que, como xa se advertiu, invade as competencias autonómicas, toda vez a vivenda é unha materia de titularidade autonómica. Un proxecto que, nos seus inicios, non foi outra cousa que moeda de cambio para conseguir o apoio aos orzamentos xerais do Estado, e un acordo PSOE-Podemos co único obxectivo de manter en pé o Goberno de Sánchez.

Recentemente anunciouse por parte de Esquerra Republicana de Cataluña e Bildu o desbloqueo do proxecto, ata entón atascado no Congreso dos Deputados. Os mesmos que dicían que non pactarían con Bildu e que o repetiron unha e mil veces, deixan agora en mans dos independentistas a política de vivenda. A deriva do Goberno do Estado é de tal calibre que supón a claudicación do Partido Socialista fronte ao populismo e ao independentismo.

Os anuncios de Pedro Sánchez nas últimas semanas non deixan lugar a dúbida de que utiliza un asunto de tanta transcendencia, importancia e preocupación, como o tema da vivenda, como ferramenta electoral, non só co anuncio da posible aprobación da Lei de vivenda en tempo de desconto e antes das eleccións do próximo 28 de maio, senón cos recentes anuncios propagandísticos de chuvia de vivendas públicas que non son máis que fume e enganos con falsas promesas.

Tamén nos últimos días Sánchez anunciou avais públicos para a compra de vivenda para xóvenes; liñas de axudas que xa existen en Galicia e polas que tanto o PSdeG como o BNG criticaron á Xunta.

Pero o lío segue, señora conselleira, porque ante este anuncio de Sánchez de avalar nunha porcentaxe a compra de vivenda para xóvenes, xa saíron os socios habituais do Goberno de coalición a criticar a medida. Esquerra Republicana, Bildu e o BNG, entre outros, e mesmo a outra parte do Goberno, Podemos, saen en tromba rexeitando a proposta. Parece que algúns pensan que só algunhas ministras de Podemos poden ter vivenda en propiedade; iso si, algunhas poden acceder a un chalé en Galapagar.

Señora conselleira, ao fío deste anuncio da Lei de vivenda, queremos preguntarlle: ¿que valoración fai o Goberno galego en relación coa futura Lei estatal de vivenda, despois do desbloqueo na súa tramitación anunciado por Esquerra Republicana de Catalunya e Bildu?

De momento, máis nada e moitas grazas.



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Freire.

Resposta da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Grazas, presidente.

Señora Freire, eu máis que unha lei diría que este é un convenio de colaboración ou un contrato privado do señor Sánchez cos seus socios de goberno: con Esquerra e con Bildu. Chama a atención que haxa que pactar unha lei de vivenda con Esquerra e con Bildu.

Isto é un auténtico caos, é un auténtico despropósito, pero tamén é unha mostra máis da improvisación do Goberno de Sánchez, que segue sumando anuncios, con baile de cifras; anuncios que son electoralistas, que poden ser lícitos, pero que xogan con algo moi delicado, que é o fogar das persoas.

Vimos asistindo nas últimas semanas..., e vai unha tras outra. E, de vez en cando, acerta, e acerta porque copia. E benvido sexa copiar proxectos de comunidades autónomas, como é o caso da galega. Polo tanto, aí están os avais. Pero, jollo!, a ver canto dura isto. E digo que a ver canto dura isto porque, efectivamente, aos seus socios dálles moitos reparo, por non dicir pudor, falar de propiedade privada. E, polo tanto, non queren nada de mercar vivendas, non queren nada de avais. Entón, xa lle están dicindo ao señor Sánchez que coidadiño, que seguramente non lle voten a favor.

Eu o que lle pido ao señor Sánchez, o que lle pido ao Grupo Socialista, o que lle pedín, ademais, por carta, é que respecte as comunidades autónomas, porque respectar as comunidades autónomas é falar con elas, e facelo, ademais, onde compete, que é na Conferencia Sectorial.

Só partidos predemocráticos poden facer o que se está facendo agora mesmo, que é non respectar a Constitución. E non respectan a Constitución porque hai que debater os textos lexislativos nas conferencias sectoriais, e non se debateu este texto lexislativo na Conferencia Sectorial. Pídeo Galicia, pero pídeno o resto das comunidades autónomas, como é lóxico. Van xa alá tres semanas e aínda non temos resposta, e, polo tanto, temos falta de respecto.

Eu o que lle diría é que aínda estamos a tempo. Estamos a tempo porque, se non, isto vai ser unha auténtica parálise por parte de todo o mundo, a inseguridade xurídica; en breve será aprobado no Senado. Polo tanto, a nós gustaríanos contribuír —aínda que hai moito que facer, para que poida ter o noso apoio esta lei, pero gustaríanos contribuír— a que, ao final, o texto fose un texto para resolver os problemas da vivenda.

Por suposto, nós exiximos dende Galicia esa claridade e ese diálogo coas comunidades autónomas.

E pasar, pasou tempo. Nós o que fixemos xa foi convocar de urxencia...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.



A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): ...o Observatorio... (A señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Vázquez Mejuto, pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o tempo.

Grazas. (Aplausos.)

Para a réplica, a señora Freire.

A señora FREIRE VÁZQUEZ: Grazas, presidente.

Grazas, señora conselleira, pola súa resposta.

A realidade é que a futura Lei de vivenda está xerando gran incerteza entre os cidadáns e os sectores e axentes implicados, que, como expertos, advirten dunha lei que non vai dar solucións aos problemas de acceso á vivenda e que vai ter un impacto moi negativo.

Coinciden os axentes en que, lonxe de solucionar o problema do alugueiro, o empeorará, restrinxindo a oferta de vivenda e encarecendo os prezos, como así ten acontecido nas experiencias onde se puxeron en marcha este tipo de experimentos.

Os cambios introducidos nas últimas horas veñen remarcar o carácter intervencionista da normativa, regulando cuestións como as zonas tensionadas, a limitación do prezo do alugueiro mensual ou as recargas no IBI das vivendas baleiras, repercutindo as responsabilidades nos propietarios, cando debían recaer nas administracións públicas, e o que tamén é grave, legalizando a *okupación* —con k—.

É unha lei onde só saen beneficiados os *okupas* ilegais e a *inquiokupación*, con máis dificultades ao propietario para desalojar os pisos ocupados e investindo a carga da proba, derivando ao propietario a carga de acreditar que o *okupa* utiliza a vivenda como vivenda habitual, entre outros. Chégase ao absurdo de que unha persoa que cobre 1.800 euros ao mes de soldo e alugue unha vivenda por 1.500 euros ao mes é considerado vulnerable, e o desafiuzamento non pode iniciarse antes do transcurso de dous anos. Ou mesmo se chega ao absurdo de que cunha persoa que teña pagado só un mes de renda o propietario teña que aguantar mínimo dous anos para iniciar o desafiuzamento sen recibir nada a cambio e pagando os recibos da auga e luz.

En resumo, señora conselleira, os cidadáns están moi preocupados polo impacto que pode xerar esta nova lei, de chegar a aprobarse.

Creo que nalgunha ocasión invitei xa a señora Fernández a visitar A Coruña. Eu volvo invitá-la, ensínolle todos os edificios ocupados que hai na cidade e que fale coa xente e cos afectados...

O señor PRESIDENTE: Grazas... (Aplausos.)



(A señora Freire Vázquez pronuncia palabras que non se perciben.)

Para o peche da pregunta, a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):
Grazas, presidente.

Unha Lei de vivenda sen memoria económica, señora Freire, non é unha lei de vivenda. Sáelles gratis a Sánchez e aos seus socios e sáelles moi cara ás comunidades autónomas e tamén aos concellos.

Estamos moi preocupados, e estamos moi preocupados polo impacto que pode ter esta lei en Galicia e no mercado da vivenda. Por iso, convocamos o Observatorio da Vivenda en Galicia, un órgano que está representado por todo o sector, e a partir de aí valoramos as distintas repercusións que pode ter. Esas repercusións e esa incerteza xerada, despois de ter a reunión no mes de abril, démoslla a coñecer ao Goberno central e démoslla a coñecer ao Ministerio, porque é así, porque debemos de ser leais e porque, se eles non o son, os galegos somos distintos e a Xunta de Galicia é distinta.

Unhas observacións e unhas alegacións que foron recollidas nun informe, informe que foi remitido ao Ministerio a semana pasada e no cal podemos destacar distintos puntos. Eses puntos son que esta Lei de vivenda vai producir un bloqueo xeral na construción de novas vivendas protexidas por parte dos promotores privados, chegando a ocasionar a total desaparición da nova promoción de vivenda protexida en Galicia —esa é a realidade—, e podería ter un impacto negativo no mercado do alugueiro, provocando distorsións e efectos mesmo contrarios aos que se perseguen. Por exemplo, o Observatorio advirte de que a obriga de destinar o arrendamento ao 50 por cento das vivendas protexidas que se constrúan en solo de reserva vai desincentivar a construtores, pero tamén a cooperativistas, xa que poderían botarse atrás á hora de implicarse neste tipo de promocións ante a falta de expectativas e lograr un retorno económico inmediato.

O Observatorio tamén fai fincapé en que o proxecto de lei invade claramente as competencias económicas. Ou muda ou algo temos que facer ao respecto; non nos vai quedar outra máis que recorrer. Inclúe medidas que alteran e imposibilitan a aplicación de gran parte da planificación pública en materia de vivenda que ten a Xunta de Galicia. Ademais, este órgano tamén pon o acento sobre o impacto económico que terá a lei, ao non ir acompañada de fondos. É que, en definitiva, moitas das medidas propostas se establecen cun total e absoluto descoñecemento da realidade existente e son contrarias ás políticas públicas que se están desenvolvendo en Galicia.

Mención xa á parte merece o tratamento que lle dan á ocupación —da cal algúns se rían— de vivendas neste texto, conveniado con Esquerra e con Bildu, no que o propio propietario...
(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(A señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Vázquez Mejuto, pronuncia palabras que non se perciben.)



O señor PRESIDENTE: Terminou o tempo.

Pregunta de D^a Noa Susana Díaz Varela e dous deputados/as máis, do G. P. dos socialista de Galicia, sobre a licitación da construción do novo centro de saúde de Noia

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas.

Boa tarde, señor conselleiro.

O pasado 10 de outubro mantiña vostede unha reunión co alcalde do Concello de Noia, en Noia, para avanzar no proxecto de construción dun novo centro de saúde nesa localidade. Nesa xuntanza ambos os dous gobernos, o local e o autonómico, asinaban un convenio de colaboración que serviría para —dicían— marcar a folla de ruta para a construción deste necesario novo centro sanitario. Non era sen tempo, a verdade é que non era sen tempo. Noia é cabeza da comarca e o seu centro de saúde presta servizo a milleiros de persoas, xa non só dese concello, senón tamén doutros limítrofes, sendo así a referencia na atención sanitaria de toda a súa contorna. Pero, a pesar disto, o edificio actual —emprazado, por certo, nun sitio xa practicamente podemos dicir que anacrónico— presenta serias deficiencias de tipo estrutural para atender toda a poboación, con graves dificultades tamén na accesibilidade e mobilidade, e por non falar da falla de espazos para acoller determinados servizos que tamén serían necesarios.

A construción deste novo centro de saúde é, por tanto, non só necesaria, senón urxente. Unha obra destas características non debería agardar máis do estritamente necesario. Pero non foi así, e o pobo noiés leva moitos —por non dicir moitísimos— anos agardando a que se materialicen os diversos anuncios en prensa e os actos de maior ou menor entidade que o Goberno galego, xunto co Goberno local, organizaban, que aventuraban sempre a súa inminente construción. O curioso é que o centro de saúde figura, efectivamente, na fase 1 do seu Plan de infraestruturas sanitarias, como ademais tamén moitas veces recorda o Partido Popular, e din que será o que inaugurará esta fase, esta fase 1. Nós o que descoñecemos é como é a secuenciación temporal, se comezan pola fase 3 deste Plan de infraestruturas sanitarias ou por cal, tendo en conta que hai centros da fase 0 dos que aínda non sabemos nada.

A cuestión é que dende a sinatura deste convenio entre o Concello e a Consellería de Sanidade —hai xa oito meses— non se volveu realizar absolutamente ningún avance neste sentido, ningún, e a veciñanza de Noia entenderá vostede que comeza a estar un pouco farta de tanta espera, xa non de meses, senón de anos, temendo que unha vez máis o que haxa sexan anuncios de precampaña electoral, pero pouca realidade.

Seica mediante ese convenio o Concello xa ten postos á disposición da Xunta os terreos destinados a albergar ese novo edificio, cunha superficie de arredor de 1.900 metros cadrados, segundo reza o convenio, e cómpre que o Goberno autonómico continúe a dar pasos reais para poder iniciar a construción coa menor demora posible.



Por iso, señor conselleiro, hoxe queremos preguntarlle para cando está previsto iniciar a licitación do proxecto de construción dese novo centro de saúde de Noia. Queremos saber tamén cal é a razón de tanta demora que hai da realidade, logo de sucesivos anuncios, dende hai anos, que acaban por non materializarse nunca. ¿Cantos anos máis —esa é a pregunta— vai ter que agardar o pobo noiés para ver construído ese necesario centro de saúde?

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Sanidade, don Julio García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Boa tarde, presidente.

Señorías.

Señora Díaz, a verdade é que me sorprende que dende o Grupo Socialista realicen esta pregunta, e non polo feito de querer recoñecer como se atopa o proxecto do novo centro de saúde de Noia, senón pola postura clásica do PSdeG fronte ao investimento en infraestruturas sanitarias. E é que o seu partido sempre di que o importante son os profesionais — cousa que compartimos— e non en absoluto o formigón ou o equipamento, salvo que esteamos en período electoral, que entón si que lle entra a présa polas obras. (*Murmurios.*)

A mágoa é que non lle entrase esa mesma présa por ter máis profesionais sanitarios. Xa sabemos que dende o ano 2018, que se firmou ese acordo unánime das comunidades autónomas, o Goberno do Partido Socialista leva xa case seis anos e cinco ministros sen avanzar nese tema; por certo, hoxe, con 26 médicos de familia máis residentes que o ano pasado e pendentes de ver se nese proceso extraordinario do Ministerio de Sanidade se incorporan esas 39 prazas que quedaron vacantes exclusivamente polo sistema de elección utilizado polo Ministerio de Sanidade.

Deixando este interese repentino a un lado, sabe perfectamente —e así o dixo— que a Xunta dende o ano 2021 contempla no seu Plan de infraestruturas sanitarias ese centro de saúde de Noia, respondendo a unha planificación previa á hora de priorizar as distintas obras; planificación ou prioridades que no seu partido mudan dependendo de se é ano electoral ou non.

Señoría, nós sempre nos preocupamos polo centro de saúde de Noia dende o comezo; desafortunadamente, vostedes só se acordan na campaña electoral. Fíxese, hai uns meses debateuse nesta Cámara o Proxecto de orzamentos para o ano 2023, e o PSdeG sempre defendeu que o orzamento debe ter partidas individualizadas para cada obra sanitaria, a pesar de que non o facían cando gobernaban. Por iso, non fan emendas da nosa partida global de infraestruturas e detállana, e nas emendas parciais do PSdeG aos orzamentos do ano 2023 había dez emendas referidas ao proxecto de mellora centros de saúde, cada unha delas cunha actuación idéntica de 300.000 euros, e nin unha soa delas preguntaba polo centro de saúde de Noia. Polo tanto, permítame dúbida dese interese e da importancia repentina que lle provoca a construción dun novo centro de en Noia.



Señoría, a Xunta de Galicia sempre cumpre cos seus compromisos, aínda que vostedes se afanen en repetir unha e outra vez os peores prognósticos sobre a realización das nosas obras, como xa fixeron cos centros de saúde de Melide, de Milladoiro, da Estrada ou do CIS de Lalín. Todos eses centros —que xa están feitos, por certo—, segundo vostedes, non se ían facer; igual que nos din agora do de Noia, e igual que neses o de Noia será unha realidade. Neste mesmo mes o Consello da Xunta aceptará a cesión da parcela adquirida polo Concello e encomendaremos á Axencia Galega de Infraestruturas a licitación deste proxecto.

De momento, máis nada.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Antes da réplica da señora Noa Díaz, queremos saudar os alumnos de 5º de primaria do Centro Plurilingüe de Cervantes, en Lugo. Benvidos ao Parlamento, e tamén ao profesor e profesoras que os acompañan.

E agora si, réplica da señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Si, señor conselleiro, sei que levan tempo preocupados por este centro; tanto tempo que levan anos e anos e anos. Ese é o tempo que levan preocupados por este centro. (*Aplausos.*)

Alégrome moitísimo da súa resposta, aínda que non contestou, porque está falando vostede da aceptación desa parcela, e aí era a onde queríamos ir. Eu agradézolle moitísimo a súa intervención, porque agora a ver se ten algunha resposta para o que lle imos plantexar. Mire, ¿cal vai ser finalmente a superficie dese centro? Iso é o que queremos saber. Dígolle isto porque nese convenio que asinaban en outubro constaba a cesión duns terreos que ocupaban cerca de 1.900 metros cadrados, e así o di o convenio —que non teño aquí, pero que si teño—, cando a realidade é que ese alcalde, cando asinaba ese convenio no mes de outubro, non tiña adquiridas para o centro de saúde esas parcelas. Esa é a realidade. E, polo que sabemos, no día de hoxe esa cuestión aínda non está tampouco resolta; cando menos o alcalde non lla resolve ao Grupo Municipal Socialista, por iso nós lle preguntamos aquí, porque algunha responsabilidade terá vostede. Porque, de non contar con todas as superficies, estaremos construindo un novo centro francamente insuficiente.

¿Coñecían vostedes, señor conselleiro, esta cuestión? ¿É habitual para a Consellería de Sanidade asinar convenios que non responden á realidade? ¿Considera que esta é unha boa xestión municipal e unha boa xestión autonómica? ¿Validan, aínda así, ese convenio ou pretenden asinar outro? ¿Hai que asinar outro?

E temos máis preguntas, e esta é importante: ¿é esta demora na adquisición das parcelas prometidas polo Goberno local o que provoca que aínda nada se saiba dese proxecto? ¿Será esta? ¿Será esta resposta ou é que o novo centro de saúde se vai construír finalmente nuns terreos de menores dimensións que os prometidos?



Nós agardamos, como así tamén o solicita o Grupo Municipal Socialista, que non rebaixen as expectativas e que a pesar da nefasta xestión e da inoperancia do actual alcalde de Noia vaia finalmente esa localidade contar co centro de saúde que as noias e os noieses merecen. E, se non, agarden un mes, que xa se encargará o novo Goberno de arranxalo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da pregunta, o conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Grazas, presidente.

Xa se viu cal era o interese da pregunta, evidentemente, *(Murmurios.)* xa se viu. *(Aplausos.)*

Míre, o noso compromiso coa sanidade pública, e, dende logo, en particular coa atención primaria, é firme e mostra diso é que, ademais das diferentes medidas levadas a cabo no eido do persoal, temos a maior partida de investimentos en atención primaria da historia, que acada os 56 millóns de euros. Agora mesmo, temos dous novos centros de saúde integrais que se están rematando, que son o CIS de Lugo e o CIS de Lalín, e outras dúas obras a punto de comezar, neste caso o centro de saúde de Moaña —por certo, despois de esperar dous anos pola parcela— e o CIS Olimpia Valencia, de Vigo. Temos adxudicados xa os proxectos de oito centros de saúde: Antas de Ulla, A Rúa, Abegondo, A Milagrosa (en Lugo), CIS de Ourense, Boborás, Muíños e Vilagarcía. E agora continuaremos coas licitacións —insisto, agora— dos novos proxectos que xa teñen confirmados, como Noia, Meis, Soutomaior, Barro e Teo. Estamos tramitando a construción de quince novos centros de saúde de maneira simultánea e na nosa planificación tamén está incluído, como acabo de insistir, o centro de saúde de Noia, que dende o comezo estivo na previsión da Xunta.

Por iso, como lle dicía, encomendarémoslle este mesmo mes —repito, este mesmo mes— á Axencia Galega de Infraestruturas a licitación do proxecto construtivo dun novo centro de saúde nos terreos conseguidos polo Goberno local, neses, efectivamente, terreos, señora Díaz; que, ademais, respondeu á solicitude da parcela dun xeito moito máis áxil que outros concellos que logo moito falan da sanidade pública.

Nesa parcela cedida polo Concello de Noia construiremos un novo centro de saúde que, señora Díaz —estea tranquila—, vai duplicar a superficie actual. Vai contar con 4 salas de técnicas, onde agora só temos unha, o que vai facilitar facer máis técnicas diagnósticas e cirurxía menor; vai sumar unha consulta de hixienista dental, xunto coa de odontoloxía, e incorporar vestiarios para os pacientes na área de fisioterapia; e vai ampliar a zona de consultas e a sala de observación do PAC, ademais de integrar neste edificio a base da ambulancia do 061.

Todo isto, señora Díaz, será unha realidade, porque estamos a facer o maior investimento anual en infraestruturas de atención primaria, grazas a uns orzamentos aos que o seu partido votou que non, en contra, e nos que nin sequera se lembrou do centro de saúde de Noia durante a súa tramitación.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pregunta de D^a María Elena Suárez Sarmiento e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as iniciativas impulsadas polo Goberno galego co obxecto de mellorar a atención primaria en Vilagarcía de Arousa e sobre a valoración que fai da implantación desas medidas

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Suárez Sarmiento.

A señora SUÁREZ SARMIENTO: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Grazas, señor conselleiro, por estar aquí esta tarde respondendo as nosas preguntas.

En Vilagarcía levamos anos demandando a necesidade dun novo centro de saúde, necesidade perfectamente entendida e asumida como propia pola Xunta de Galicia, que solicitou insistentemente ao Concello de Vilagarcía, como ao resto dos concellos da comunidade, terreos aptos e sen cargas para a súa construción. A cabezonería do Goberno local durante anos, empeñado nun solar que non reunía requisitos, fixo que se atrasara a decisión deste investimento, que, ao final e para cumprir ese capricho, supuxo un custo engadido de máis de dous millóns de euros dos orzamentos municipais, entre compras de terreos e demolicións que teremos que pagar todos os vilagarcíans e todas as vilagarcíás.

Conselleiro, cónstame que, mentres algúns dedicaban o seu tempo a sementar dúbidas na cidadanía sobre a realidade deste investimento, a Xunta de Galicia estaba traballando e orzando a redacción do proxecto do novo centro de saúde que no día de hoxe xa está licitado e en deseño.

Pois ben, despois de varios anos de atraso e de 2 millóns de euros de sobrecusto provocados polo Goberno local de Vilagarcía, a Xunta de Galicia xa fixo realidade ese novo centro de saúde, o que lle quero agradecer francamente polo que supón para a mellora da atención primaria en Vilagarcía e na súa zona de influencia.

Tamén quero aproveitar esta ocasión para agradecerlle á consellería que vostede dirixe a reapertura do consultorio de Vilaxoán. Este consultorio, como outros en Galicia, tivo que ser pechado por motivos de seguridade sanitaria provocados pola pandemia da covid-19, pero tan pronto como foi posible garantir esa seguridade na veciñanza de Vilaxoán este consultorio abriu as súas portas en novembro do ano 2022, cumprindo o compromiso do Goberno galego e de vostede mesmo. Como vostede ben sabe, tanto a veciñanza de Vilaxoán como o Partido Popular de Vilagarcía sempre defendemos o consultorio de Vilaxoán; é máis que un equipamento sanitario, é unha seña de identidade e unha ferramenta decisiva para a retención de poboación nese núcleo, que vai perdendo servizos e, polo tanto, vai perdendo oportunidades. Por iso, celebramos con entusiasmo, da man da Asociación de Veciños de Vilaxoán, a súa reapertura.



E para rematar esta quenda, grazas, señor conselleiro, e grazas a todo o Goberno galego polo seu empeño en mellorar as instalacións sanitarias de Vilagarcía e por dar pasos para conseguir unha sanidade pública que demandamos e que merecemos en Vilagarcía. Desde este convencemento queremos saber cales son as iniciativas da Xunta de Galicia para mellorar a atención primaria en Vilagarcía.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Suárez Sarmiento.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

De novo, señora Suárez, como dicía na pregunta anterior, o novo centro de saúde de Vilagarcía é unha das máis de quince actuacións de construción de novos centros de saúde que estamos a facer actualmente dende Galicia. A Xunta fará en Vilagarcía de Arousa un investimento de máis de catorce millóns de euros, como sempre foi a súa intención.

Hai que lembrar que foi o Concello de Vilagarcía o que mantivo bloqueado durante meses este investimento por non aceptar o que aceptan todos os concellos: que deben ceder á Xunta parcelas libres de cargas económicas. O Goberno local insistía en ofrecer una parcela coas cargas dun canon portuario e a demolición dun edificio. Démoslle a opción de atopar outra parcela libre deses condicionantes ou de asumir esa carga económica cos seus propios fondos, e o Concello finalmente decidiuse por avanzar nesta segunda posibilidade. A Xunta asumiu esa decisión do Concello e incorporou ese centro na fase cero do Plan de infraestruturas sanitarias en novembro de 2021. E contemplamos para o orzamento do 2022 a contía para iniciar ese proxecto.

Por suposto, os grupos da oposición saíron a dicir que todo era fume e que non había nin un só euro. A realidade foi que lle encomendamos á Axencia Galega Infraestruturas esa obra. O 30 de marzo de 2022 publicábase xa a licitación por case 500.000 euros para o proxecto construtivo deste centro. Eses cero euros que dicían o PSdeG e o Bloque pasaron a ser medio millón de euros, e recibiron as ofertas, que se formalizaron no contrato en outubro de 2022.

O estudo arquitectónico realizou o traballo e supervisouse e consultouse co Concello e cos profesionais, e finalmente aprobouse un proxecto básico este mesmo mes de marzo que contempla una superficie de máis de 8.300 metros cadrados, xerando 2 prazas abertas cara á cidade e cara aos viarios, 2 ascensores —2 para os usuarios e outro para o persoal—, 3 consultas de medicina xeral ata chegar ás 17, 4 máis de enfermería —ata 17 tamén—, unha máis de pediatría e 2 máis de enfermería de pediatría, para alcanzar 5 consultas de cada unha —de enfermería de pediatría—. Ou novas áreas, como a sala de illamento, a consulta do programa de muller ou a sala pediátrica integral; ademais de incrementar tamén todas as áreas respecto do actual centro, especialmente as de fisioterapia ou a de docencia, con 4 consultas máis para formar máis residentes.



Agora o estudo arquitectónico ten ata agosto para presentar un proxecto de execución, que permitirá á Xunta licitar esa obra por un valor —como dicía— estimado de 14 millóns de euros. Polo tanto, o compromiso da Xunta é máximo, con dúas consellerías, a de Infraestruturas e a de Sanidade, e traballa ao máximo para executar ese investimento en canto este goberno local decidiu ceder a parcela nesas condicións, as mesmas que o resto de concellos. Se Vilagarcía vai ter un investimento desa envergadura para a mellora das condicións dos profesionais sanitarios e da poboación vai ser pola determinación deste goberno de dar a esa cidade a infraestrutura sanitaria que merece.

Máis nada polo de agora.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Para a réplica, a señora Suárez Sarmiento.

A señora SUÁREZ SARMIENTO: Grazas, presidente.

Grazas, conselleiro.

Non cabe dúbida de que estamos a sufrir unha etapa de dificultades de atención primaria en Vilagarcía, en Galicia e en toda España; dificultades motivadas principalmente pola falla de médicos especialistas en medicina de familia —repito— en todo o Estado español. Ante esta situación, o Goberno galego vén demandando insistentemente ao Ministerio de Sanidade que atenda a problemática global de falta de persoal médico e tome as medidas necesarias para facilitar novas contratacións, especialmente nas categorías máis deficitarias, como son a de medicina de familia ou pediatría.

Pero mentres o Goberno de España non fai os seus deberes, a Xunta de Galicia está a adoptar medidas para solucionar este problema, medidas tales como incrementar aínda máis o investimento en sanidade pública —hoxe a Xunta de Galicia ten o maior investimento en sanidade de toda a súa historia— ou medidas no ámbito lexislativo, na procura de incrementar a oferta de prazas estables de persoal médico e pediatría, especialmente nos centros de saúde e hospitais comarcais que presenten máis dificultades. Medidas estas últimas, por certo, ás que tanto o Partido Socialista de Galicia como o Bloque Nacionalista Galego votan insistentemente en contra neste Parlamento; dous grupos que, presumindo de coherencia, cunha man fan pancartas na rúa e coa outra man premen o botón vermello neste Parlamento, dificultando as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia.

Miren, en pleno tras pleno fálase aquí da demora das citas en atención primaria no Centro de Saúde de Vilagarcía. Eu saquei hoxe este calendario (*A señora Suárez Sarmiento mostra un calendario.*) —que o saquei ás 11:03 da mañá— e que me dá cita para pasadomañá ás 12.00 horas no consultorio de Vilagarcía na atención primaria; ás 12.14; é dicir, que sería con 48 horas de demora na atención primaria, en Vilagarcía.



Miren, dende logo, todo é mellorable. Eu sei que ese é o ánimo seu e da Xunta de Galicia, mellorar a atención primaria en Vilagarcía e en Galicia...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora SUÁREZ SARMIENTO: ¿Cales son esas medidas e cales son as...?

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Aplausos.)

Para o peche da pregunta, o señor conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Grazas, presidente.

Bueno, a realidade é moi teimuda, señora Suárez, e a realidade é que hoxe o Centro de Saúde Vilagarcía ten catro médicos máis con praza fixa grazas a unha lei á que, efectivamente, votaron en contra tanto o PSOE como o Bloque Nacionalista Galego. É dicir, partindo dunha situación de déficit pola falta de profesionais, soubemos poñer os incentivos, neste caso, para cubrir esas prazas que estaban quedando descubertas.

Houbo quen dixo que todo iso era imposible e que, ademais, non ía saír adiante, e incluso se falou de que era inconstitucional. Creo que a situación do Centro de Saúde Vilagarcía é moi distinta á que había hai un ano, cando sacamos a convocatoria, tanto nas esperas das citas de atención primaria —alégrome moito deses datos que vostede anuncia— como na cobertura do PAC; (*Murmurios.*) e tamén, por suposto, se contribuíu a esa cobertura con estas novas prazas. Probablemente, o que intentaban evitar os que votaron en contra destas medidas era esta melloría; querían chegar á campaña electoral coas máximas prazas sen cubrir e cos máximos problemas nas coberturas dos PAC. Afortunadamente para a poboación e desafortunadamente para eles, a maioría deste Parlamento decidiu votar a favor dunha lei que permitiu mellorar a atención primaria de Vilagarcía.

Ademais, a mellora da situación epidemiolóxica coa pandemia da covid, xunto con ese reforzo de persoal do que falabamos, permitiu reabrir en novembro —como vostede ben dicía— ese consultorio de Vilaxoán; unha medida que demandaba a poboación e coa que a Xunta cumpriu en canto lle foi posible. E para seguir nesta senda de mellora o pasado ano neste Parlamento volveu habilitarse por parte da Xunta a convocatoria de prazas por ese sistema de concurso de méritos sen oposición, aos que, por suposto, se opuxeron novamente o Bloque e o Partido Socialista. Esta vez non só para médicos de familia, senón tamén para pediatras de atención primaria, igual que para hospitais comarcais ou saúde mental. Por suposto, o PSOE e o Bloque volveron votar en contra doutra boa medida que podía estragarlles o seu discurso electoralista sobre a atención primaria ou sobre os hospitais comarcais, pero a lei foi aprobada e está xa vixente. Por iso, a finais de marzo aprobamos no Consello da Xunta unha oferta de emprego público de máis de 420 prazas de persoal sanitario por concurso de méritos. E por iso este vindeiro luns sairá publicada no *Diario Oficial de Galicia* a convocatoria deste novo concurso, que incluírá tres prazas máis para o Centro de Saúde de Vilagarcía: neste caso, dúas de medicina de familia e unha praza de pediatría.



Coa cobertura destas prazas lograremos, por fin, cubrir todas as vacantes que existían no centro de saúde desta cidade; un obxectivo que moitos intentaron evitar, pero que imos conseguir. Por suposto, seguiremos tendo problemas para cubrir baixas, permisos ou ausencias por esa escaseza de médicos de familia en España que vostede comentaba e que o Goberno central se resiste a abordar. A Xunta vai seguir tomando as medidas que son da súa competencia para mellorar a atención primaria de todos os galegos, por moito que amole a uns partidos que queiran basear a súa campaña electoral en determinados concellos nos problemas sanitarios.

No caso de Vilagarcía, a Xunta fixo os deberes e ten en marcha os procesos para completar a cobertura total da plantilla nun centro de saúde con 7 novos funcionarios con praza fixa e para construír esa nova infraestrutura sanitaria con 14 millóns de euros.

Máis nada.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pregunta D^a Rosana Pérez Fernández e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego para cubrir as ausencias do persoal sanitario nos centros de saúde da comarca da Barbanza

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra dona Rosana Pérez Fernández, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, A Barbanza é coñecida dentro da sanidade galega e dende hai anos como a comarca da consolidación da precariedade laboral, o lugar a onde ningún profesional quere ir e de onde foxen en canto poden. Existen varios miles de persoas que non teñen médico de familia asignado, que carecen de pediatra ou que sofren longas esperas para ser atendidos.

Os centros que acollen máis poboación, como Boiro e Ribeira, son desgraciados exemplos do mal trato permanente a profesionais e usuarios e usuarias. Coa pandemia pecharon vosdes os consultorios de Taragoña e Cabo de Cruz, que nunca máis abriron —non tivemos tanta sorte como co de Vilaxoán—. O seus pacientes concéntranse agora nos centros de saúde das súas localidades, que, á súa vez, están sobrecargados. Os centros periféricos de Palmeira e Corrubedo continúan sen médico a tempo completo, con persoal que se despraza dende o centro de saúde de Ribeira ou doutros centros, o que provoca que tanto uns como outros estean mal atendidos. O cadro de persoal nunca está completo en ningún dos centros de saúde da comarca, non se cobren as ausencias, e os profesionais alongan a súa xornada e atenden sistematicamente un número de pacientes que dobra o que lles corresponde.

A falta de pediatras é clamorosa; ningún dos centros ten os que lle pertence. A consecuencia é a peregrinación á que someten as nenas e os nenos e os seus pais por toda a comarca, e



incluso fóra da comarca. Un sumatorio de circunstancias que acaban repercutindo moi seriamente no xa saturado Servizo de Urxencias do Hospital da Barbanza, a onde acoden moitas das persoas que non atopan a atención acaída no seu centro de saúde.

En definitiva, é unha problemática que permanece en bucle dende hai anos e que non ve atisbo de melloría máis alá de parches puntuais insatisfactorios e totalmente ineficaces.

Señor conselleiro, diante de toda esta situación, ¿que vai facer no inmediato, a curto prazo, para solucionar ou, cando menos, paliar a falta de médicos e pediatras que se vén dando dende hai anos nos centros de saúde da Barbanza?

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pérez Fernández.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Boa tarde, presidente, de novo.

Señorías.

Señora Pérez, na súa exposición de motivos —permítame empezar por aí— enumerou varias iniciativas nas que recriminaba ao Partido Popular votar en contra de maneira automática das propostas do BNG. Bueno, xa supoño que se deu conta de que iso era unha mentira, porque sempre tentamos chegar a acordos e aceptar determinados puntos das iniciativas. A mágoa é que nesa enumeración que está recollida nesta exposición de motivos non recorda vostede que se solicitou a votación por puntos por parte do Partido Popular e que foi rexeitada polo seu partido. Se votásemos por puntos, como dicía, tres delas estarían aceptadas.

En todo caso, falando da situación dos centros de saúde, mire, a finais do 2022 o Centro de Saúde de Rianxo atopábase con dúas prazas de médico vacantes —con dúas—. Despois de ofertar estas prazas reiteradamente, procedeuse a unha reordenación de cupos, froito dun acordo que tivemos en mesa sectorial o verán pasado —por unanimidade, por certo— para seguir garantindo a continuidade asistencial dos pacientes. Polo que no día de hoxe só hai unha praza vacante cuberta coas axendas prolongadas —falo de Rianxo—.

No ámbito pediátrico, as tarxetas asignadas son unhas 1.100, dentro das ratios recomendadas, que son 960 nenos por pediatra. Pero, para contribuír a unha mellor accesibilidade, activouse un reforzo de pediatría de luns a venres, polo que actualmente non existe demora no ámbito da pediatría no Centro de Saúde de Rianxo.

No caso de Boiro, en atención pediátrica, o centro conta cun facultativo de baixa. Pero, tendo en conta o baixo o número de TIS que corresponden a este pediatra —720 tarxetas—, procedeuse a realizar intersubstitución e prolongacións, polo que non hai demoras tampouco en pediatría nas citas de Boiro. E no que respecta á atención de adultos, a finais de ano existían tres vacantes de médico de familia. Actualmente, despois dunha reordenación e a cobertura dunha praza por parte dun médico que veu de Valencia, o centro só se atopa cunha praza vacante.



En relación ao consultorio de Corrubedo, en febreiro deste ano respondílle a unha pregunta oral sobre este asunto, e teño que comunicarlle que no día de hoxe manteño o que dixen naquel día: non hai novidades. Polo tanto, tomamos as medidas para ter solucións provisionais, pero queremos solucións fixas, e por iso levamos adiante leis neste Parlamento —co voto en contra do BNG— para cubrir por concurso de méritos estas prazas e facelo con profesionais fixos. Nomeadamente, na comarca da Barbanza, no ano 2022 adxudicamos seis prazas de médico de familia: unha en Boiro, dúas en Rianxo, unha na Pobra e dúas en Ribeira.

Visto a boa acollida desta medida, neste 2023 volverase repetir este proceso, ofertando tres prazas de médico de familia en Boiro, dúas en Rianxo e dúas en Ribeira, e para pediatría de atención primaria será unha praza en Ribeira, unha en Boiro e outra en Rianxo.

Polo tanto, neste ano imos poder cubrir con persoal con praza fixa esas vacantes que existen nos centros da comarca da Barbanza, aínda que sexa, iso si, co voto en contra do BNG.

De momento, máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Para a réplica, a señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, segundo a súa fotografía da sanidade na comarca, case, case estiven a punto tamén de aplaudirle eu.

Vostede ten que recoñecer que non foi capaz —non foi nin é— de remediar a situación sanitaria habitual da nosa comarca. Está falando dunha serie de prazas que se van cubrir, pero non está dicindo cantas aínda quedan sen cubrir. Agora, señor conselleiro —vostede sábeo igual ca min—, achégase o verán, onde mentres a poboación se multiplica os profesionais sanitarios se reducen aínda máis, e vostede segue repetindo futuríbeis e promesas, pero, de momento, realidades, moi poucas.

Malia ter competencias exclusivas, dedicouse a botar balóns fóra e a non asumir as súas responsabilidades. O seu slogan favorito foi —e segue a ser— ter máis prazas MIR, e acaba de quedar desautorizado por segundo ano consecutivo, xa que son 39 vacantes este ano en medicina de familia.

O problema, señor conselleiro, non é que non haxa prazas para formar médicos, o problema é que os médicos non queren formarse aquí, porque as condicións laborais son verdadeiramente insoportábeis. *(Aplausos.)*

Outro mantra, señor conselleiro: a cobertura de prazas por concurso de méritos. Agora anuncian médicos para Ribeira por un concurso que, como moi cedo, non terá lugar antes do outono. Anuncian dous médicos en Ribeira. ¿E como van facer, señor conselleiro, para cubrir o resto dos que faltan só nesa localidade? A Barbanza, señor conselleiro, para vostede é un



número máis dentro dun bombo de lotería, que, se hai sorte, terá unha pedrea nese concurso. Pero vostede é conselleiro de Sanidade, non é un neno, e menos un neno de San Ildefonso e, polo tanto, deixe de elucubrar e díganos claramente como vai cubrir todas as vacantes que neste momento están sen cubrir na comarca. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pérez Fernández.

Para o peche da pregunta, o señor conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Señora Pérez, ten, dende logo, todo o dereito a inventar as súas propias opinións e incluso a falar dunhas prazas, de 39. Acaba de dicir hai un momentíño que temos 26 prazas MIR máis que o ano pasado no día de hoxe. Esperemos que o vindeiro día 11, con esa medida extraordinaria do Ministerio de Sanidade, poidamos ter as 65 prazas máis que Galicia ten este ano. Dende logo, é o maior incremento de prazas en todo o Estado en Medicina Familiar e Comunitaria, pese o que lles pese a vostedes. *(Aplausos.)*

Igual estaba vostede máis pendente da pedrea, efectivamente, cando falei da situación dos centros de saúde da súa comarca —un por un—, das medidas que se levaron a cabo para mellorar a situación e das que se van levar a cabo aínda. Mire, ese concurso de méritos está xa encima da mesa. Sae publicada a convocatoria o vindeiro luns, e pódense presentar os MIR que rematan neste mesmo mes de maio os seus estudos. Dígame vostede unha comunidade autónoma onde un MIR que remata en maio pode optar a unha praza en propiedade no mes de outubro. Dígame vostede onde, a ver se isto é unha lotería tamén.

Pero, ademais destas medidas específicas, temos en marcha medidas xerais de mellora das condicións laborais do persoal sanitario. En 2022 chegamos a un acordo unánime coa Mesa sectorial, co que aplicamos medidas retributivas e melloras para atención primaria para compensar o seu persoal por ese traballo extra que están a facer nesa situación de déficit de especialistas que xa comentamos; duplicamos os conceptos retributivos vencellados ao illamento e aos postos de difícil cobertura; incrementamos o prezo da intersubstitución ata chegar ao cen por cento das retribucións fixas do compañeiro ausente; igualamos as retribucións das prolongacións de xornada en primaria coas de hospitalaria; e habilitamos un sistema de repartición de pacientes no caso de vacante do médico habitual, cun máximo de 300 cartillas, cunha prestación adicional de xornada de catro horas e media á semana e unha retribución adicional de 12.000 euros ao ano para a parte proporcional. Esa medida aplicouse na súa comarca, aínda que vostede, ao mellor, non se enterou.

En marzo deste ano volvemos negociar, dentro do Plan de ordenación de recursos humanos en atención primaria, e acordamos a oferta de contratos estables de tres anos de duración para exercer en atención primaria. Poden escoller unha praza en propiedade por concurso de méritos ou un contrato de tres anos ou a posibilidade de facer prolongacións de xornada cos pacientes propios cando exista un exceso sistemático na axenda diaria do profesional. E hai un par de semanas chegamos a un novo acordo unánime coa Mesa Sectorial para medidas que recollían melloras para o persoal facultativo do Sergas, como a actualización do prezo das horas de garda —incluídos eses MIR que di vostede que son os peor tratados do Es-



tado—, a implantación dun complemento de turnicidade na atención primaria para quendas de tarde e deslizantes, establecéronse, ademais, os días 24 e 31 de decembro como días de especial significación e retribución para os profesionais de atención primaria e acordouse unha redución progresiva de 112 horas anuais na xornada laboral. Todo iso, como digo, con unanimidade na Mesa Sectorial.

Polo tanto, señoría, facemos o que nos corresponde e, dende logo, pedímoslles aos que lles toca que fagan o que tamén lles corresponde.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D^a María Encarnación Amigo Díaz e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os investimentos en reformas e en equipamentos efectuados por parte da Xunta de Galicia nos últimos anos para incrementar a capacidade asistencial e diagnóstica dos centros de atención primaria de Galicia

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Grazas, presidente.

Boas tardes, conselleiro.

A realidade que temos hoxe en Galicia é que desde o ano 2009 a Xunta construíu e reformou máis dun centro de saúde; en doce anos, fixo un investimento de máis de 120 millóns de euros en infraestruturas sanitarias de atención primaria. Agora mesmo ten catro obras en marcha —xa se dixeron aquí: Lugo, Lalín, Arnoia e O Porriño—, están adxudicadas as obras do CIS de Vigo e do centro de saúde de Moaña e a reforma do de Ordes, e están adxudicados os proxectos de novos centros de saúde en Antas de Ulla, Abegondo, A Rúa, Vilagarcía de Arousa, Boborás, Muíños ou o Centro Integral de Saúde de Ourense, así como reformas no centro de saúde da Milagrosa ou a ampliación do de Meira.

Pero máis alá destas grandes actuacións, a Consellería de Sanidade coida diariamente das infraestruturas, dos equipamentos dos centros de saúde galegos, así como da súa dotación de persoal, porén, se ben os incrementos de persoal son coñecidos a través das sucesivas creacións de prazas nas leis de orzamentos e nas contratacións efectuadas, moitas pequenas actuacións de infraestruturas ou renovación de equipamentos pasan máis desapercibidas, como O Plan galego de atención primaria 2019-2021, con máis de 8,5 millóns de euros investidos en equipamentos para os centros de saúde, que foi descualificado polos partidos da oposición como una renovación de impresoras, cando o que supuxo foi a dotación aos centros de toda Galicia de novo instrumental; un investimento para incrementar as capacidades asistenciais e diagnósticas dos centros de atención primaria.

Finalizado o plan, a Xunta non descoidou a súa atención. Son melloras que, en ocasións, se lograron en colaboración cos concellos, en casos de centros de saúde de titularidade muni-



cipal, e melloras que tamén se consideraron prioritarias; actuacións probablemente menos vistosas que outras destinadas a grandes hospitais, pero que teñen un impacto directo na saúde de milleiros de pacientes, por certo, e actuacións que agora resulta que valora o Partido Socialista.

Despois de anos escoitando aquí que isto de investir en novos centros en equipamento era gastar en formigón e impresoras e que non arranxaba os problemas da atención primaria, pois ben, este ano vimos como a gran aposta do Goberno de Sánchez para a atención primaria é, precisamente, repartir millóns para obras e equipamentos. Non é o máis urxente que lle están a pedir as comunidades autónomas, pero benvido sexa se serve non só para mellorar a atención primaria, senón tamén para desautorizar determinados discursos que temos escoitado en demasiadas ocasións a voceiros socialistas.

A nós, conselleiro, todos os investimentos nos parecen ben, pero queríamos preguntarlle que investimentos en reformas e equipamentos ten efectuados a Xunta nos últimos anos para incrementar a capacidade asistencial e diagnóstica dos centros de atención primaria en Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Sanidade

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Señora Amigo, nós por suposto que nos alegamos sempre de que se dea un paso no bo camiño; sempre defendemos que, ao mesmo tempo que coidamos as melloras nas plantillas e nas condicións do persoal, tiñamos que dotar tamén este persoal do mellor equipamento e tamén da mellor tecnoloxía e das mellores infraestruturas, porque iso tamén retén talento, evidentemente.

Polo tanto, está ben que o Goberno de España asuma ese enfoque e non desprece os equipamentos e as obras, como fai aquí o Partido Socialista, pero fáltalle coidar a parte do persoal —xa o dixemos—, porque segue bloqueando as reformas necesarias pactadas hai xa seis anos para poder formar máis especialistas en medicina de familia, pero para iso non hai moita présa.

En relación coa atención primaria, a Xunta aumentou a capacidade formativa de Galicia —xa temos 65 prazas este ano dispoñibles—, chegou a acordos sindicais unánimes de melloras para o persoal e, ao mesmo tempo, segue apostando por reforzar a súa dotación de equipamento e por renovar as súas infraestruturas. Falabamos antes das grandes obras do Plan de infraestruturas de atención primaria, pero, xunto con eses grandes proxectos, tamén atendemos as necesidades ordinarias de reparacións, de crecemento ou de organización de espazos nos centros de saúde.

Cada ano investimos arredor de dous millóns de euros nese tipo de obras menores para os centros de saúde de titularidade da Xunta, e no que vai de lexislatura tamén destinamos 1,2



millóns de euros a cofinanciar máis de trinta e cinco actuacións en centros de saúde de titularidade dos concellos galegos. Por certo, hoxe, que se falou aquí de partidismo na relación cos concellos, hai que dicir que os convenios de máis contía asignados nesta lexislatura foron para reformar os centros de saúde dos concellos gobernados, neste caso, polo Partido Socialista: Bergondo e Castro Caldelas. E o importe máis alto que se está executando agora mesmo nestes momentos é a reforma dos dous centros sanitarios do concello de Zas, gobernado polo Bloque Nacionalista Galego.

Neste ano a nosa máxima prioridade vai ser aumentar a capacidade diagnóstica dos centros de saúde. Unha das principais liñas será actualizar a capacidade de radiodiagnóstico na atención primaria, con 28 novos equipos de raios neste nivel asistencial; 17 destes 28 servirán para renovar todos aqueles equipos de máis de oito anos de antigüidade, 8 van duplicar a súa capacidade, incorporando un segundo detector —tiñan 1 e pasan a 2—, que son Concepción Arenal, en Santiago, Praza de Ferrol, en Lugo, os centros de saúde de Carballo, Lalín e Pontearreas e os PAC de Santiago, Verín e O Barco, e, finalmente outros tres novos equipos de radiodiagnóstico se incorporarán aos tres centros de saúde que teñen un espazo no que instalalos, pero que ata agora non contaban co servizo.

Polo tanto, imos facer obras de creación de salas de raios nos centros de saúde de Ortigueira, Pontedeume e Rianxo para instalar neles novos equipos e dotalos tamén do persoal técnico, por suposto, para que a veciñanza destes concellos poida realizar probas no seu centro de saúde sen desprazarse ao seu hospital de referencia.

Polo de agora, máis nada, e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Para a réplica, a señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Moitas grazas, señor conselleiro pola súa resposta, que nos aclara aquí, en sede parlamentaria, o que moitos sabemos, pero que a outros lles custa entender e interiorizar.

Para dar resposta a calquera enfermidade que se nos presente e para chegar a un diagnóstico certo canto antes, afortunadamente, hoxe temos os médicos de familia mellor formados dos últimos anos, que teñen ao seu alcance a posibilidade de poder solicitar calquera proba que crean conveniente para chegar canto antes a ese diagnóstico e así poder pautar o tratamento adecuado para frear o avance da enfermidade, previndo situacións máis graves que poidan xerar a necesidade de acudir a un servizo de urxencias ou ben a necesidade dunha hospitalización —se se puidese evitar—.

En definitiva, o diagnóstico precoz é fundamental, e para iso son imprescindibles os medios. Escoitámoslle que unha das principais liñas será actualizar a capacidade de radiodiagnóstico en atención primaria, con eses 28 novos equipos de radio neste nivel asistencial. Desde logo, é unha moi boa nova ter equipos de última xeración na atención primaria; é básico para ser máis certos.



E nesta segunda quenda queríamos que, se pode, nos aclare que outros equipamentos para mellorar o diagnóstico precoz teñen previsto incorporar á atención primaria.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da pregunta, o conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Señora Amigo, efectivamente, máis alá das obras, hai outro tipo de actuacións planificadas para este ano. Como dicía vostede, a liña deste goberno é apostar por unha atención primaria máis resolutive, e por iso ten que ter maior capacidade diagnóstica, para dous obxectivos: por unha banda, facer esa mellor prevención das enfermidades e acadar diagnósticos precoces que eviten complicacións posteriores nos pacientes, e, en segundo lugar, tamén facer un mellor seguimento dos pacientes crónicos e pluripatolóxicos, cada vez máis abundantes en Galicia, e que requiren dunha atención específica polo conxunto do equipo de atención primaria.

Máis alá desa capacidade que teñen os médicos de primaria de pedir todo o catálogo de probas dispoñibles que ten un médico de atención hospitalaria, imos seguir aumentando a capacidade e imos dotar todos os centros de saúde de Galicia —¡todos os centros!— de novos dispositivos multidiagnóstico, que van permitir, a través dunha *tablet* e con distintos complementos, realizar no mesmo aparello varias probas diagnósticas: electrocardiogramas e medicións de presión arterial para previr ou controlar problemas cardiovasculares, o control do índice nocello-brazo para previr trombos, ou espirometrías para o diagnóstico e o seguimento de patoloxías respiratorias.

Ademais diso, imos dotar todos os centros de saúde galegos que aínda non contén con el cun dispositivo de monitorización ambulatoria da presión arterial —os denominados MAPA—. O paciente levarao para a súa casa durante un ou dous días completos, fará a súa vida cotiá e iso permitirá diagnosticar a evolución da hipertensión, unha das patoloxías crónicas máis habituais en Galicia.

Todos estes dispositivos, por suposto, estarán completamente integrados co sistema de historia clínica electrónica galego; polo tanto, facilitarán e volcarán eses datos de xeito automático para que tanto o equipo de atención primaria como, se fose preciso, o equipo de atención hospitalaria poidan facer un seguimento multidisciplinar do paciente

Imos reforzar tamén o equipamento da ecografía en atención primaria. Completaremos eses ecógrafos do Plan de atención primaria —ao que vostede se refería antes— do 2019 con outros máis de 180 equipos ata chegar a que todos os servizos de atención primaria de Galicia dispoñan dun ecógrafo. Damos cumprimento así ao mandato recente deste Parlamento —por certo, non apoiado polo Bloque Nacionalista Galego, eles saberán por que—. Serán ecógrafos portátiles, dotados, ademais, de tecnoloxía de intelixencia artificial, que irán guiando o profesional para facer a mellor exploración posible.



E, por último, queremos dotar todos os equipos da realización de probas rápidas en todos os servizos de atención primaria de Galicia. Estes equipos permitirán analizar a glucosa en sangue, para vixiar a diabetes; os glóbulos vermellos, para detectar anemias; o oxíxeno en sangue, para diagnosticar e controlar, por exemplo, as enfermidades pulmonares crónicas; electrólitos como o sodio ou o potasio, para detectar, por exemplo, alteracións renais cardíacas ou neurolóxicas; e ademais as —xa coñecidas por todos— PCR, para axudar os profesionais a diferenciar entre a infeccións víricas e bacterianas agudas, co impacto que isto ten na prescrición de antibióticos.

Polo tanto, imos mellorar entre este ano e o ano que vén esa capacidade diagnóstica con máis medios materiais, máis humanos e máis infraestrutura.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D. Daniel Castro García e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a falta de persoal facultativo que afecta o Hospital da Mariña, en Burela

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Castro García.

O señor CASTRO GARCÍA: Moitas grazas, presidente.

Boa tarde, conselleiro.

En primeiro lugar, quería agradecerlle que no día de onte estivese presente no debate da ILP máis grande da historia deste país; non como o presidente, que viña de xira polas Españas e non lle tivo ese respecto a esta Cámara, como xa se acabou de demostrar.

Ben, «non hai médicos; non é un problema de cartos», a gran frase que escoitamos tantas e tantas veces. Ese é o seu principal argumento para xustificar toda a situación que hai na nosa sanidade pública: para xustificar que non se cubran baixas, para xustificar que non se cubran vacacións, para xustificar que se quiten médicos dos centros de saúde..., para xustificar todo. Pero, ¡veña!, imos aceptar o seu marco: non hai médicos e non é un problema de diñeiro; entón, entendemos, por pura lóxica, que sería importante que os que haxa, os poucos que haxa, polo menos non marchen. Eu penso que ten sentido.

Se imos ao Hospital de Burela, vemos como isto non ocorre. Vemos como enfermeiros e enfermeiras, médicos e médicas marchan do hospital. Todo comezou nun primeiro momento con moitos enfermeiros e enfermeiras e persoal de fisioterapia, que marcharon; e ademais sabemos perfectamente a onde foron, neste caso, a Asturias e a Euskadi. Cando ocorreu isto, hai un par de anos, vostedes dixeron que se debía a «motivos persoais» —literalmente, a motivos persoais—. Pero isto non quedou aí. Recentemente, isto foi a máis: un facultativo do hospital de hospitalización a domicilio a mediados de febreiro, dous facultativos de urxencias —un a finais de marzo e outro en abril—, un médico especialista en neuroloxía a finais de xaneiro e varios facultativos de medicina interna en xuño, novembro e decembro do 2022.



Entón, a min, ao ver isto, xórdeme unha dúbida: ¿marchaba toda esta xente por cuestións persoais? ¿Vívese moi mal na Mariña? —eu creo que non, que se vive moi ben—, ¿ou que ocorre á fin e ao cabo? ¿Será que, ao mellor, ten algo que ver toda a sobrecarga de traballo, o estrés e as condicións precarias que lles poñen enriba? Ao mellor, todo iso ten algo que ver.

E para iso voules ler unhas frases que dicían literalmente os traballadores e traballadoras, que aparecían na prensa: «Os facultativos sinalan a relación que existe entre a tensión intensa e duradeira no tempo cos problemas diversos de saúde, tanto físicos como mentais, tales como dificultades para durmir, irritabilidade, depresión, dermatite, problemas dixestivos, cardíacos, etc.».

Entón, tamén unha pregunta, antes da pregunta definitiva, sería: ¿considérase que esta xente mente?, ¿que os traballadores, os médicos e médicas, doutores e doutoras, enfermeiros e enfermeiras menten cando din isto e que o fan por facerlle mal ao Partido Popular? ¿Ou cal é a razón? ¿A xente marcha do Hospital da Mariña en busca de aventuras ou marcha fuxindo das políticas do Partido Popular?

Por iso, xa máis directamente lle pregunto: ¿cal vai ser a solución que vai poñer o Goberno da Xunta, o Goberno do PP, para frear a fuga constante de persoal do Hospital de Burela?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Castro.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Señor Castro, a verdade é que cada vez que trae unha pregunta sobre o Hospital da Mariña a este Parlamento nunca nos poñemos de acordo, e isto teremos que velo con calma. Pero o máis curioso é a visión totalmente distinta que temos da realidade. Na última pregunta que me realizou falaba dunha constante redución de servizos no distrito sanitario da Mariña e no seu hospital, pero demostréille que non dicía a verdade, que os servizos do hospital se reforzaron e que os centros de saúde contaban con novos médicos.

Cando lin o que pon a súa iniciativa, non puideron evitar que me viñese á mente a pregunta que lle fixo o señor Corgos, baseándose nun informe desactualizado. A verdade é que isto de presentar preguntas de oídas pode resultar unha práctica parlamentaria algo temeraria pola súa parte, señor Castro, porque dicir que os profesionais de Medicina Interna do Hospital da Mariña foxen de maneira continua, cando estes traballadores simplemente se atopan de baixa, pois resulta, cando menos, unha imprudencia. Pode ser que na súa cabeza soe a espectacular, pero faga o favor e non falte á verdade.

O cadro de persoal de Medicina Interna do Hospital da Mariña é de dez internistas, xa que no último proceso de oposición e de reestruturación se dotou o servizo de dúas prazas máis. Unido a isto, na última OPE que se resolveu, catro internistas elixeron traballar no Hospital da Mariña. Desafortunadamente, deses dez profesionais sanitarios, tres están de baixa por enfermidade



común, unha por embarazo e un quinto se atopa en excedencia por coidado de maiores. Polo que reitero que ningún internista do cadro de persoal marchou do centro, ¡ningún!

Para resolver esta situación ofertamos contratos de longa duración para cubrir estas prazas, pero non puidemos cubrilas, porque ningún internista quixo ir traballar a este hospital. Malia isto, a atención continuada está garantida, con gardas dos distintos profesionais dos servizos médicos e co establecemento dun reforzo de garda da área médica, de 15.00 a 22.00 horas, con facultativos que se desprazan dende o HULA; cousa, por certo, que non sería posible se os centros non se atopasen, neste caso, nunha mesma área sanitaria, como parece que lles gustaría a vostedes.

Respecto do servizo de Hado, o facultativo que ocupa este posto decidiu trasladarse a Asturias cun contrato coas mesmas condicións, por certo, pero que está máis próximo ao seu domicilio. E no caso dos facultativos de Urxencias, estes accederon a contratos con peores condicións —cónstanos— que as que tiñan no Hospital da Mariña, pero que lles permiten exercer en Asturias, lugar onde residían.

En relación co facultativo de neuroloxía, este accedeu a un contrato no HULA que lle correspondía por lista. Nós utilizamos listas de contratación con igualdade de mérito e capacidade. Foi a unha praza no HULA, e a vacante da Mariña foi cuberta por unha interinidade. Hai un neurólogo traballando na Mariña.

Polo tanto, señor Castro, como comprenderá, cadaquén pondera as distintas circunstancias laborais e profesionais como considera oportuno. E, repito, en ningún caso, estes cambios sucedidos no Hospital da Mariña son unha fuga, e moito menos traslados provocados polas malas condicións laborais.

De momento, máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Para a réplica, o señor Castro.

O señor CASTRO GARCÍA: Grazas de novo, presidente.

Dixo vostede mesmo, conselleiro: o total do plantel é de dez. Hoxe mesmo, pola mañá, en Burela, había tres profesionais. Se considera que iso é normal, que nun día normal haxa tres internistas dun total de dez, pois veña aquí e explíquenolo. Ademais, estase a burlar de todos os profesionais; dan razóns para xustificar que non marcharon. É dicir, toda a xente se vai por casualidade a outros centros hospitalarios.

Ademais, cando fan cousas ben, nós dicímolos sen ningún problema. A nós parécenos marabilloso que haxa reformas no hospital de Burela, que haxa ampliacións; o problema que hai é que con esas ampliacións o plantel do hospital non medra conforme esas ampliacións. Por algo dicimos: «máis cemento, pero sen persoas» claramente. Despois de dicirlle iso de que hoxe só había tres de dez, preguntolle se menten tamén os profesionais cando din que están



a duplicar e a triplicar as cifras recomendadas pola Sociedade Española de Medicina Interna, que fala de oito pacientes por facultativo ao día en hospitalización. Menten tamén, ao final. Ao mellor, téñenlle un odio visceral ao Partido Popular e fan todo o posible por facerlle mal, coma sempre.

E, ¿como reaccionan? Máis ou menos o dixo vostede: con parches. Reclamouse que non podía ser que nas gardas, desde as tres da tarde ata as oito da mañá houbera soamente un internista no hospital, e o que fixeron foi pagarlles os taxis a médicos de Lugo para que viñesen, pero só de luns a venres e só de tres da tarde a nove da noite, e se non hai festivo, porque se hai festivo non veñen, como xa se viu.

Eu non sei en que mundo viven, se viven nunha realidade paralela, se viven na realidade paralela na que 50.000 sinaturas é unha cousiña menor, se viven nunha realidade paralela na que encher a praza do Obradoiro, manifestándose en contra das súas políticas, é unha cousa menor... Pero, ao final, xa se ve que si viven nesa realidade paralela onde xogar a conducir un fórmula un é algo normal.

Ata logo. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Castro.

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

¡Silencio, por favor!

Peche do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Señor Castro, como lle comentei na miña primeira intervención, a atención sanitaria está garantida no Hospital da Mariña, e mentres os profesionais sanitarios non se incorporen ao seu posto de traballo, continuaremos buscando facultativos para cubrir estes postos, xa sexa pagándolles un taxi dende Lugo ou con calquera outra solución que estea na nosa man. Reincorporaranse ao seu traballo cando a súa saúde llelo permita, e, mentres tanto, os que merecen o respecto son eles, e non ser empregados como arma política, e mentindo, ademais, sobre a súa situación. (*Aplausos.*)

Pola nosa banda, sempre traballamos para fortalecer e dotar de máis servizos os hospitais comarcais, porque somos conscientes do valor e da importancia que teñen na nosa sanidade pública os sete hospitais comarcais, e este en particular. Por poñer un exemplo, dende o ano 2014 o Hospital da Mariña presta un servizo de oncohematoloxía que evitou que preto de tres mil pacientes tivesen que desprazarse diariamente a Lugo para recibir un tratamento tan complexo como a quimioterapia. Pero se lles parece insuficiente, tamén lles digo que aprobamos unha lei que nos habilita a convocar prazas mediante concurso de méritos para as especialidades dos hospitais comarcais. Na convocatoria deste ano vinte prazas de facultativo de diferentes especialidades van ir ao Hospital da Mariña, como, por exemplo, catro prazas de medicina interna, dúas prazas de xinecoloxía, dúas prazas de pediatría, dúas pra-



zas de médicos de urxencias e unha praza de alergoloxía, cardioloxía, cirurxía xeral e dixestiva, hematoloxía, nefroloxía, neuroloxía, psiquiatría, radiodiagnóstico, traumatoloxía e uroloxía. *(Aplausos.)*

Son prazas ás que, igual que as que dixen antes, se poden presentar os MIR que rematan en maio deste ano —para optar a esas prazas en propiedade— por concurso de méritos. Así que cando volva a casa pódelles dicir aos seus veciños que, ademais das sete prazas de médicos de familia que se cubriron na Mariña por concurso de méritos, este ano ofértanse vinte prazas máis no Hospital da Mariña por esa mesma modalidade.

Pero aproveito tamén para lembrarlles aos seus veciños que isto non foi grazas ao BNG, porque sempre que se trouxeron a esta Cámara medidas para mellorar a atención primaria ou a dos hospitais comarcais o BNG votou en contra.

Para ir rematando, señor Castro, lémbrolle que o pasado xoves modificamos as bases do concurso de traslados aberto e permanente para permitir que os servizos prestados nos hospitais dos distritos sanitarios de Cee, A Mariña, Monforte de Lemos, Verín e o Barco de Valdeorras conten o triplo nese concurso de traslados. Polo tanto, non creo que ningún outro goberno puxese en marcha tantas medidas para fortalecer os hospitais comarcais como levamos feito nós. Vostedes non queren ser parte da solución, senón ser parte do problema, posiblemente porque pensan que, canto peor vaia este problema, máis os vai beneficiar electoralmente. Téñano en conta, non vaia ser que os galegos empecen a percibir que o BNG está xa xogando con eles.

Máis nada.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Remata aquí o pleno.

E exprésolles o desexo de que a campaña que comeza mañá transcorra sen incidencias.

Moitas grazas.



Remata a sesión ás seis e dous minutos da tarde.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Aira Díaz, María del Carmen	(BNG)	39. Pardo López, Adrián	(P)
2. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	40. Pazos Couñago, José Alberto	(P)
3. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	41. Pérez Domínguez, Fernando	(P)
4. Arangüena Fernández, Pablo	(S)	42. Pérez Fernández, Rosana	(BNG)
5. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	43. Pérez López, Daniel	(BNG)
6. Armada Pérez, José Antonio	(P)	44. Pérez López, Noelia	(P)
7. Balseiro Orol, José Manuel	(P)	45. Pomar Tojo, Carmen María	(P)
8. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	46. Pontón Mondelo, Ana	(BNG)
9. Caballero Miguez, Gonzalo	(S)	47. Porro Martínez, María Corina	(P)
10. Cachafeiro Anta, Belén	(P)	48. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
11. Calvo Pouso, Diego	(P)	49. Prado del Río, Paula	(P)
12. Candia López, María Elena	(P)	50. Prado Patiño Jesús Miguel	(P)
13. Carballo Páez, Ramón	(P)	51. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
14. Carreira Pazos, Iria	(BNG)	52. Puy Fraga, Pedro	(P)
15. Castro García, Daniel	(BNG)	53. Queixas Zas, Mercedes	(BNG)
16. Castro Rey, Paloma	(S)	54. Rey Varela, José Manuel	(P)
17. Conde López, Francisco José	(P)	55. Ríos Santomé, Paulo	(BNG)
18. Díaz Mouteira, María Sol	(P)	56. Rivas Cruz, Xosé Luís	(BNG)
19. Díaz Varela, Noa Susana	(S)	57. Rodeiro Tato, Ovidio	(P)
20. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	58. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
21. Fernández Alfonzo, Ramón	(BNG)	59. Rodríguez Carrera, María Felisa	(P)
22. Fernández Gómez, Alexandra	(BNG)	60. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	(S)
23. Ferro Iglesias, José Luis	(P)	61. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
24. Freire Vázquez, María Begoña	(P)	62. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
25. Gallego Sanromán, María Leticia	(S)	63. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
26. García Vidal, Ana Belén	(P)	64. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
27. Gómez Salgado, Carlos	(P)	65. Salido Maroño, María Belén	(P)
28. González Albert, María	(BNG)	66. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
29. González Iglesias, María do Carme	(BNG)	67. Santos Costa, Manuel	(P)
30. López Sánchez, Rosalía	(P)	68. Sanz Arias, Cristina	(P)
31. Lourenzo Sobral, Manuel Antonio	(BNG)	69. Seco García, Martín	(S)
32. Lorenzo Gómez, Rubén	(P)	70. Suárez Sarmiento, María Elena	(P)
33. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	71. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	(BNG)
34. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	72. Torrado Quintela, Julio	(S)
35. Ojea Arias, Eduardo	(S)	73. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
36. Ortega Otero, Marina	(S)	74. Vega Pérez, Daniel	(P)
37. Otero Lago, Noelia	(S)	75. Verea Fraiz, Borja	(P)
38. Otero Rodríguez, Patricia	(S)		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

